Sobre as razóns do cambio de criterios á hora de mercar os novos vehículos oficiais do Goberno galego



- 18848 (12/POP-002910)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao prazo para a presentación do Plan de fomento da lectura

- 18855 (12/POP-002911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 más

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego co fin de rebaixar as listas de agarda para consultas no Hospital do Salnés

- 18858 (12/POP-002912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o criterio da Xunta de Galicia en relación coa asunción dos custos das unidades municipais de atención a drogodependentes namentres non se integren no Servizo Galego de Saúde

- 18864 (12/POP-002913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 más

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da consideración do Marco de Acción Prioritaria para a ampliación da Rede Natura 2000 como condición do novo Plan sectorial eólico de Galicia

- 18870 (12/POP-002914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 más

Sobre a participación pública temperá de todos os sectores implicados no proceso de elaboración do Plan sectorial eólico de Galicia

- 18879 (12/POP-002915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 más

Sobre os compromisos que está disposto a adoptar o Goberno galego en relación co establecemento de medidas de fomento e de incentivos nas repotenciacións obrigatorias de parques eólicos

- 18880 (12/POP-002916)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 más

Sobre as medidas que prevé levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de frear decisións gravosas para a frota galega da anguía

- 18891 (12/POP-002917)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 2 más



Sobre os plans previstos polo Goberno galego relacionados coa habilitación de axudas destinadas ás explotacións gandeiras afectadas polo temporal Kirk

- 18902 (12/POP-002918)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 más

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego co fin de consensuar co sector a elaboración dos plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia 2025-2027

- 18907 (12/POP-002919)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en materia de redución das listas de espera hospitalarias, nomeadamente no referido á contratación de persoal

- 18915 (12/POP-002920)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 más

Sobre o nivel de execución dos programas 322A, 323A e 323B dos orzamentos, relacionados coa formación para a mellora da empregabilidade

- 18919 (12/POP-002921)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre o número de pacientes que están actualmente nunha lista de espera non estrutural no sistema sanitario público galego

- 18926 (12/POP-002922)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 más

Sobre as causas da aparición o 30 de xaneiro deste ano dun importante número de polbos mortos de pequeno tamaño nas praias de Porto do Son

- 18930 (12/POP-002923)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 más

Sobre a situación laboral do persoal das residencias de maiores do sector privado

- 18939 (12/POP-002924)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de darles carácter preferente aos montes protectores nos futuros contratos de xestión pública

- 18945 (12/POP-002925)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 más

Sobre as demandas do persoal da residencia de maiores de Caranza, en Ferrol

- 18950 (12/POP-002926)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para manter aberta a campaña nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa tendo en conta os seus niveis actuais de produtivididade

- 18958 (12/POP-002927)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 más

Sobre o número de granxas avícolas das diferentes tipoloxías, ben de ovos, ben de carne, existentes en Galicia e que, polo tanto, son obxecto de interese potencial para o sistema de vixilancia da influenza aviaria

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 18773 (12/PUP-000073)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 más

Sobre as primeiras implicacións que está a ter o Plan FPGal360 para a consecución dos seus obxectivos

- 19121 (12/PUP-000074)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Campero Dorado, Cristina e 8 más

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das medidas incluídas no borrador do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos públicos de saúde

- 19136 (12/PUP-000080)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 más

Sobre o impacto para os autónomos e as pemes de Galicia producido polo feito de que o Goberno de España non efectuase a transposición da Directiva europea 220/285, que introduce o réxime do IVE franquiado

- 19168 (12/PUP-000075)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 más

Sobre a situación da transferencia do Goberno central á Xunta de Galicia dos recursos e medios materiais e persoais para facer efectiva a Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia



- 19193 (12/PUP-000076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co sistema de atención á dependencia en Galicia

- 19203 (12/PUP-000077)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 10 más

Sobre as accións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para reducir a lista de agarda na valoración da dependencia

- 19209 (12/PUP-000078)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 7 más

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da actuación do Goberno central no relativo á actuación das entregas á conta do sistema de financiamento autonómico

- 19218 (12/PUP-000079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para o mantemento e a protección das pailozas de Piornedo, no concello de Cervantes

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 19219 (12/POPX-000031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre os problemas de acceso aos dereitos en Galicia, especialmente por parte das poboacións con maiores dificultades

- 19220 (12/POPX-000032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a postura do Goberno galego ante a tramitación do proxecto de Altri

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1^a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do presidente da Xunta de Galiza** para dar conta das irregularidades na tramitación do proxecto de Altri e do trato de favor a esta empresa.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/02/2025 17:01:05

Luis Bará Torres na data 03/02/2025 17:01:16

José Manuel Golpe Acuña na data 03/02/2025 17:01:24

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/02/2025 17:01:29

Óscar Insua Lema na data 03/02/2025 17:01:37

Mercedes Queixas Zas na data 03/02/2025 17:01:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 03/02/2025 17:01:52

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2025 17:02:01

Iria Taibo Corsanego na data 03/02/2025 17:02:09

Daniel Pérez López na data 03/02/2025 17:02:19

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2025 17:02:28

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/02/2025 17:02:37

Daniel Castro García na data 03/02/2025 17:02:49

Iago Suárez Fernández na data 03/02/2025 17:02:57

Noa Presas Bergantiños na data 03/02/2025 17:03:08

Sonia Vidal Lamas na data 03/02/2025 17:03:21

Secundino Fernández Fernández na data 03/02/2025 17:03:28

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/02/2025 17:03:34

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2025 17:03:40

Alexandra Fernández Gómez na data 03/02/2025 17:03:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 03/02/2025 17:03:58

Carmela González Iglesias na data 03/02/2025 17:04:04

Cristina Fernández Davila na data 03/02/2025 17:04:12

Paulo Ríos Santomé na data 03/02/2025 17:04:19

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/02/2025 17:05:42

Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, para informar sobre ***as actuacións postas en marcha polo seu departamento en materia de vivenda.***

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 20:33:53





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 04/02/2025 09:30:00

Nº Rexistro: 19229

Data envío: 03/02/2025 20:33:28,593

03/02/2025 20:33

Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos- do director xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, ***para dar conta da aprobación do II Plan Integrado de Enerxía e Clima.***

Santiago de Compostela,

A Directora xeral de Relacións Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REPORTE_XERAL_DE_RELACIONES_PARLAMENTARIAS_03/02/2025_09:30:00
Verificado: CVE-PREREPAR: 9d5a2506-20d4-b864-5303-a9b5edb3fb30
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitesCSV>



63863

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
03/02/2025 20:33:24

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 20:33:28



Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos- do director do Instituto de Estudos do Territorio, ***para presentar a Estratexia de Infraestrutura Verde.***

Santiago de Compostela,

A Directora xeral de Relacións Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 20:33:34



Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos- da directora xeral de Patrimonio Natural, **para dar conta da presentación de axudas convocadas para 2025.**

Santiago de Compostela,

A Directora xeral de Relacións Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 20:33:40



Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos- do presidente de Sogama, ***para dar conta da construcción planta textil.***

Santiago de Compostela,

A Directora xeral de Relacións Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 20:33:47



Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos- do director de Augas de Galicia, **para dar conta da presentación Escola da Auga.**

Santiago de Compostela,

A Directora xeral de Relacións Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 20:33:59





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 19235
Data envío: 03/02/2025 20:34:06,984
Data U3/UZ/ZUZO ZU:34

Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos- da directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, **para dar conta da presentación de axudas convocadas relativas á xestión de residuos.**

Santiago de Compostela,

A Directora xeral de Relacións Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REPORTE_M2025-9
Verificado: CVE-PREPARE: 4f1c03e9-6f82-5d21-d437-68ad02e9c1c4
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tarjetasCSV



63873

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
03/02/2025 20:34:03

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 20:34:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás reestruturacións orzamentarias que vai levar a cabo o goberno galego ante a perda de recursos económicos de distinta índole por mor da derogación do *Real Decreto-lei 9/2024, do 23 de decembro*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos da Xunta de Galiza teñen, ao longo do seu ano de vixencia, distintas modificaciós e axustes para se adaptar ás circunstancias. Este procedemento, que é legal, ten sido obxecto de críticas por parte da oposición e por parte do Consello de Contas polo abuso que o goberno fai del, facendo que o orzamento diste moito do que se aproba e coñece inicialmente.

Un dos elementos que pode condicionar a modificación dos orzamentos é o incremento ou a baixada de recursos e recentemente, o pasado 22 de xaneiro de 2025, o Congreso das e dos deputados celebraba un pleno extraordinario no foi derrogado con 177 votos en contra, 171 a favor e unha abstención o Real Decreto-lei 9/2024, do 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia económica, tributaria, de transporte, e de Seguridade Social, e se prorrogan determinadas medidas para fazer frente a situacións de vulnerabilidade social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Froito desa decisión política, se Galiza xa arrastraba un enorme problema de financiamento dos seus servizos públicos esenciais por dun sistema de financiamento inxusto, centralista, insuficiente e caducado desde o 2014, agora vai ter que enfrentar a necesidade de facer axustes para soportar a carga económica que supón para as contas galegas a derogación deste decreto. Así, Galiza perde máis de 700 millóns de euros pendentes das entregas a conta, mais non só. Cómpre ter en conta que entre as medidas derogadas estaban, por exemplo, os mecanismos de axuda para a mobilidade, que suporían para Galiza máis de 17 millóns de euros para bonificacións ao transporte público por estrada, de competencia galega, e case 8 millóns para o transporte público competencia dos concellos.

A perda destes recursos, a comezar polos destinados ao transporte que a Xunta anunciou que vai manter, vai supoñer cambios orzamentarios, tanto a través de modificacións como da necesidade de incorrer en préstamos ou axustes dunha débeda que ocupa xa unha parte importante do orzamento galego pola mala xestión do Partido Popular.

É preciso polo tanto que o goberno galego sexa claro e transparente sobre as medidas que vai impulsar para enfrentar esta situación, aclarando de onde vai detraer os recursos e como vai prexudicar as finanzas galegas. Máis aínda nun contexto no que están a finalizar distintos fondos extraordinarios europeos e no que se impuxo de novo o marco de déficit, que limita o noso autogoberno económico e financeiro.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas de cambios orzamentarios que vai impulsar o goberno galego para asumir a grave baixada de financiamento que supón para as nosas contas a derogación do Real Decreto-lei 9/2024, do 23 de decembro?

De onde vai detraer o goberno galego os recursos necesarios para manter as bonificacións que finanziaba o Estado en materia de transporte de competencia galega?

Vai o goberno galego axudar economicamente aos concellos do noso país afectados pola perda de financiamento das súas bonificacións de transporte? A través de que medidas?

Vai incorrer o goberno galego en préstamos para facer fronte á falta de pagamento das entregas a conta?

Asume o goberno galego que con outro modelo de relación económica co Estado non teríamos este problema?

Como vai afectar esta situación á xestión e reestruturación da débeda galega?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2025 10:46:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2025 10:48:33

Óscar Insua Lema na data 24/01/2025 10:49:44

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/01/2025 10:50:07

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2025 10:50:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Ariadna Fernández González e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a formación dos pais e nais do alumnado sobre o control parental no uso das redes sociais e novas tecnoloxías.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os perigos das redes sociais son recoñecidos polos xigantes tecnolóxicos que as crearon e as manteñen vixentes. Son coñecedores das nefastas consecuencias que un uso indebido pode ocasionar en calquera país avanzado, malia a isto, as redes sociais serviron para abrir a porta a unha serie de perigos que ninguén sospeitaba hai poucas décadas.

Como sociedade correspónenos a cada unha de nós coñecer os perigos das redes sociais, saber como evitalos e como minimizar o dano que pode achegar á nosa vida. Pero igual acontece cos nenos e nenas e adolescentes que son as nosas fillas e fillos co uso cada vez máis cotiá e estendido das novas tecnoloxías e redes sociais.

Para poder protexernos e protexer aos máis pequenos/as, en primeiro lugar debemos ser conscientes da ameaza que pode supoñer un uso indebido das TIC, das súas consecuencias e de como poder xestionar un control parental do mesmo para tomar as medidas de seguridade precisas. Para as familias, pais e nais, supón un esforzo importante que vai necesitar da información, formación e apoio permanente de profesionais cualificados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un obxectivo básico para as Escolas de Pais e Nais debe ser facilitar todas as ferramentas necesarias ás familias para poder exercer ese control parental que lles permita coñecer a actividade das máis pequenas nas redes e internet, de tal xeito que poidan adiantarse a posibles perigos, acosos, estafas, etc. nas que poidan atoparse.

As familias deben coñecer que as consecuencias deste mal uso das novas tecnoloxías pode ir dende problemas de saúde mental e físicas, ansiedade, baixa autoestima, falsa burbuilla de contidos aditivos, exposición pública ou acoso.

É fundamental que protexamos ás menores, porque son especialmente vulnerables a cuestións de seguridade. Saber como poñer límites á publicación de fotos, rutinas e hábitos diarios tendo en conta que as súas accións no mundo virtual poden ter graves consecuencias no mundo real.

Protexer aos nenos/as ensinándolles a utilizar as redes sociais para que poidan gozar das vantaxes que ofrecen, sen sufrir o seu lado máis escuro e perigoso.

Pero estas escolas son impulsadas, na maioría dos casos, polas ANPAs dos centros educativos ou ben polos concellos, e non en todas as vilas e cidades existe esta posibilidade de apoio e formación ás nais e pais, polo que debe ser un recurso que implemente a Xunta de Galiza a través da Consellería de Educación ou a Consellería de Política Social para conseguir avanzar na eliminación deste problema cada vez máis preocupante para as familias, detectando, en coordinación cos centros, aqueles casos en que as propias familias non o fixeron.

No propio Pleno da Infancia e Adolescencia na Campaña Mundial pola Educación, celebrado o pasado ano no Parlamento de Galiza, as persoas participantes, nenas, nenos e adolescentes, advertían dos riscos que a maioría deles/as corrían e da posible solución a través de facilitar a información necesaria nas Escolas de Pais e Nais, advertindo da súa escasa existencia na maioría dos concellos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpelación:

Que medidas vai tomar o Goberno Galego para proporcionar a todas as familias galegas a posibilidade de asistir a unha Escola de Pais e Nais xestionada dende a Consellería de Educación ou Consellería de Política Social, coa finalidade de informar, formar, facer seguimento e dar apoio sobre os perigos do uso por parte do alumnado galego das novas tecnoloxías e redes socias, co obxectivo de previr problemas de seguridade das persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 27/01/2025 09:58:13

Ariadna Fernández González na data 27/01/2025 09:58:43

Daniel Castro García na data 27/01/2025 09:58:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a financiación dos concellos a cargo do canon eólico e para modificar a orde reguladora e convocatoria das axudas do Fondo de Compensación Ambiental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, que regula o aproveitamento eólico en Galicia, tamén creou o chamado canon eólico, un tributo galego para gravar a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aeroxeradores afectos á producción de enerxía eléctrica e situados en Galiza. Os ingresos recadados xestionaríanse polo Fondo de Compensación Ambiental, co único fin de contribuír a regular e preservar o medio ambiente na súa consideración de ben protexido.

A propia lei no seu artigo 9 establece que “os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, destinaranse a conservación, reposición e restauración do medio ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das que serán principais beneficiarios os municipios afectados pola implantación de parques eólicos e polas instalacións de evacuación destes”.

Pois ben, dende a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galiza foi aprobando anualmente a orde pertinente que regula os criterios de repartición e pola cal se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental destinadas a entidades locais de Galiza.

Dende o ano 2010, estas ordes foron cambiando os criterios de reparto dos ingresos asignados ao fin para o cal se creou o canon e as bases reguladoras das convocatorias destas axudas, ao igual que cambiou a recadación do canon, que foi minguando debido ás repotenciacións dos parques e ao inmobilismo da Xunta para modificar a base imoñible do canon, que consistía ata hai escasos meses, na suma das unidades de aeroxeradores existentes nun parque eólico.

É certo que a propia lei, no artigo 25, regulando o destino dos ingresos recadados, blindaba o 50% dos recursos anuais para a axudas aos concellos, co obxectivo de destinalos preferentemente á realización de gastos de investimento nos entes locais cuxo termo municipal se atopase dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e, igualmente, dos afectados polas correspondentes instalaciones de conexión, e en concreto a actuacións de investimento de naturaleza productiva e xeradora de emprego, especialmente as siguientes:

- a) Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e a recuperación do medio natural degradado ou contaminado.
- b) Actuacións de impulso da eficiencia e utilización sostible das enerxías renovables.

Namentres, o restante 50% dos ingresos recadados pola administración, ían á Administración autonómica para financiar actuacións que tiveran como obxectivo a protección do medio ambiente e da contorna natural e o fomento da investigación que conduxeran á mellora da eficiencia no aproveitamento dos recursos das enerxías





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

renovables e da sustentabilidade dos sistemas naturais que os soportan, mantendo os seus valores e impulsando a súa utilización recreativa e educativa.

A continuación, unha mostra comparativa dos datos relativos ao Fondo de Compensación Ambiental (FCA) segundo a información obtida das ordes que regulaban cada ano as axudas do FCA, neste caso a primeira en saír do ano 2010 e a última correspondente ao ano 2024.

CADRO COMPARATIVO DAS ORDES PARA OS ANOS 2010 E 2024

	RECADACIÓN TOTAL DO CANON	ASIGNACIÓN TOTAL DO FCA	ASIGNACIÓN Á LIÑA DE CONCORRENCEA NON COMPETITIVA	ASIGNACIÓN Á LIÑA EN CONCORRENCEA COMPETITIVA	ASIGNACIÓN Á XUNTA (DXAD E DXEI)
ANO 2010	22.645.400,00	11.209.275,00	7.797.077,40	3.412.197,60	0,00
ANO 2024	22.450.000,00	11.111.900,00	6.007.596,00	1.576.869,00	3.527.435,00

Destes datos podemos extraer algunas conclusións:

1ª- O Canon recada cada vez menos, e debido ás últimas repotenciacións aprobadas, no futuro recadará aínda menos, en parte pola nova base imoñible, producto da última modificación da lei.

2ª- A reducción paulatina da asignación fixa e non competitiva para os concellos que contaban con parques eólicos ou liñas eléctricas e instalacións dos mesmos.

3ª -A reducción paulatina e drástica da asignación á liña de concorrenza competitiva, á que podían optar todos os concellos galegos, con ou sen parques eólicos. A pesar de que na última convocatoria, modificouse a orde e aumentaron esta partida, ata os 3.224.264,78 €.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4ª -O incremento dos fondos destinados á Administración Galega, en detrimento dos concellos, con destino á Dirección Xeral da Administración Local e á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior , neste último caso para destinala aos Consorcios provinciais contra incendios, segundo dispón á Orde reguladora.

Ao goberno da Xunta non lles chegaba o 50% da recadación do Canon eólico, senon que foron co paso dos anos, absorvendo máis fondos dos que se destinaban inicialmente aos concellos, para destinalos a servizos de competencia exclusiva da Xunta que xestionan directamente ou que veñen delegando ou derivando ás entidades locais. Unha forma, por activa ou por pasiva, de condicionar uns fondos que deberan ser xestionados directamente polos concellos, sen ningunha condición máis, que destinalos á reducir o impacto ambiental e mellorar as condicións ambientais de vida de quen padece a convivencia cos parques eólicos, para evitar o despoboamento dos lugares próximos a eles.

Estamos pois ante unha financiación totalmente finalista, pois na última orde reguladora publicada no DOG do 24 de xaneiro de 2024, o artigo 4 encárgase de determinar os gastos subvencionables, e os criterios e obxectivos das actuacións a realizar. Sorprende que a Xunta non inclúa actuacións subvencionables destinadas á loita contra os incendios, como poden ser depósitos de auga contraincendios, namentres que a mesma Xunta si destina parte dos ingresos do Canon para financiar actuacións na loita contra os lumes, como fai os consorcios provinciais contra incendios.

Estas ordes deberan elaborarse atendendo a outros criterios de reparto dos ingresos recadados, e tamén atendendo ás necesidades que plantean moitos concellos, respecto da tramitación da convocatoria das axudas. Un exemplo é o escaso intervalo de tempo co que contan os concellos para executar os proxectos subvencionados, namentres que a Xunta conta con catro meses para resolver as axudas, os concellos non teñen nin cinco meses para licitar, cando procede, os contratos e executalos. Os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concellos atópanse con problemas de financiación para iniciar a execución dos proxectos antes de que llos aproben na DXAL, teñen que esperar a súa aprobación para xerar o crédito orzamentario, contan con pouco personal para tramitar e licitar os contratos, o mercado non da abasto para executar obras ao mesmo tempo obrigándoos a esperar, e o tempo climático, non sempre é favorable para acometer determinadas obras no exterior, tendo en conta que o prazo para executalos é o 31 de outubro, e tanto setembro como outubro, son meses nos que pode chegar a chover moito. Esta circunstancia provoca que existan concellos que se enfrentan ano tras ano a mermas nas axudas concedidas, por imposibilidade de xustificar en prazo a finalización das actuacións e ter que devolver parte dos fondos ou perder parte das axudas concedidas. Tendo en conta, que as partidas económicas destinados a estas axudas son fondos propios da Administración Galega, sería necesario:

-Que os importes máximos asignados a cada concello ata o momento na liña de concorrencia non competitiva, se transferiran a cada un deles, a través do Fondo de Cooperación Local, aumentando a financiación local incondicionada e garantindo a autonomía municipal.

Para a liña de axudas en concorrencia competitiva, se adoptaran as seguintes medidas:

-Publicar antes do 1 de xaneiro de cada ano natural a orde de convocatoria das axudas

-Resovelas no prazo máximo de 2 meses.

-Ampliar o período de xustificación da execución das actuacións como mínimo ata o 30 de novembro de cada ano natural.

- Ou como mellor alternativa, aprobar a liña de axudas con carácter plurianual, o que facilitaría en gran medida a previsión dos concellos para acometer as actuacións, as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cales poderían ser de maior envergadura, alcance, e transcendencia para cumplir obxectivos que precisan de maior investimento económico, sen estar limitados sempre polas cantidades anuais. As partidas do FCA non mudaron moito os últimos anos, polo que coa autorización do Consello da Xunta, podería darse carácter plurianual a liña de axudas con concorrencia competitiva.

Por todo o exposto formulase a seguinte interpelación:

- Cal é o motivo que impide que se poidan transferir directamente os importes recadados co canon eólico aos concellos que teñan parques eólicos ou instalacións anexas, para que os destinen á conservación, reposición e restauración do medio ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial?
- Ten intención o goberno galego de modificar a Lei 8/2009 que regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, para incrementar o importe destinado aos concellos ata o 75% da cantidade recadada polo canon?
- Por que a Consellería de Presidencia acabou entrando no reparto do importe do 50% destinado aos concellos, a través da asignación á Dirección Xeral de Administración Local e á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior? Non lles chegaba o outro 50% da recadación do fondo (11.111.900,00 €)?
- Como inviste o goberno galego os 11.111.900,00 € restantes do FCA? Son destinados todos a reducir o impacto ambiental da instalación de parques eólicos en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é a razón pola que non se publica o 1 de xaneiro, ou antes, a orde que establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas do Fondo de Compensación Ambiental, para gañar tempo no prazo de execución das actuacións subvencionadas?

- Por que non se inclúen dentro da relación de actuacións subvencionables as destinadas a loitar contra os incendios, como depósitos de auga nos montes galegos?

- Considera suficiente o goberno galego o prazo habilitado ata o momento nas ordes reguladoras das axudas do FCA para executar as actuacións e xustificalas?

- Vai a Consellería de Presidencia a ter en conta algunha destas recomendacións dos concellos para repartir o importe recadado polo canon eólico?

-Vai a estudar o goberno galego a posibilidade darlle carácter plurianual ás axudas do Fondo de Compensación Medioambiental?

- Que tipo de actuacións subvencionables vai a propoñer a Consellería para diminuir o impacto ambiental dos novos aeroxeradores que sobrepasan os 190 metros de altura?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Luis Bará Torres
Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 27/01/2025 12:25:51

José Manuel Golpe Acuña na data 27/01/2025 12:27:01

Luis Bará Torres na data 27/01/2025 12:27:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a redución da xornada lectiva nas escolas infantís.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través da resolución do 10 de xaneiro de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidades acordouse, cunha parte das organizacións sindicais, a redución do horario lectivo do persoal docente que imparte ensinanzas en educación infantil, abordando unha xornada laboral de 35 horas no canto das 37,5 horas que se viñan dando ate agora. Foi nesa resolución na que se permitía que, dende a xerencia do Consorcio puideran autorizarse tempos para reunións dentro do horario de apertura das escolas infantís Galiña Azul, que representan 145 centros no noso país.

Xa naquel momento, o sindicato maioritario, avisaba de que a medida non era proveitosa para os traballadores/as, xa que as horas que adicaban á programación e preparación das aulas desaparecían, sen quedar tempo para reunións entre equipas ou para titorías, por exemplo. Tampouco a consideraban unha medida que favorecería ás familias e a súa capacidade de conciliación xa que, coma se acaba de dar a coñecer, estas horas que se adicarán ás tarefas educativas necesarias das escolas irán en detrimento do horario de apertura establecido. Desta maneira, ademais de reducir os tempos que as equipas educativas adican a estas funcións, pasando a ser 6 horas anuais para levar a cabo a programación de 11 meses de escolarización infantil, repartidas en 3 días durante o curso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora, as propias escolas infantís deberán indicarlle á Xunta de Galiza que días de xaneiro/ febreiro, marzo e xuño reducirán a xornada de atención ás crianzas, pechando a partires do mediodía para poder reunirse de 14.00 a 16.00 horas, de xeito que as familias quedarán sen servizo de conciliación esas horas en todo o país, así coma o día 2 de maio, que tampouco será lectivo coa fin de levar a cabo estas actividades de programación, planificación e titorías.

Estas novas medidas chegan por sorpresa tanto para as familias coma para as equipas educativas, en detrimento do servizo das escolas infantís públicas e da conciliación familiar, en contraposición da suposta calidade do servizo.

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpellación:

. Que servizo de conciliación terán as familias durante as horas nas que as escolas infantís da rede Galiña Azul pechen para levar a cabo tarefas das equipas educativas en relación coa programación e planificación educativa así coma as titorías?

. Considera a Xunta de Galiza que as equipas educativas terán tempo abondo para realizar tarefas de programación, planificación e titorías en 6 horas anuais para levar a cabo as súas funcións educativas durante o curso de 11 meses?

. Considera a Xunta que carecer de tempo para levar a cabo funcións de programación, planificación e titorías garante a función educativa das escolas infantís?

. Estiveron no seu momento de acordo todas as organizacións sindicais coa medida da redución da xornada para as equipas educativas das escolas Galiña Azul?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/01/2025 12:59:16

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2025 13:00:03



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar diante da situación urxente na que se atopan as persoas usuarias, e as súas familias, do centro Os Mecos da Asociación Bata en Vilagarcía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas pasadas semanas por parte da ANPA de usuari@s do centro Os Mecos de BATA denunciaron publicamente a situación na que se atopan os seus fillos e fillas. Este centro presta atención dende os 3 até os 21 anos a persoas con Trastorno do Espectro Autista, TEA, da comarca do Salnés e tamén de Pontevedra.

Os principais servizos e programas que ofrece o centro son: Xornada lectiva, concertada coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, comedor escolar para alumnos/as do centro que o desexen, transporte escolar para alumnos/as que viven no municipio de Vilagarcía Arousa, apoio e orientación familiar realizada polas titoras a través das diferentes reunións familiares que se manteñen con todas as familias ao longo do curso, orientación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escolar para os centros cos que comparten alumnado, dende a equipa educativa lévanse a cabo xuntanzas para orientar, asesorar e formar ao profesorado...

Ao cumplir os 21 anos remata a súa estadía no centro e ven como non lles queda máis opción que quedarse na casa, o que supón un enorme retroceso nos avances ate o de agora conseguidos.

Este problema levan anos denunciándoo, de feito xa hai ex-usuarios que levan 2-3 anos na súa casa, 4 novas persoas que marcharán do centro ao rematar este curso, e dicir en breve serán 10-12 persoas sen praza.

Hai un claro desleixo da Xunta de Galiza, a súa política consiste en non investir en política social, deixando só a alternativa á iniciativa privada.

A demanda das familias é clara, precisan praza de xeito urgente, para as súas fillas e fillos, para que non sigan dando pasos atrás nas súas capacidades e potencialidades.

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:

Ten algunha previsión a Xunta de Galiza para garantir a continuidade de atención ás persoas con TEA, a partir dos 21 anos?

Vai darré unha alternativa ás persoas con Trastorno do Espectro Autista, TEA, que reciben atención no centro de BATA en Vilagarcía, teñan continuidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a partir dos 21 anos, coa dotación dun centro de día no ámbito territorial das comarcas do Salnés e Pontevedra?

Parécelle aceptábel que as persoas con TEA pasen de recibir atención diariamente para fomentar a autonomía, socialización... a permanecer nas súas casas?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2025 18:46:26

Cristina Fernández Davila na data 27/01/2025 18:46:38

Luis Bará Torres na data 27/01/2025 18:46:56

María Montserrat Prado Cores na data 27/01/2025 18:47:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas a tomar para esixir do goberno do estado o mantemento do actual servizo de transporte competencia do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un bo servizo de transporte público debe atender ás necesidades e realidade da sociedade, perseguindo obxectivos como o do transporte público como eixo fundamental na vertebración do país, no garante da igualdade de condicións entre as persoas, na dinamización do rural e no proceso necesario dunha Galiza e dun mundo máis sostible e cun menor impacto medioambiental.

Estes son algúns dos obxectivos que manifesta o Anteproxecto de lei de Mobilidade Sostible no que está a traballar o goberno do estado, mais se imos ao seu desenvolvemento e no que afecta ao noso país observamos que se vai na liña contraria do que se manifesta nun primeiro momento.

Falamos concretamente da proposta de actualización das concesións do transporte público por estrada de competencia estatal, recollida no plan realizado polo INECO, que ven a eliminar a metade das paradas que o actual plan contempla no noso país, feito que obrigará á veciñanza dos concellos máis pequenos a desprazarse a outras localidades para facer uso do servizo de transporte público.

Con esta actualización prevese unha redución nas paradas en liñas que percorren a A-6 e a A-52, afectando directamente aos concellos de Guitiriz, O Corgo, Baralla, As





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nogais, Chantada, Quiroga, Monterroso, Palas de Reis e Pedrafita na provincia de Lugo a Ribadavia, Allariz, Riós, Trasmirás, a Mezquita e A Rúa en Ourense a Arzúa e Melide na Coruña e a Forcarei, Silleda e Lalín en Pontevedra.

Como podemos ver, a provincia más afectada é a de Lugo, unha provincia cunhas necesidades específicas en cuestión de servizos de transporte por estrada e vertebración do territorio, que fan que esta eliminación sexa especialmente perniciosa para a provincia de Lugo.

Nun país onde diariamente asistimos a novas queixas e denuncias polo deficiente estado do servizo público de transportes, con retrasos sistemáticos, eliminación de horarios, paradas e itinerarios cuns más que deficientes servizos ferroviarios, esta redución constitúe unha nova vulneración dos dereitos da veciñanza afectada ao non dispoñer duns servizos públicos de calidade, e dos propios preceptos deste Anteproxecto, xa que non atendería a criterios sociais e mesmo a criterios medioambientais, xa que fomentarían o uso do vehículo privado ante a deficiencia manifesta do servizo público.

Segundo podemos extraer do manifestado polo goberno do estado, o criterio fundamental para esta eliminación está baseado en cuestión de rendibilidade económica das liñas, desbotando enteiramente os beneficios sociais e medioambientais propios duns servizos públicos fortes.

O goberno do estado debe ser consciente das realidades específicas do noso país e do noso rural, así como se deben garantir o acceso da cidadanía aos servizos básicos, viven na cidade ou viven no rural.

Un rural vivo precisa de servizos que permitan vivir e poder ter un proxecto de vida no mesmo, polo que propostas como estas só dificultan a vida nos territorios fóra dos ámbitos urbanos ou, nomeadamente, das cidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpelación:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para reclamar o mantemento das liñas de transporte público por estrada competencia do goberno español en todo o territorio galego, así como para garantir un bo servizo de transporte competencia da Xunta de Galiza

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 28/01/2025 18:25:02

Luis Bará Torres na data 28/01/2025 18:25:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para garantir o mantemento e conservación das pallozas de Piornedo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2010 o Partido Popular decidiu suprimir a liña de axudas que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) dedicaba ao mantemento e rehabilitación das pallozas. Isto supuxo un duro golpe para as persoas propietarias destas construcións tradicionais, de orixe celta, e especialmente para as pallozas de Piornedo, declaradas Ben de Interese Cultural.

As características das pallozas –especialmente o teito natural con palla de centeo-- esixe dun importante traballo de conservación que, alén do máis, resulta cada vez más dificultoso no acceso aos materiais e á man de obra cualificada para o levar a cabo.

Malia as denuncias e sinais de alarma lanzadas pola veciñanza e as persoas propietarias, o Goberno galego non dispuxo ningún tipo de axuda para levar a cabo os labores de recuperación cada vez más custosas e complexas pola escaseza mesmo de profesionais con coñecementos para levalas a cabo.

Cómpre lembrar que a Lei 5/2016 de Patrimonio cultural de Galiza sinala a Xunta como máxima responsable da súa salvagarda e titular exclusiva desta competencia. Neste senso, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuacións non poden continuar a ser meros parches nin levarse a cabo cando o deterioro está moi avanzado senón que cómptren medidas progresivas que garantan un estado de conservación óptimo ao longo de todo o ano.

As pallozas son un ben colectivo –declarado BIC-- e polo tanto patrimonio colectivo do pobo galego, polo que a Xunta de Galiza é responsábel da súa conservación.

Por todo o exposto formulase a seguinte interpellación:

Vai artellar a Xunta de Galiza algunha medida dirixida a garantir o mantemento e conservación das pallozas?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2025 13:42:55

Mercedes Queixas Zas na data 29/01/2025 13:43:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a estratexia da Xunta ante o risco de adicción ao xogo entre a mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ‘Informe sobre adiccionés comportamentais 2024’ presentado nas últimas semanas mostrou uns datos altamente preocupantes no que ten a ver co risco de adicción ao xogo entre a mocidade; especialmente entre menores de idade. Así, segundo o informe, na faixa de idade de 14 a 18 anos constatouse que polo menos 17,7% de mozas e mozos nesa faixa de idade declarou ter xogado diñeiro de forma presencial. 10,7% confesa telo feito tamén de forma online.

Segundo a normativa vixente ningún menor de idade podería xogar diñeiro nin de forma presencial nin online mais destes datos despréndese que toda esa xuventude encontra a forma de o facer. De todas formas, se cadra o máis preocupante sexa que se constatou no informe que 4% destes estudiantes que xogan diñeiro recoñecen ter un “uso problemático” do xogo, o que significa que teñen un altísimo risco de se converteren en adictos ao xogo. Para alén do xogo, as coñecidas como ‘criptomoedas’ tamén son un factor de risco no que ten a ver coa adicción.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De todos estes datos despréndese que a actividade que máis risco ten de tornar mozas e mozos en adictos son as apostas deportivas. Por todo isto podemos asegurar que en Galiza temos a día de hoxe un auténtico problema de saúde no relativo ás adicccións ao xogo e ás apostas.

A partir deste informe, desde o Grupo Parlamentar do BNG queremos que se nos responda por parte do Goberno galego sobre a funcionalidade ou non da Lei do Xogo de Galiza aprobada no ano 2023. Esta lei claramente contaba con múltiples eivas que o BNG xa denunciaba na XI lexislatura cando foi aprobada a devandita norma. Unha lei pouco ambiciosa que non atende o impacto máis directo e máis lesivo que o sector do xogo ten sobre a sociedade. Ademais, a infracción máis grave e máis perigosa é que menores de idade participen de xogos de azar, algo que se demostrou que esta lei non conseguiu nin le lonxe.

Como representantes do pobo galego debemos facer todo o posíbel por protexer as capas da sociedade máis vulnerábeis, por tanto, as nosas mozas e mozos deben estar amparadas neste ámbito e deben ser protexidas ante o inmenso perigo de adicción ao xogo.

Por todo o exposto anteriormente formulase a seguinte interpelación:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza dos datos que mostra o ‘Informe sobre adicccións comportamentais 2024’?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a Lei do Xogo e das evidentes eivas que presenta?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Está preocupado o Goberno galego polo elevado risco de adicción ao xogo e ás apostas entre a mocidade e menores de idade?
- A respecto das criptomoedas, cal é a estratexia da Xunta para lidar con esta realidade xa palpábel na sociedade?
- Cales son as medidas que está a implementar a Xunta de Galiza para evitar o acceso ao xogo presencial en menores de idade?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 29/01/2025 17:37:00

Iria Carreira Pazos na data 29/01/2025 17:37:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a atención sanitaria prestada a pacientes con accidentes cerebrovasculares .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os accidentes cerebrovasculares (ictus) teñen unha alta prevalencia, cada vez maior, na nosa sociedade. Tal e como se recolle na actualización do Código Ictus de 2023, a patoloxía cerebrovascular é a primeira causa de mortalidade en mulleres e a segunda en homes, cunha incidencia anual duns 150-250 casos novos por 100.000 habitantes e ano e unha taxa de mortalidade de 24-84 mortes por 100.000 habitantes e ano. No ano 2022 foron 6.937 as altas cun diagnóstico principal de ictus, o 2,8% do total, cunha distribución similar entre homes e mulleres. E aínda que máis do 80% dos casos foron en persoas de 65 ou máis anos, cómpre ter presente que poden afectar a persoas más novas, incluso mozas.

Mais esta patoloxía ten consecuencias más alá do momento agudo, pois é unha importante causa de morbilidade, sendo a primeiro motivo de dano cerebral adquirido, a causa principal de discapacidade na idade adulta e a segunda de deterioro cognitivo.

A día de hoxe, en Galiza funciona o Código Ictus como guía para homoxeneizar e protocolizar a asistencia urgente á patoloxía cerebrovascular, aínda que sería preciso ter presente cal é a situación nos servizos de asistencia urgente para realizar unha análise completa (falta de ambulancias de soporte vital avanzado e básico, colapso de servizos de urxencias hospitalarias e extrahospitalarias, etc). Mais as maiores eivas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

danse no proceso postcrítico e na asistencia á convalecencia e recuperación, unha vez tratada a urxencia coa medicación e/ou cirurxía apropiadas, valoradas as secuelas neurolóxicas que van permanecer no tempo ou con posibilidades de recuperación. Neste punto, as pacientes afectadas teñen un camiño moi longo por diante con sesións de terapias diversas para a súa posible recuperación.

Noutros lugares, coma Catalunya ou Madrid, existen centros de recuperación específica con terapias innovadoras que presentan resultados positivos e alentadores, como poden ser o Centro de Neurorrehabilitación Instituto Guttmann de Badalona ou o CEADAC – Centro de Neurorehabilitación de Daño Cerebral en Madrid.

E aínda que as pacientes galegas se poderían beneficiar das terapias nestes centros a pesar de non existiren no noso País, os convenios existentes actualmente entre CCAA teñen importantes limitacións económicas e de tempo de permanencia nos centros, entre outras, ou non contan con ningún tipo de axuda no caso de seren de titularidade estatal. Tampouco é doadoo atopar prazas vacantes neste tipo de centros, polo que cando por fin é posible o ingreso nos mesmos, xa se ten desaproveitado un tempo valioso para a recuperación da persoa afectada.

A isto súmase tamén o desprazamento da propia familia para acompañar ás doentes e participar na súa recuperación assumindo moitos gastos como unha vivenda, desprazamentos ao centro ou a súa manutención, coas obvias dificultades que virían derivadas da conciliación familiar, a conciliación laboral e os riscos económicos que esta situación pode chegar a supor..

Por todo o exposto formulase a seguinte interpellación:

– Ten previsto o goberno galego desenvolver en Galiza unha rede de centros de carácter e xestión públicas, específicos de Neurorrehabilitación de Dano Cerebral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Adquirido, un deles na Área Sanitaria de Vigo, con prazas suficientes para as persoas afectadas de accidente cardiovascular que precisan recuperar ou mellorar as súas funcións cerebrais?

- Ten previsto o goberno galego, mentres non existen esos centros específicos de Neurorrehabilitación no País, mellorar os convenios con entidades e con outras CCAA para que todas as doentes galegas poidan acceder ás terapias e tratamentos que precisen para mellorar a súa situación?
- Vai desenvolver o goberno unha liña de axudas económicas ás familias que lles permitan enfrentar os gastos que terán que enfrentar mentres se manteña o ingreso no centro ou no caso de teren que desprazarse para realizar as terapias de xeito ambulatorio

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/01/2025 10:47:24

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2025 10:47:27





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

O informe sobre adiccións comportamentais do ano 2024 ofrece uns datos extremadamente preocupantes, xa que nos parámetros analizados sofre un incremento de case 1 punto o que atinxe ao xogo nas idades comprendidas entre 14 e 18 anos, cuns resultados de 41.671 menores.

Dos menores enquistados o 17,7 % declara ter xogado diñeiro de forma presencial (bingo, tragaperras, ou loterías), mentres os outros 266.999 un 10 % confesa ter apostado de forma *on line*.

Sorprendente tendo en conta que tanto a primeira como a segunda fórmula son ilegais en menores de idade.

Pero os datos son aínda peores se temos en conta que a estatística marca que este xogo non é ocasional senón que o 4 % (99.832) destes menores está en risco de se converter en ludópata e vinculan esta adicción con outras como o consumo de alcohol e drogas.

Por sexos este problema afecta máis aos mozos co 6% en risco fronte ao 2 % de mozas.

En Galicia temos a Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia. Unha lei que foi aprobada sen consenso e que se pregou a intereses privados do sector e, en consecuencia, non está a dar os seus froitos.





Os socialistas no debate parlamentario, a través das nosas emendas, pediamos, entre outras medidas, que se intensificase por lei o labor de prevención da ludopatía sobre todo entre a mocidade, pero estas foran rexeitadas a pesares de que advertiamos que o incremento nesta franxa de idade era progresivo.

Deixou esta lei aberta a súa regulación vía regulamento a composición do Observatorio Galego do Xogo e dous anos despois aínda non está aprobado.

Dende o Partido Socialista cremos que cómpre de maneira urgente a aprobación deste regulamento clave para a efectividade da lei, que ofrece detalles más específicos sobre como se debe implementar a lei na práctica, e desenvolva aspectos concretos.

Entende este grupo parlamentario que é fundamental desenvolver o Observatorio Galego do Xogo, concretar medidas para desincentivar os hábitos e condutas patológicas relacionadas co xogo sobre todo en menores e vulnerables, a limitación da publicidade, ou medidas de control e identificación dos usuarios.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ten previsto o Goberno galego aprobar o regulamento da Lei 3/2023, do 4 de xullo, clave para a efectividade desta?

Santiago de Compostela, 30 de Xaneiro de 2025





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2025 10:53:06
Nº Rexistro: 18819
Data envío: 30/01/2025 10:53:06.201

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/01/2025 17:01:55

Patricia Iglesias Rey na data 29/01/2025 17:02:07

CSV: REPOGSDCe&4fXgqN-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tarmites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
63909

@PSdeG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de impulsar o sector do libro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A literatura galega é unha das nosas expresións culturais más recoñecidas dentro e fóra de Galiza e unha das plataformas de internacionalización cultural, lingüística e identitaria de maior proxección.

No entanto, a representación do sector do libro galego non está a ser valorada de forma consecuente na política cultural da Xunta como demostra un valor en continuo decrecemento nos exercicios orzamentarios do goberno do Partido Popular, que acumula un elevado volume de perda de investimentos desde 2009 que continúa a medrar á vista dos orzamentos da Xunta para 2025.

Unha falta de investimento que confirma a falta de confianza neste sector tan representativo na creación cultural e que se traduce na falta dun proxecto político que conte coa participación dos axentes literarios, sempre ignorados e desatendidos nas súas demandas.

A incapacidade para aprobar o tan anunciado como inexistente Plan de dinamización de lectura é boa proba da ausencia de calquera estratexia que aspire a converter o libro galego nun eixo social, económico e cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, ao longo dos quince anos de goberno do PP sucedéronse as confrontacións cos axentes que conforman a cadea de valor do libro desde a creación até a distribución entre o público, devaluouse a funcionalidade do Consello Asesor do Libro, someteuse o sector ao escándalo público cunha escandalosa resolución de convocatorias de axudas á tradución, renunciouse a planificar unha política de internacionalización do libro galego consensuada co sector, etc.

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpellación:

Vai presentar, no actual período de sesións, perante o Parlamento, o Plan de fomento da lectura que dea cumprimento á Lei do libro e da lectura de Galiza.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/01/2025 12:37:51

Daniel Castro García na data 30/01/2025 12:37:55





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Lara Méndez López e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O PPdeG non ten unha política enerxética recoñecible no Goberno galego. Cando Feijóo chegou en 2009 mandou parar a eólica en Galicia.

Esta suspensión do concurso eólico do goberno presidido polo socialista Touriño no 2009 por Feijóo- por motivos estreitamente partidistas- supuxo que se deixaran fora do desenvolvemento eólico en Galicia 2325 MW. O concurso eólico do bipartito era o maior concurso eólico que se facía en España neses intres.

Deixou fóra máis de 5.000 millóns de euros en inversión. Paralización do concurso eólico que supuxo tamén que os galegos/as tiveran que soportar o pago de cerca de 200 millóns de cartos públicos polas demandas de responsabilidade patrimonial das empresas promotoras ás que se adxudicara MW, que tivo que pagar o Goberno galego. E logo tamén, de que o concurso eólico do bipartito fora avalado na súa legalidade polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e polo Tribunal Supremo.

Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios, atraer a inversión e sobre todo, contar coa cidadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados para que o aproveitamento destes recursos respecte escrupulosamente o medio ambiente, biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para as galegas e galegos.





Deste xeito, o PP é o principal responsable de que Galicia non teña unha boa planificación do seu potencial enerxético, e esa falta de modelo enerxético trasládase a toda a economía industrial de Galicia como expón o caso de Alcoa, ou os dez proxectos industriais estratégicos (PIE) declarados polo consello da Xunta, e que están todos en situación de parálise.

O Plan sectorial eólico (PSE) é de 1997, un plan que non está adaptado no seu desenvolvemento territorial – ADES- á lexislación actual de sustentabilidade ambiental, entre outras: Directiva de Biodiversidade, Directiva de Hábitats e Ecosistemas e III Directiva de Renovables.

Hai no momento actual cerca de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por incumprimento de criterios de sustentabilidade ambiental, non pola cuestión prexudicial que pende do TJUE. Este caos no desenvolvemento da enerxía eólica non ten precedentes en Galicia, e é responsabilidade exclusiva do goberno galego que levan case 16 anos no goberno.

Na décimo terceira modificación da Lei 8/2009 do Sector eólico de Galicia (LSE), pola Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas establecense medidas impostas, sen consenso coa veciñanza, sen consenso con concellos, sen consenso co sector eólico, e todas elas que amosan improvisacións e falta de estratexia no desenvolvemento eólico no noso país que incrementan, máis se cabe, a insecuridade xurídica existente.

Entre as medidas incluídas na derradeira modificación da LSE, inclúese a de aprobación dun novo Plan sectorial eólico de Galicia, que verá como moi pronto a luz no ano 2029, como admitiu a Consellería de Economía e Industria, a Sra. Lorenza.



Apenas catro días despois de que o presidente da Xunta de Galicia anunciara o inicio da elaboración dun novo Plan Eólico para Galicia, a Xunta anunciou na plataforma de contratos de Galicia un contrato de servizos para que unha empresa privada redáctelle o documento por 783.077 euros, IVE incluído.

Asemade, a Xunta de Galicia expulsa ás organizacións ecoloxistas do órgano de participación e consulta. A Xunta de Galicia expulsa ás organizacións ecoloxistas do órgano de participación. Segundo consta na citada plataforma, a Xunta pide ao sector privado un servizo de “apoio á Dirección Xeral de Planificación Enerxética no procedemento de elaboración do Plan Sectorial Eólico de Galicia”. As opinións que o Goberno galego quere obter de consultoras privadas xustifícanse co seguinte argumento: “A Consellería de Economía e Industria non conta con persoal técnico cualificado dispoñible nin medios adecuados” para redactar o plan desde os despachos da administración pública. De aí, o pase á privada. Non sei que lle parecerá esa externalización- que tanto lle gusta ao PPdeG- de “desconfianza do público” a todas as persoas empregadas públicas que forman parte da relación de postos de traballo da Consellería de Economía e Industria, da Consellería de Medio Ambiente, ou do Inega.

Por elo, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai a ter en conta a o Goberno galego no novo Plan Sectorial Eólico de Galicia o Marco de Acción Prioritaria (MAP) para ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia ao amparo do artigo 8 da Directiva 92/43/CEE do Consello relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres?

2. Por que o novo Plan Sectorial Eólico de Galicia non se vai a elaborar, dirixir e coordinar cos medios propios da Consellería de Economía e Industria?



3. Por que non son suficientes os medios e non se teñen en conta para a elaboración do novo Plan Sectorial Eólico de Galicia ás persoas empregadas públicas previstas na RPT da Consellería e do INEGA?

4. Por que a Consellería de Economía e Industria optou por externalizar e licitar por más de 700.000 euros o servizo para a elaboración do novo Plan Sectorial Eólico de Galicia?

5. O Goberno galego vai a fomentar na elaboración do novo Plan Sectorial Eólico de Galicia a participación temperá de todos os sectores implicados no desenvolvemento eólico en Galicia: a sociedade civil, asociacións ecoloxistas, e especialmente das entidades locais galegas, a través da Federación Galega de Municipios, e especialmente en proxectos que se promovan desde as comunidades enerxéticas locais ou outros esquemas participativos, tal e como se recolle no ordenamento xurídico?

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/01/2025 11:21:45

Lara Méndez López na data 30/01/2025 11:21:57

Paloma Castro Rey na data 30/01/2025 11:22:06



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Lara Méndez López e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios, atraer a inversión e sobre todo, contar coa cidadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados para que o aproveitamento destes recursos respecte escrupulosamente o medio ambiente, biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para as galegas e galegos.

O PPdeG non ten unha política enerxética recoñecible no Goberno galego. Cando Feijóo chegou en 2009 mandou parar a eólica en Galicia.

Esta suspensión do concurso eólico do goberno presidido polo socialista Touriño no 2009 por Feijóo- por motivos estreitamente partidistas- supuxo que se deixaran fora do desenvolvemento eólico en Galicia 2325 MW. O concurso eólico do bipartito era o maior concurso eólico que se facía en España neses intres.

Deixou fóra máis de 5.000 millóns de euros en inversión. Paralización do concurso eólico que supuxo tamén que os galegos/as tiveran que soportar o pago de cerca de 200 millóns de cartos públicos polas demandas de responsabilidade patrimonial das empresas promotoras ás que se adxudicara MW, que tivo que pagar o Goberno galego. E logo tamén, de que o concurso eólico do bipartito fora avalado na súa legalidade polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e polo Tribunal Supremo.





Deste xeito, o PP é o principal responsable de que Galicia non teña unha boa planificación do seu potencial enerxético, e esa falta de modelo enerxético trasládase a toda a economía industrial de Galicia como expón o caso de Alcoa, ou os dez proxectos industriais estratégicos (PIE) declarados polo consello da Xunta, e que están todos en situación de parálise.

O Plan Sectorial Eólico (PSE) é de 1997. Un plan que non está adaptado no seu desenvolvemento territorial – ADES- á lexislación actual de sustentabilidade ambiental, entre outras: Directiva bioversidade, Directiva de hábitats e ecosistemas e III Directiva de Renovables.

Hai no momento actual cerca de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por incumprimento de criterios de sustentabilidade ambiental, non pola cuestión prexudicial que pende do TJUE. Este caos no desenvolvemento da enerxía eólica non ten precedentes en Galicia, e é responsabilidade exclusiva do goberno galego que levan case 16 anos no goberno.

Na decimo terceira modificación da Lei 8/2009 do Sector eólico de Galicia (LSE), pola Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas establecense medidas impostas, sen consenso coa veciñanza, sen consenso con concellos, sen consenso so sector eólico, e todas elas que amosan improvisacións e falta de estratexia no desenvolvemento eólico no noso país que incrementan, máis se cabe, a inseguridade xurídica existente.

Entre as medidas incluídas na derradeira modificación da LSE, inclúese a de aprobación dun novo Plan sectorial eólico de Galicia, que verá como moi pronto a luz no ano 2029, como admitiu a Consellería de Economía e Industria, a Sra. Lorenza.



Apenas catro días despois de que o presidente da Xunta de Galicia anunciara o inicio da elaboración dun novo Plan Eólico para Galicia, a Xunta anunciou na plataforma de contratos de Galicia un contrato de servizos para que unha empresa privada redáctelle o documento por 783.077 euros, IVE incluído.

Asemade, a Xunta de Galicia expulsa ás organizacións ecoloxistas do órgano de participación e consulta. A Xunta de Galicia expulsa ás organizacións ecoloxistas do órgano de participación. Segundo consta na citada plataforma, a Xunta pide ao sector privado un servizo de “apoio á Dirección Xeral de Planificación Enerxética no procedemento de elaboración do Plan Sectorial Eólico de Galicia”. As opinións que o Goberno galego quere obter de consultoras privadas xustifícanse co seguinte argumento: “A Consellería de Economía e Industria non conta con persoal técnico cualificado dispoñible nin medios adecuados” para redactar o plan desde os despachos da administración pública. De aí, o pase á privada. Non sei que lle parecerá esa externalización- que tanto lle gusta ao PPdeG- de “desconfianza do público” a todas as persoas empregadas públicas que forman parte da relación de postos de traballo da Consellería de Economía e Industria, da Consellería de Medio Ambiente, ou do Inega.

Por elo, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai o Goberno galego na elaboración do novo Plan sectorial eólico de Galicia a cumplir co artigo 12 da Directiva REDIII sobre a promoción da enerxía procedente de fontes renovables que obriga ao Goberno Galego a que garanta a participación pública temperá a todos os sectores implicados: axentes sociais, sindicais, asociacións ecoloxistas e aos concellos afectados en relación cos plans que designen áreas de para as enerxías renovables, incluída a identificación do público afectado ou que probablemente se vexa afectado?





2. Comprométese o Goberno galego a desenvolver unha estratexia de publicidade e transparencia de datos accesibles e reutilizables- repositorio documental- de todos os informes sectoriais que se vaian emitindo na elaboración no novo Plan sectorial eólico, co fin de garantir que a cidadanía está informada en todo momento durante a súa elaboración, o seu impacto, as súas externalidades negativas, e os beneficios sociais, económicos e ambientais que xerará?

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/01/2025 11:22:30

Lara Méndez López na data 30/01/2025 11:22:39

Paloma Castro Rey na data 30/01/2025 11:22:49





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Lara Méndez López e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A transición enerxética non é unha opción, é unha obligación e unha oportunidade tanto para loitar contra a crise climática, como para mellorar as condicións de vida dos e das cidadáns; para elevar a competitividade económica e industrial e evitar depender de terceiros países. Non debemos perder este tren.

Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios, atraer a inversión e sobre todo, contar coa cidadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados para que o aproveitamento destes recursos respecte escrupulosamente o medio ambiente, biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para as galegas e galegos.

O PP non ten unha política enerxética recoñecible no Goberno galego. Cando Feijóo chegou en 2009 mandou parar a eólica en Galicia.

Esta suspensión do concurso eólico do goberno presidido polo socialista Touriño no 2009 por Feijóo- por motivos estreitamente partidistas- supuxo que se deixaran fora do desenvolvemento eólico en Galicia 2325 MW. O concurso eólico do bipartito era o maior concurso eólico que se facía en España neses intres.

Deixou fóra máis de 5.000 millóns de euros en inversión. Paralización do concurso eólico que supuxo tamén que os galegos/as tiveran que soportar o



pago de cerca de 200 millóns de cartos públicos polas demandas de responsabilidade patrimonial das empresas promotoras ás que se adxudicara MW, que tivo que pagar o Goberno Galego. E logo tamén, de que o concurso eólico do bipartito fora avalado na súa legalidade polo TSXG.

Deste xeito, o PP é o principal responsable de que Galicia non teña unha boa planificación do seu potencial enerxético, e esa falta de modelo enerxético trasládase a toda a economía industrial de Galicia como expón o caso de Alcoa, ou os dez proxectos industriais estratégicos (PIE) declarados polo consello da Xunta, e que están en “standby”.

O Plan sectorial eólico (PSE) é de 1997. Un plan que non está adaptado no seu desenvolvemento territorial – ADES- á lexislación actual de sustentabilidade ambiental (Directiva bioversidade, Directiva de hábitats e III Directiva de Renovables).

O goberno Galego non está a liderar a transición ecolólica e non está a facilitar o asentamento de proxectos industriais sostibles no noso país.

Hai no momento actual cerca de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por incumprimento de criterios de sustentabilidade ambiental, non pola cuestión prexudicial que pende do TJUE. Este caos no desenvolvemento da enerxía eólica non ten precedentes en Galicia, e é responsabilidade exclusiva do goberno galego que levan case 16 anos no goberno.

Na decimo terceira modificación da Lei 8/2009 do Sector Eólico de Galicia pola Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas establecense medidas impostas, sen consenso coa veciñanza, sen consenso con concellos, sen consenso so sector eólico, e todas elas que amosan





improvisacións e falta de estratexia no desenvolvemento eólico no noso país que incrementan, máis se cabe, a inseguridade xurídica existente.

Entre as medidas incluídas, está a de impoñer as repotenciacións obligatorias de certos parques eólicos de máis de 25 anos e as facilidades a empresas que asinen acordos de compravenda de enerxía –PPA, polas súas siglas en inglés– con empresas galegas. Segundo os cálculos do sector eólico, isto obrigará a case a metade (o 45%) da potencia eólica en funcionamento en Galicia, uns 2.007 megawatts (MW), a parar nos próximos anos para repotenciar –a substitución de antigos aeroxeradores por outros más novos e potentes–. Estes activos, 2.888 muíños concentrados en 86 parques, teñen máis de 20 e 25 anos, polo que nun prazo corto poderán verse afectados pola nova normativa. Coa nova regulación, as actuacións de repotenciación serán obligatorias para parques eólicos existentes que alcancasen 25 anos desde a súa posta en funcionamento. Este prazo pode estenderse ata un límite de 30 anos se a vida útil dos aeroxerador.

Respecto ás repotenciacións de parques eólicos, como medida en abstracto estamos absolutamente a favor porque é unha medida que se recolle na Directiva (UE) 2023/2413 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de outubro de 2023, pola que se modifican a Directiva (UE) 2018/2001. Pero, o que non estamos de acordo e como o fixo polo Goberno Galego, que impuxo a medida con improvisación e imposición.

De feito, aquí podemos trazar una clara diferencia no modo de proceder entre o Goberno de España e o goberno da Xunta:

Mentres que o goberno de España recolle no PNIEC medidas de repotenciación, e acompaña a mesma con axudas públicas dedicadas a proxectos de repotenciación circular eólica, e de reciclaxe de pas de aeroxeradores, o Goberno Galego impón de forma obligatoria e sen rigor técnico. En concreto, en Galicia concedéronse polo goberno de España axudas





para repotenciación de 25 proxectos por 57,7 M€. Entre outros: o parque Eólico de Muras (11 M€): O parque eólico de Monte Redondo (12,7 M€): O parque eólico de Somozas (13,4 M€).

Por elo, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Está disposto o Goberno galego nas repotenciacións obligatorias de parques eólicos, a promover medidas de fomento e incentivos?
2. Convocará axudas públicas de programas de repotenciación circular, que inclúan tanto a substitución de aeroxeneradores como capacidade para reciclar todo o seu volume anual destes residuos?
3. Nas repotenciacións obligatorias por lei, o Goberno galego comprométese a regular as fases temporais, os requisitos técnicos das repotenciacións, así como as medidas de incentivos e fomento, no prazo máximo dun ano e coa participación e consenso de todos los sectores implicados?.

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/01/2025 12:51:04

Lara Méndez López na data 30/01/2025 12:52:46

Paloma Castro Rey na data 30/01/2025 12:53:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao estado da poboación de anguía en Galiza e á intención da CE de incluíla no apéndice I de CITES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acordo tomado polo Consello de ministros de Pesca da Unión Europea en decembro de 2022 tomou a decisión de aumentar a veda da anguía de tres a seis meses, que se efectivizou ao ano seguinte.

Foi un duro golpe para a actividade de arredor de 50 embarcacións que se adican á súa pesca no noso país, na desembocadura dos ríos en distintas rías galegas, principalmente na de Vigo -onde supón unha fonte de ingresos esencial para os naseiros de Pontesampaio, Arcade, Cesantes, Redondela e Vilaboa-, mais tamén na de Pontevedra, Ferrol e Arousa.

No caso de Galiza, a anguía xa levaba anos daquela sometida a unha veda anual de tres meses, que lle foi imposta pola mala xestión que outros países europeos fixeron desta especie e que supuxo tamén que se aumentase dende o 2023 malia que os plans de xestión dese recurso levaban anos en equilibrio.

Na actualidade, a anguía figura incluída no apéndice II de CITES- Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres, que impón limitacións á súa comercialización, mais recentemente fixose pública a intención da Comisión Europea de catalogala dentro do apéndice I da Convención e, polo tanto,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

declarala en perigo de extinción e prohibir definitivamente a súa comercialización a partir de novembro deste ano.

De ser así, repetiríase unha situación que desafortunadamente non é nova para a frota galega no seu conxunto, que acabaría sufrindo as consecuencias das malas prácticas e da falta dun control que non se vén aplicando noutros países europeos.

A Xunta de Galiza alega que os seus informes amosan a sostibilidade continuada do recurso nos plans de xestión que ten autorizados e que o goberno español ten coñecemento deses datos, polo que considera excesivas as medidas propostas pola Comisión Europea.

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpellación:

. Que valoración fai o goberno galego do estado da poboación de anguía en Galiza na actualidade?

. Levou a cabo informes das repercuísons biolóxicas no recurso e socioeconómicas na frota e nas zonas principalmente afectadas que tivo a decisión do Consello de ministros de Pesca da UE de 2022, relativa ao aumento da veda da anguía a 6 meses anuais? De ser así, cais son as principais conclusóns dos mesmos?

. Que medidas levou a cabo dende xaneiro de 2023 para minimizar os efectos daquel acordo na frota galega da anguía?

. Que medidas tomou ata o de agora e cais vai tomar para tentar paliar os efectos que podería producir na frota galega da anguía a inclusión desta no apéndice I de CITES?

. Vai trasladar os informes, supuestamente positivos, do estado da poboación de anguía en Galiza aos grupos políticos do Parlamento de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Ten coñecemento dos informes científicos, no caso de existir, nos que se basea a proposta da CE?
- . Considera que a proposta da CE adáptase á situación do recurso en Galiza e ten en conta as consecuencias sociais e económicas que podería ter no noso país?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 30/01/2025 13:01:55

Paulo Ríos Santomé na data 30/01/2025 13:03:03

Carmela González Iglesias na data 30/01/2025 13:03:53

Daniel Castro García na data 30/01/2025 13:03:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 30/01/2025 13:05:13



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o exercicio do derecho de tenteo e retracto sobre as vivendas protexidas por parte do IGVS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia prevé a posibilidade de que o Instituto Galego de Vivenda e Solo exerza o derecho de tenteo e retracto sobre as vivendas protexidas e os seus anexos, mentres dure o réxime de protección, nas segundas e posteriores transmisións inter vivos.

Segundo o establecido na citada lei, os propietarios que decidan allear a súa vivenda protexida deberán comunicalo ao IGVS, quen disporá dun prazo de 30 días para exercer o derecho de tenteo. Igualmente, a persoa adquirente da vivenda deberá notificarlle ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, no prazo dun mes seguinte á transmisión da vivenda, as condicións nas que se produciu a venda, así como remitirlle unha copia da escritura ou do documento no que se formalice a venda. No caso de que non se notificalle previamente, caducase ou se realizase a transmisión en condición distintas ás notificadas, o IGVS poderá exercer o derecho de retracto no prazo de 60 días.

Este mecanismo legal, permite tanto o control do tráfico deste tipo de vivendas e do cumprimento do réxime de protección ao que se somete á vivenda, o cal contribúe a protexer e garantir que estas vivendas sigan cumplindo coa súa función social e non sexan obxecto de especulación inmobiliaria; ao tempo que dota á Administración dun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instrumento eficaz para a incorporación destas vivendas ao parque público, poñéndoas ao servizo do dereito de acceso á vivenda.

Por tanto o exercicio deste dereito non debe ser só entendido como unha posición de tutela ou control, senón como un mecanismo de intervención sobre o mercado inmobiliario que presenta grandes vantaxes, especialmente no contexto actual. En primeiro lugar exercer o dereito de tento e retracto permite adquirir estas vivendas polo prezo máximo legalmente aplicable, ou polo convidado se fose inferior, por tanto, por baixo do prezo de mercado. Segundo, a incorporación ao parque público de vivenda en aluguer permitiría paliar a actual emerxencia habitacional. Terceiro, a súa incorporación debe servir para corrixir as disfuncións dun modelo de vivenda protexida que permite descualificar estas vivendas, perdendo a súa función co paso de tempo, garantindo que se incorporan ao parque público cunha cualificación permanente.

É por iso que dende o Bloque Nacionalista Galego apostamos por reforzar tanto a función de control sobre a vivenda protexida, como o exercicio real destes dereitos co fin de ampliar as bolsas de vivenda protexida.

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpellación:

- Cantas vivendas protexidas foron transmitidas en segundas e posteriores transmisións intervivos durante o seu período de protección en cada anualidade do período 2010-2024?
- Cantas comunicacións de propietarios polo alleamento de vivenda protexida recibiu o IGVS en cada anualidade durante o período 2010-2024?
- Cantas notificacións de persoas adquirientes de vivenda protexida recibiu o IGVS en cada anualidade durante o período 2010-2024?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas vivendas protexidas foron adquiridas pola Xunta de Galicia mediante o exercicio deste dereito de tenteo e retracto en cada anualidade do período 2010-2024?
- Cantos incumplimentos ten detectado o IGVS do deber de notificación nas transmisión de vivenda protexida durante o seu período de protección?
- Que mecanismos de control e sanción dispón o IGVS nestes casos?
- Considera a Xunta de Galiza ampliar os dereitos de adquisición preferente sobre outras vivendas?
- Cantas vivendas protexidas extinguiron o seu período de protección durante o período 2010-2024?
- Cantas vivendas protexidas prevé que extingan o seu período de protección nos vindeiros 5 anos?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 30/01/2025 13:37:12

Luis Bará Torres na data 30/01/2025 13:37:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación das listas de espera hospitalarias do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As listas de espera do sistema público de saúde galego continúan nunha situación grave que non deixa de empeorar en cada publicación que fai o goberno dos seus datos, a pesar de certas mellorías moi puntuais. Datos que, cómpre sinalar novamente, son parciais, pois non reflecten a situación global ao manter o Partido Popular ocultas as listas de espera non estruturais.

Segundo os datos más recentes, en xuño de 2024 eran 50.252 persoas as que se atopaban agardando por unha cirurxía e 220.033 as que estaban á espera dunha primeira consulta hospitalaria. Estas cifras son peores que as referidas a 6 meses antes, con 5.225 e 7.752 persoas máis nas listas de espera, respectivamente; e por suposto, moito peores que as que había en xuño de 2019, previas á irrupción da pandemia da COVID, cando eran 34.468 as persoas agardando por unha cirurxía e 168.540 as que estaban en lista de espera para unha primeira consulta hospitalaria.

Mais tamén empeoran os tempos de espera, pois en cirurxía, incrementáronse en 14,7 días de media e en primeiras consultas hospitalarias, 34 días, comparando os datos de xuño de 2024 con respecto a xuño de 2019.

Sucédense os meses e as publicacións destes datos (parciais, novamente) por parte do Sergas, mais non se albисca unha melloría nas listas de espera hospitalarias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpelación:

- Que opinión lle merece ao goberno galego o incremento de pacientes e do tempo medio en lista de espera hospitalaria?
- Cal é o motivo polo que consideran que se produciu ese incremento?
- Cales son as medidas que se están a tomar para a súa redución? Cales son as previsións de contratación de novo persoal?
- Cantas son as pacientes que están en lista de espera non estrutural?
- Cando van facer públicas as listas de espera non estruturais?
- Considera o goberno galego que a situación da Atención Primaria pode ter algunha repercusión sobre estas cifras?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/01/2025 16:41:06

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2025 16:41:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Noa Presas Bergantiños e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o que debe facer a Xunta da Galiza para a cobertura de vacantes nos sectores estratéxicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos da Xunta da Galiza para o vindeiro exercicio do 2025 integra 3 programas específicamente destinados á formación e mellora da empregabilidade. O 322A de mellora de empregabilidade con 72.232.081 millóns de euros consignados; o 323A de formación profesional desempregados con 134.901.345 millóns de euros consignados; o 323B de formación profesional ocupados con 19.827.346 millóns de euros consignados, un total de 226.960.772 millóns de euros.

Segundo os datos oficiais que nos ofrece o informe de execución dos orzamentos da Xunta o grao de execución acumulada destes programas entre os anos 2019 e 2023 foron os seguintes: programa 322A- 51,63%, programa 323A- 47,86%, e programa 323B- 22,63%.

Esta ridícula porcentaxe de execución significa en números enteiros que a cantidade deixada de executar, e polo tanto dispoñible e non gastada, chega aos 668.840.009,11 millóns de euros.

Trátase de fondos finalistas que proveñen das transferencias do SEPE e en última instancia das cotizacíons á Seguridade Social e do Fondo Social Europeu que están a ser desaproveitados dun xeito absolutamente irresponsábel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nin que dicir ten que isto representa un prexuízo gravísimo para o dereito á formación e á promoción profesional de todos os traballadores e traballadores en activo, e aínda más grave para todas as persoas desempregadas que non dispoñen dunha oferta formativa eficaz para mellorar as súas posibilidades de acceder a un emprego.

Máis aló das necesarias explicacións que terán que dar os responsábeis políticos da xestión destes fondos sobre o por que dese ridículo grao de execución, algúns dos motivos son ben coñecidos, por exemplo o desaxuste entre a oferta e a demanda formativa debido á inexistencia dun catálogo galego de formación así como á inexistencia dun mapa de necesidades sectoriais galego.

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:

1. Canto diñeiro recibiu a Xunta de Galiza para a formación para o emprego desde o ano 2019?
2. Por que os programas 322A, 323A, 323B dos orzamentos da Xunta acumulan entre os anos 2019 e 2023 niveis de falta de execución superiores ao 50%?
3. Cal é o destino dos fondos non executados?
4. Que empresa ou organismo realizou o ESTUDO TECNOLOXÍAS EMERXENTES PARA A TRANSFORMACIÓN DO EMPREGO que figura na páxina da Consellaría de emprego, comercio e emigración?
5. Cando se encargou ese estudo? Cando se entregou? Cal foi o seu custe?
6. Quen foron as persoas expertas de cada un dos sectores estudiados ás que se fai referencia no estudo? Quen decidiu a súa selección?
7. Cales foron as empresas e asociacións entrevistadas ás que se fai referencia no punto “a visión do sector” que se inclúe na análise de cada sector?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Que utilidade ou usos dálle a Consellaría a este estudo?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: Ramón Fernández Alfonzo

Noa Presas Bergantiños

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2025 16:46:35

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 30/01/2025 16:46:37

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/01/2025 16:46:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación das listas de espera hospitalarias do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As listas de espera do sistema público de saúde galego continúan nunha situación grave que non deixa de empeorar en cada publicación que fai o goberno dos seus datos, a pesar de certas mellorías moi puntuais. Datos que, cómpre sinalar novamente, son parciais, pois non reflecten a situación global ao manter o Partido Popular ocultas as listas de espera non estruturais.

Segundo os datos más recentes, en xuño de 2024 eran 50.252 persoas as que se atopaban agardando por unha cirurxía e 220.033 as que estaban á espera dunha primeira consulta hospitalaria.

Mais estes datos son absolutamente parciais, pois só responden ás listas de espera estruturais, manténdose na absoluta opacidade os datos correspondentes ás listas de espera non estruturais, a pesar das demandas reiteradas por parte de forzas políticas, sindicais e sociais. Opacidade que tamén soportan as propias doentes incluídas nestas listaxes de espera non estruturais, que non contan con ningún tipo de información acerca da súa situación, incluso a pesar de tamén se ter pronunciado a este respecto a Valedora do Pobo.

Outra fórmula utilizada polo goberno do Partido Popular á hora de xestionar a información das listas de espera é o feito de que cada vez son máis as pacientes que non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reciben unha data e hora para a realización dunha proba ou consulta, senón que fican pendentes dunha chamada telefónica para que se lles sexa adxudicada esta cita. Deste xeito, miles de pacientes están pendentes do teléfono para poderen recibir esa cita, vulnerando o seu dereito á información e sen permitirllles unha debida planificación.

Cómpre ter presente ademais, que tampouco se fan públicos os datos referentes á segundas e sucesivas consultas hospitalarias, sendo frecuente que nestes casos non se respecten os períodos estipulados polas facultativas baixo criterios clínicos, sendo moitas as pacientes pendentes de revisións que agardan máis tempo do que lles corresponde.

Por todo o exposto formulase a seguinte interpellación:

Cantas son as pacientes que están a día de hoxe nunha lista de espera non estrutural no sistema sanitario público galego?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/01/2025 16:57:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2025 16:57:54





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

O art. 21 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia establece que poderán ser declarados como montes protectores de Galicia aqueles montes ou terreos forestais privados que cumpran algunha das condicións que para os montes públicos establece o artigo 27 desta lei.

Declaración de montes de utilidade pública modificado pola Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que entrou en vigor o 01.01.2023, debido a que ata esa data desde a aprobación da lei 7/2012, considerábase tamén montes públicos de natureza patrimonial.

Xa na pasada lexislatura este grupo parlamentario solicitou esta modificación na Comisión de Agricultura celebrada o 03.06.2022 a través dunha proposición non de lei nesta comisión, que foi rexeitada polos votos do PP, pero como moitas veces máis, o tempo deunos a razón.

A iso estamos afeitos como sucede coa moratoria do eucalipto proposta en Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, na súa disposición transitoria novena, que emenda o Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040,

Tanto o Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, cara á neutralidade carbónica como as leis de montes estatal e galega recollen varias condicións que poden





xustificar a inventariación e o rexistro (de oficio ou voluntario) dun monte como protector e entre elas están:

.-Os situados nas cabeceiras das concas hidrográficas e aqueles outros que contribúan decisivamente á regulación do réxime hidrolóxico, evitando e reducindo riadas e inundacións e defendendo poboacións, cultivos e infraestruturas.

- Os que eviten ou reduzan os desprendementos de terras ou rocas e o aterrramento de encoros e aqueles que protexan cultivos e infraestruturas contra o vento.
- Os que estean situados en áreas forestais declaradas de protección dentro dun plan de ordenación de recursos naturais ou un plan de ordenación de recursos forestais.

Unha alternativa razoable para algúns montes protectores de particulares ou de varas podería ser a súa adquisición por parte da Administración autonómica, con preferencia en terreos lindeiros a propiedades xa adquiridas pola Comunidade Autónoma. Os terreos así adquiridos poderían declararse como montes de utilidade pública para, a continuación, proceder á súa catalogación

Nos montes protectores promoverase, por tanto, unha xestión forestal sostible que asegure un uso equilibrado do chan e unha mellora dos recursos hídricos. As medidas de fomento no caso de montes de xestión privada (en concordancia coa medida VI.4.1) ou o establecemento de contratos de xestión pública (medida III.3.1.) serán os instrumentos para conseguilo.



A Consellería do Medio Rural ata o momento non segue as recomendacións do ditame da Comisión non permanente de Estudo e Análise da Política Forestal. Concretamente non se teñen en conta na 1ª Revisión do Plan forestal de Galicia as recomendacións 3 e 6 e só se inclúe a recomendación num. 8.

- Recomendación 3:

A superficie total ordenada ao final do Plan chegue ás 850.000 ha. A Comisión recomendaba que nos criterios de priorización dos montes que se ordenense teña en conta: Os montes que se clasifiquen como protectores.

- Recomendación 6:

Converter a xestión pública de montes nun referente de xestión forestal sostible, centrándose naqueles montes nos que a producción veña moi condicionada por valores ambientais ou culturais de interese xeral e montes nos clasificados como protectores, incorporándoa á lexislación forestal.

Por todo ou exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera a Xunta de Galicia nos futuros contratos de xestión pública darlle carácter preferente aos montes protectores?
2. Considera a Xunta de Galicia adquirir terreos de propiedade privada como establece a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040?
3. Cantos montes de utilidade Pública se descatalogaron desde que se aprobou a Lei 13/1989?
4. Cantos Montes Protectores están declarados na actualidade, superficie que ocupan e data da declaración?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2025 17:22:31
Nº Rexistro: 18935
Data envío: 30/01/2025 17:22:31.117

5. Cuantos montes protectores notificou a Xunta de Galicia ao Rexistro Nacional de Montes Protectores no último decenio?

6. Conforme á 1º Rev do PFG, cara á neutralidade carbónica, cal é estado en que se atopa o inventario de montes protectores, conforme á medida II.1.1?

Parlamento de Galicia, 30 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/01/2025 16:50:15

Lara Méndez López na data 30/01/2025 16:50:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a compra de vehículos por parte da Xunta de Galiza para o seu parque móvil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas o Goberno galego vén de adxudicar ou licitar tres contratos distintos (2024-SUSE 09-10-SF e outros) cos que mercará un total de 10 coches de alta gama Skoda Superb L&K (2 de 266 CV e 8 de 194 CV) por un prezo total de medio millón de euros.

Segundo a información facilitada aos medios, a Xunta xa recibiu as primeiras unidades dun "coche luxosamente equipado", tal e como o presenta a marca, van ser empregadas polos conselleiros e conselleiras – o presidente, Alfonso Rueda seguirá co DS-9 que herdou de Feijoo-.

Estes vehículos veñen a substituír os actuais DS, marca pertencente á multinacional Stellantis, o DS-9 e as 12 unidades de DS-7, todos híbridos, empregados ata agora polo Goberno galego mediante leasing.

Uns vehículos, os DS-7 tipo SUV, que varias fontes da Xunta coinciden en considerar unha mala elección e que van ser reutilizados dentro da administración noutras cometidos.

Agora, tres anos despois de asinar este leasing, o Goberno galego opta por volver á compra en propiedade de vehículos só de combustión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os 12 DS-7 son tipo SUV; segundo a memoria presentada nos concursos agora resoltos, non son os máis axeitados debido a que non son moi seguros, debido á súa altura. O da maior estabilidade dos vehículos tipo berlina fronte aos SUV, é un dos argumentos para que agora, antes de que remate o leasing contratado en 2022, a Xunta estea a adquirir en propiedade novos vehículos de alta gama da marca Skoda. Segundo a xustificación oficial esgrimida nos concursos polo Goberno galego:

"Os modelos berlina xeralmente teñen un centro de gravidade máis baixo e unha distribución de peso máis equilibrada que os SUV, o que lles permite tomar as curvas con maior estabilidade e agarre. Así mesmo, a forma máis aerodinámica das berlinas reduce a resistencia ao vento, o que mellora a eficiencia do combustible, e finalmente, este tipo de modelos adoitan ter unha suspensión máis ríxida que os SUV, o que proporciona un mellor control e resposta na estrada.".

Os pregos dos novos contratos tamén esgrimen que "a forma máis aerodinámica das berlinas reduce a resistencia ao vento, o que mellora a eficiencia do combustible, e finalmente, este tipo de modelos adoitan ter unha suspensión máis ríxida que os SUV, o que proporciona un mellor control e resposta na estrada".

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpelación:

Cales son os motivos do cambio de criterio á hora de mercar novas unidades de transporte persoal para os membros do goberno galego?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 30/01/2025 18:09:56

Luis Bará Torres na data 30/01/2025 18:10:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/01/2025 18:10:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Olalla Rodil Fernández e Oscar Insua Lema, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o que debe fazer a Xunta da Galiza respeito da negociación do convenio colectivo de residencias de maiores de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas traballadoras das residencias de maiores do sector privado situadas na Galiza teñen reguladas as súas relacións laborais, salarios e condicións de traballo a través do Convenio colectivo para residencias privadas de persoas de idade da Galiza.

O convenio colectivo actualmente vixente foi negociado para o período 1 de xaneiro do 2020 a 31 de decembro 2023, e afecta a máis de 2.500 persoas, mulleres na súa gran maioría.

As retribucións recollidas nas táboas salariais para o ano 2024 son inferiores ao Salario mínimo interprofesional para o mesmo ano en moitas das categorías do convenio. A falta de actualizar as táboas para este ano 2025 a previsión é que se mantéña a situación.

Ademais das baixas retribucións as traballadoras realizan as súas tarefas nun ambiente laboral que non deixa de empeorar, por causa, sobre todo, da falta xeneralizada de persoal ou da sobrecarga física e mental que teñen que soportar. Estas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

malas condicións de traballo redundan no deterioro da atención que se presta as persoas usuarias.

Ao mesmo tempo os ingresos que acumulan os sete grandes grupos que xestionan a maioría das residencias privadas no estado español superan os 1.600 millóns de euros.

É dicir, estamos diante dun sector no que se constatan unha mala prestación do servizo e unhas malas condicións laborais, mentres a patronal tira un rédito desmedido do feito de ser un sector esencial, preso, e cada vez máis concentrado en grandes grupos empresariais, o que lles permite impoñer uns elevados prezos tanto para administracións como para particulares e obter uns réditos tamén elevados.

Estas características do sector fan que a negociación colectiva sexa moi complexa para a parte social. Tanto é así que a patronal rachou as negociacións no mes de outubro do 2024. A liña ideolóxica e política do Partido Popular non fai más que reforzar a posición desa patronal en rebeldía.

A Xunta de Galiza abandona complemente ás traballadoras do sector. Unha Xunta que non só é o primeiro e máis importante cliente destes grandes grupos, e polo tanto podería exercer algunha influencia a favor das traballadoras para protexer os seus lexítimos intereses e o seu dereito a gozar dunhas condicións de traballo dignas, senón que ademais é a Autoridade laboral na Galiza, e polo tanto podería tamén desde esta posición chamar ás partes a negociar de boa fe.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Sabe a Xunta de Galiza a canto ascende o número de persoas traballando no ámbito do Convenio colectivo de residencias privadas de persoas de idade da Galiza?
2. Sabe a Xunta de Galiza que porcentaxe do volume total de emprego é feminino?
3. Que opinión lle merece á Xunta de Galiza que precisamente os sectores más feminizados sexan os que teñen os salarios máis baixos?
4. Tivo algúun contacto a Xunta de Galiza con algunha das partes da mesa de negociación do Convenio colectivo de residencias privadas de persoas de idade da Galiza?
5. Que opinión lle merece á Xunta de Galiza que patronal rachase as negociacións?
6. Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a posibilidade de que o conflito desemboque nunha folga?
7. Canto diñeiro destinou a Xunta de Galiza a retribuir ás empresas que xestionan residencias de maiores nos anos 2019, 2020, 2021, 2022, 2023, e 2024?
8. Coñece a Xunta de Galiza as queixas das traballadoras das residencias de maiores respecto da sobrecarga de traballo que sofren?
9. Que opina a Xunta de Galiza do cambio no perfil de persoas residentes nos centros de maiores?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Oscar Insua Lema

Olalla Rodil Fernández

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/01/2025 17:13:23

Óscar Insua Lema na data 30/01/2025 17:14:16

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2025 17:14:56





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Garantir o benestar infantil implica obligatoriamente mellorar os mecanismos de detección das situacións de desamparo ou de risco, desenvolver programas preventivos e mellorar a eficacia dos servizos, actuacións e medidas de intervención.

Para o Goberno galego, na atención á infancia e á adolescencia teñen carácter prioritario as actuacións dirixidas a previr posibles situacións de desprotección e conflito social, así como as graves carencias que menoscaben o seu desenvolvemento.

Un neno ou nena está desprotexido cando as persoas que están obrigadas a prestarlle atención e coidado non o fan, ou o fan de xeito indebido, e como consecuencia o menor carece da necesaria asistencia moral ou material. Nestes casos falamos de desamparo.

Tamén hai desprotección cando se produce calquera circunstancia que prexudica o desenvolvemento persoal, familiar ou social do neno ou nena, e que permite temer que no futuro poida chegar a constituír desamparo.

En todos estes casos deben intervir os servizos sociais e, nos supostos mais graves, a Administración asume a tutela dos menores, e a patria potestade que corresponda aos pais queda suspendida.

Neste sentido, cando se constata unha situación de risco, a actuación dos poderes públicos debe orientarse cara ao apoio á familia mediante o asesoramento e apoio





técnico, a mediación en conflitos, as axudas económicas temporais, a educación familiar, e outras, de forma que os pais estean capacitados para atender aos seus fillos e fillas, e que estes poidan gozar dunhas condicións axeitadas desde o punto de vista social, económico e cultural.

Cando a situación é de desamparo, nese caso é a propia Administración a que asume a tutela administrativa dos menores e adopta outras medidas tales como o traballo coa familia de orixe, a garda temporal do menor por unha familia alternativa ou un centro especializado, ou a súa integración definitiva nunha familia adoptiva.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

De que recursos dispón o Goberno galego para os nenos e adolescentes en situación de vulnerabilidade?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 10:18:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 10:18:16

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 10:18:25

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 10:18:36

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 10:18:47

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 10:19:04

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 10:19:16





Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 10:19:39

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 10:19:55





A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As liñas de apoio que ten en marcha o departamento de Igualdade da Xunta de Galicia ten por obxecto, entre outros, favorecer a conciliación corresponsable das familias galegas ao longo de todo o ano e de xeito máis intenso nos períodos non lectivos.

Para conseguilo, e co convencemento de que a promoción da igualdade terá éxito únicamente coa implicación de toda a sociedade, os fondos que destina a Xunta de Galicia do Plan Corresponsables desenvólvese en colaboración con entidades sociais, anpas e concellos.

A través do Plan Corresponsables, a Consellería de Política Social e Igualdade achegou durante o ano 2024 recursos a preto de 170 concellos, unha vintena de entidades sociais e 60 asociacións de nais e pais (anpas) de toda Galicia para que puxeran en marcha iniciativas que axuden a compaxinar a vida laboral e a familiar, non só durante os meses de verán, senón durante todo o ano, cun investimento global de 7,7 millóns de euros.

Así coa axuda destes fondos desenvólvense campamentos, obradoiros, actividades de ocio ou servizos de madrugadores nos centros, entre outras propostas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan Corresponsables ao longo do ano 2024?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 10:23:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 10:24:04

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 10:24:11





Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 10:24:22

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 10:24:32

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 10:24:41

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 10:24:59

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 10:25:14

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 10:25:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás reestruturacións orzamentarias que vai levar a cabo o goberno galego ante a perda de recursos económicos de distinta índole por mor da derrogación do *Real Decreto-lei 9/2024, do 23 de decembro*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos da Xunta de Galiza teñen, ao longo do seu ano de vixencia, distintas modificaciós e axustes para se adaptar ás circunstancias. Este procedemento, que é legal, ten sido obxecto de críticas por parte da oposición e por parte do Consello de Contas polo abuso que o goberno fai del, facendo que o orzamento diste moito do que se aproba e coñece inicialmente.

Un dos elementos que pode condicionar a modificación dos orzamentos é o incremento ou a baixada de recursos e recentemente, o pasado 22 de xaneiro de 2025, o Congreso das e dos deputados celebraba un pleno extraordinario no foi derrogado con 177 votos en contra, 171 a favor e unha abstención o Real Decreto-lei 9/2024, do 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia económica, tributaria, de transporte, e de Seguridade Social, e se prorrogan determinadas medidas para fazer fronte a situacións de vulnerabilidade social.





OFICINA PARLAMENTAR
Partido de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Froito desa decisión política, se Galiza xa arrastraba un enorme problema de financiamento dos seus servizos públicos esenciais por un sistema de financiamento inxusto, centralista, insuficiente e caducado desde o 2014, agora vai ter que enfrentar a necesidade de facer axustes para soportar a carga económica que supón para as contas galegas a derogación deste decreto. Así, Galiza perde máis de 700 millóns de euros pendentes das entregas a conta, mais non só. Cómpre ter en conta que entre as medidas derogadas estaban, por exemplo, os mecanismos de axuda para a mobilidade, que suporían para Galiza máis de 17 millóns de euros para bonificacións ao transporte público por estrada, de competencia galega, e case 8 millóns para o transporte público competencia dos concellos.

A perda destes recursos, a comezar polos destinados ao transporte que a Xunta anunciou que vai manter, vai supoñer cambios orzamentarios, tanto a través de modificacións como da necesidade de incorrer en préstamos ou axustes dunha débeda que ocupa xa unha parte importante do orzamento galego pola mala xestión do Partido Popular.

É preciso polo tanto que o goberno galego sexa claro e transparente sobre as medidas que vai impulsar para enfrentar esta situación, aclarando de onde vai detraer os recursos e como vai prexudicar as finanzas galegas. Máis aínda nun contexto no que están a finalizar distintos fondos extraordinarios europeos e no que se impuxo de novo o marco de déficit, que limita o noso autogoberno económico e financeiro.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno galego remitir ao Parlamento de forma detallada e transparente as medidas de cambios orzamentarios que vai impulsar para asumir a grave baixada de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

financiamento que supón para as nosas contas a derogación do Real Decreto-lei 9/2024, do 23 de decembro?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2025 10:46:05

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2025 10:49:01

Óscar Insua Lema na data 24/01/2025 10:49:37

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/01/2025 10:50:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2025 10:50:51



A Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Verea Fraiz e Miguel Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Nun momento de transición enerxética como o actual resulta fundamental proceder á descarbonización dos principais sectores da nosa economía. Nese sentido, a industria, a construcción, o sector enerxético ou o transporte son ámbitos nos que era habitual o uso de combustibles fósiles.

Por ese motivo, o proceso de transición ten que abordar a substitución destes combustibles por outras alternativas más racionais, coa fabricación de materiais de construcción e procesos de producción eficientes, a instalación de proxectos de xeración de enerxía a partir de fontes renovables ou o emprego de vehículos más eficientes e menos contaminantes.

No eido industrial, o hidróxeno verde está a configurarse como un vector enerxético que, por unha banda, require e incentiva unha importante xeración de enerxía renovable e, por outra, permite a redución do emprego de combustibles fósiles naquelas industrias que fagan uso del.



Para un adecuado desenvolvemento tecnolóxico é fundamental a universalización dos seus posibles usos, e para iso resultará esencial unha rede europea de transporte que permita achegar a produción ao consumo.

Conscientes da importancia desta rede de transporte, e tendo en conta que desde xuño de 2022 incluíronse por primeira vez os proxectos de hidróxeno nas categorías elixibles como proxectos de interese común (PCI), desde Galicia o Goberno galego defendeu a inclusión do hidroxenoduto Guitiriz-Zamora nos PCI, co fin de contribuír a que o elevado potencial de fontes de enerxías renovables de Galicia poida aproveitarse para a produción de hidróxeno verde e o seu posterior transporte que facilite a descarbonización dos distintos sectores produtivos.

Neste contexto, en febreiro de 2023 Reganosa (empresa con participación da Xunta de Galicia) e Enagás asinaron un acordo polo cal, entre outras cuestións, Enagás adquiriu o total da rede de gasodutos de Reganosa e esta cedeu a Enagás a súa posición como promotor do hidroxenoduto entre Guitiriz e Zamora, candidato a PCI da Unión Europea. Pola súa banda, Enagás comprométíase a impulsar o desenvolvemento dessa infraestrutura de transporte e a súa conexión á interconexión con Portugal.

Este compromiso foi reafirmado o 4 de abril de 2023, coa firma do Pacto pola Enerxía, entre a Xunta de Galicia e Enagás, polo cal este último incorporouse á Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde, e comprométíase a actuar como promotor do hidroxenoduto entre Guitiriz e Zamora e a asegurar así a conexión enerxética da Comunidade coa Península e Europa.

Finalmente, en novembro de 2023, a Comisión Europea deixou este investimento fóra da súa última lista de PCI, o que implica que non estará entre as infraestruturas candidatas a lograr financiamento comunitario. En cambio, si se incluíu o ramal que





conecta Puertollano co eixe Huelva-Zamora, tras contar cun apoio explícito e decisivo por parte do Goberno central.

Recentemente, procedeuse á apertura do prazo para as novas candidaturas para a lista PCI, cunha *Call for Interest* na que os interesados puideron rexistrar ata o 18 de decembro as súas iniciativas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Tralo desleixo do Goberno central o ano pasado, ¿que valoración fai o Goberno galego para a posible inclusión na nova lista PCI do hidróxeno-ducto Guitiriz-Zamora?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 24/01/2025 10:41:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 10:41:47

María Deza Martínez na data 24/01/2025 10:41:53

Miguel Fidalgo Iglesias na data 24/01/2025 10:42:04

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/01/2025 10:42:13

Ángel Rodríguez Conde na data 24/01/2025 10:42:20

Cristina Sanz Arias na data 24/01/2025 10:42:29

Borja Verea Fraiz na data 24/01/2025 10:42:46

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 24/01/2025 10:43:01





A Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Verea Fraiz e Miguel Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Na planificación eléctrica 2021-2026 aprobada inicialmente, Galicia foi moi penalizada respecto aos plans anteriores ao asignarlle tan só 68 millóns de euros dun total de 6.964 millóns de euros, menos do 1% do total, fronte aos 308 millóns do período 2015-2020, cifra que entón representaba o 6,7%.

En paralelo á tramitación e aprobación desta planificación, promovérонse en Galicia unha serie de proxectos industriais intensivos en enerxía que precisan conexión á rede eléctrica para o seu consumo e para poder garantir a súa viabilidade e competitividade.

Sen embargo, coa planificación actual, quedan fóra proxectos que precisan case 1.200MW adicionais para garantir a súa posta en marcha e a súa viabilidade, e que constitúen proxectos industriais relevantes que pretenden ser o motor da economía galega na próxima década en sectores diversos, como, por exemplo, os biocarburantes ou a fabricación de hidróxeno e amoníaco, xerando á súa vez emprego directo na nosa Comunidade.

Por iso, desde Galicia demandouse en reiteradas ocasións que se incluíran nas modificacíons da actual planificación eléctrica as infraestruturas precisas para garantir a demanda dos proxectos industriais.





Con atraso, o 14 de decembro de 2023 iniciouse a audiencia e información pública da modificación de aspectos puntuais do Plan de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026, permitindo alegacións ata o 12 de xaneiro de 2024. Finalmente, por Acordo do Consello de Ministros, do 16 de abril de 2024, modificáronse aspectos puntuais do Plan de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026.

Se ben é certo que o documento aprobado recolle un aumento dos investimentos ata os 469 millóns de euros, non se recolle ningunha das actuacións propostas nas alegacións remitidas pola Xunta de Galicia, é dicir, mantivéronse as mesmas actuacións que xa incluía o documento sometido a audiencia e información pública, volvendo quedar sen resposta proxectos de grande interese para a nosa Comunidade Autónoma.

De feito, o principal investimento destas modificacións puntuais é o da subestación Novo Vigo 220 kV, que desaparecerá na planificación 2021-2026, primeira planificación aprobada polo Goberno de Pedro Sánchez, a pesar de que si estaba na planificación 2015-2020, última planificación aprobada polo Goberno de Mariano Rajoy.

Así mesmo, a pesar de incluír unha nova subestación na zona das Pontes, a SET Maciñeira 400 kV, non debemos esquecer que pretende ser unha solución a un problema creado polo propio Goberno central ao deixar a 0 MW a capacidade no nó das Pontes.

Pero é que ademais é unha solución limitada, xa que nas capacidades de acceso que Red Eléctrica de España publica o primeiro día de cada mes, pódese apreciar que a capacidade de acceso para módulos de xeración síncrona é de 945 MW, é dicir, 450 MW menos dos 1.400 MW que deberían ter os galegos e galegas para conseguir a



atracción de proxectos que contribúan á reconversión da comarca afectada polo peche da central térmica.

Pero de igual xeito que falamos de insuficiencia nas redes para dar resposta aos proxectos industriais consumidores de enerxía, tamén debemos falar de insuficiencia para evacuar a enerxía xerada e así acadar unha maior electrificación dos usos enerxéticos. Para conseguir os obxectivos fixados pola UE, vai ser necesario incrementar o parque de xeración eléctrica a partir de enerxías renovables, que se suma a que as industrias irán sendo más intensivas en consumos eléctricos, con electricidade xerada a partir de enerxías renovables, abandonando, polo tanto, combustibles fósiles.

En calquera caso, resulta necesario implantar de forma áxil nova infraestrutura eléctrica (liñas e subestacións), que permitan evacuar máis electricidade xerada a partir de fontes renovables (eólica terrestre, eólica *offshore*, solar fotovoltaica, etc.), e dar servizo a industrias con grandes consumos eléctricos (industrias tradicionais, pero tamén plantas de producción de hidróxeno, entre outras).

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulañan a seguinte pregunta en Pleno:

Ten coñecemento a Xunta de Galicia de se o Goberno de España vai dar unha “solución enerxética” aos proxectos industriais estratégicos da nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 24/01/2025 10:47:02





María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 10:49:17

María Deza Martínez na data 24/01/2025 10:49:24

Miguel Fidalgo Iglesias na data 24/01/2025 10:49:36

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/01/2025 10:49:48

Ángel Rodríguez Conde na data 24/01/2025 10:49:56

Cristina Sanz Arias na data 24/01/2025 10:50:08

Borja Verea Fraiz na data 24/01/2025 10:50:54

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 24/01/2025 10:51:07

A Mesa do Parlamento

Julio García Comesaña, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A ciencia é unha prioridade para a Xunta de Galicia, así queda plasmado na evolución dos investimentos dedicados a este ámbito na última década e que hoxe sitúan a Galicia como a comunidade autónoma que máis medra. Sen dúbida, a I+D+i é unha aposta estratéxica do Goberno galego, que favorece a creación de riqueza e benestar.

Para continuar avanzando por esta senda, a Xunta de Galicia articula as actuacións en materia de I+D+I en torno a dúas ferramentas operativas principais, por un lado, a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) e, polo outro, o Plan Galego de I+D+i, que ven de rematar a súa vixencia o pasado 31 de decembro.

O Goberno galego traballa desde hai meses na elaboración e o despregue dun novo plan para o período 2025-2027, faino a través dun proceso aberto e participativo no marco da Comisión Interdepartamental de I+D+i, liderado por GAIN, e na que están representados todos departamentos da Xunta de Galicia con competencias nesta materia.

Tal e como xa apuntaron os responsables do Goberno galego, o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027 terá entre os seus principais obxectivos acadar unha maior eficiencia e impacto das accións dirixidas a favorecer a investigación e a innovación; mellorar a coordinación dos sistemas de I+D+i e dos recursos dispoñibles, favorecendo a colaboración público-privada; e avanzar na coordinación de Galicia dentro dos plans e programas nacionais e internacionais.

Sen dúbida, a elaboración, presentación e desenvolvemento deste Plan debe ser entendido como unha oportunidade, non só para consolidar os avances realizados en materia de I+D+i, senón para abordar os novos retos nesta materia, consolidando un modelo que xa demostrou ser eficaz.





Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulañan a seguinte pregunta en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia o novo Plan galego de investigación e innovación 2025-2027?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 24/01/2025 11:08:18

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 11:08:32

José Luis Ferro Iglesias na data 24/01/2025 11:08:43

Patricia García González na data 24/01/2025 11:08:53

Rubén Lorenzo Gómez na data 24/01/2025 11:09:09

Carmen Pomar Tojo na data 24/01/2025 11:09:24

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/01/2025 11:09:39

Raúl Santamaría González na data 24/01/2025 11:09:47

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 11:10:01



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O programa "Acude e Axuda", foi no seu día pioneiro en España, tendo por finalidade rexistrar un grupo de voluntarios, formados en reanimación cardio-pulmonar e manexo de desfibriladores externos semiautomáticos (DESA), que cubran todo o territorio galego para crear así unha rede de possibles "salvadores" de vidas (reanimadores), facendo de Galicia unha comunidade cardioprotexida.

'Acude e Axuda' co que, ante unha parada cardiorrespiratoria na rúa, desde o 061 se envía unha SMS de alerta a voluntarios inscritos, procura que algún dos reanimadores estea dispoñible para intervir ao tempo que localiza o desfibrilador máis próximo.

Esta iniciativa, coordinada pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, permitiu e permite reforzar a atención ás emerxencias, á vez que pon de manifesto a voluntariedade e compromiso dos galegos participantes neste programa.

Fai unhas semanas tivemos coñecemento de que a Consellería de Sanidade, continuando o camiño comezado co programa 'Acude e Axuda', asinaba un convenio coa Cruz Vermella Española, a Sociedade Española de Cardioloxía e a Fundación Española do Corazón para a integración da Central de Coordinación da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 no programa Ariadna.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que melloras supón de cara a atención aos pacientes a integración de Galicia no programa Ariadna?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 11:31:12

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 11:31:22





Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 11:31:34

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 11:31:45

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 11:31:54

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 11:32:05

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 11:32:16

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 11:32:27

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 11:32:40



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Axencia galega de doazón de sangue, órganos e tecidos (ADOS), ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas coa doazón e o abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, e o procesamento e almacenaxe de células, tecidos e mostras biolóxicas humanas con fins diagnósticos, terapéuticos e de investigación.

A Axencia de doazón de órganos e sangue (ADOS) conta cos máis altos estándares de calidade que se poden obter no ámbito sanitario pois, na actualidade, ADOS dispón da máxima certificación de calidade ISO 9001:2015, así como as acreditacións de calidade outorgadas polo Comité de Acreditacións da Transfusión (CAT) e a European Federation for Immunogenetics (EFI).

Desde a súa creación a Axencia, xunto ca xenerosidade dos galegos, consolidou a Galicia como unha das primeiras comunidades en doazóns e transplantes, incluso na época da pandemia. Esta boa posición, que se vén de pór de manifesto unha vez máis cos datos correspondentes ao pasado ano 2024, fainos ser testemuños da xenerosidade de todos os galegos e galegas na doazón de sangue, órganos e tecidos.

Día a día dende a Axencia estase a desenvolver unha grande actividade, levando a cabo numerosas campañas de sensibilización en todos os ámbitos sociais, dende o universitario ata o empresarial, pasando polas institucións públicas e as diferentes asociacións que colaboran de xeito desinteresado.

Todo isto indo da man co programa de melloras en infraestruturas iniciado hai anos, a posta en funcionamento de novos locais e a incorporación de novas unidades móbiles.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos relativos a doazóns e transplantes na nosa comunidade?





Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 11:35:41

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 11:35:51

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 11:36:03

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 11:36:15

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 11:36:26

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 11:36:36

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 11:36:47

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 11:37:00

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 11:37:13



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Boa parte das enfermidades conxénitas do metabolismo (ECM) son enfermidades raras ou moi raras, pero en conxunto son patoloxías frecuentes, estimándose unha prevalencia global de 50,9 por cada 100.000 nacementos, constituíndo unha causa importante de morbi-mortalidade, tendo un impacto global notable desde a perspectiva de Saúde Pública. Aínda que de forma illada son pouco frecuentes, en conxunto estas enfermidades conxénitas adquieren unha grande importancia, xa que afectan a entre un 5% e un 7% da poboación.

Unha das características comúns a moitas enfermidades raras é a gran morbi-mortalidade que levan asociada. Isto evidencia que, se cuantitativamente as enfermidades raras son moi importantes, cualitativamente áinda o son más. Estes datos deberían axudar a situalas no lugar que lles corresponde no marco da saúde pública, tanto en España como a nivel global.

Neste senso a nosa comunidade foi pioneira coa aprobación no 2021 da Estratexia Galega de Enfermidades Raras 2021-2024, co obxectivo principal de establecer un novo modelo asistencial para as enfermidades raras, optimizado e baseado en criterios homoxéneos para garantir un prazo de diagnóstico máis reducido, menor variabilidade no manexo do doente e unha xestión más áxil, coordinada e eficiente.

A nivel estatal a comunidade galega é referente no que a cribados se refire, dende os neonatais, ata os cribados en adultos, sendo ferramentas estratégicas para realizar un diagnóstico precoz e mellorar a supervivencia da sociedade.





Recentemente tivemos coñecemento de que a Xunta de Galicia puxo en marcha un novo cribado para detectar cardiopatías conxénitas nos máis cativos.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulañan a seguinte pregunta en Pleno:

Que beneficios supón o novo cribado de cardiopatías conxénitas posto en marcha pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 11:40:08

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 11:40:19

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 11:40:32

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 11:40:43

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 11:40:53

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 11:41:05

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 11:41:18

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 11:41:29

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 11:41:41





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A saúde mental é o benestar emocional, psicolóxico e social dunha persoa, afectando dende como manexamos o estrés ata como nos relacionamos cos demais e tomamos decisións.

A pandemia supuxo un shock en moitos sentidos e puxo de manifesto cuestiós que ata ese momento agardaban nun segundo plano ou simplemente eran ignoradas pola sociedade. A crise da Covid-19 mostrounos a importancia de coidar a saúde mental e outorgar estratexias a toda a poboación, en especial á xente máis moza, para afrontar de maneira máis efectiva os retos que xorden cada día.

Sendo conscientes deste problema, a Xunta de Galicia foi pioneira coa posta en marcha do Plan de Saúde Mental Galicia posCovid-19 2020-2024, que permitiu fixar unha folla de ruta en canto á saúde mental e aumentar a contratación de psiquiatras, enfermeiros especialistas de saúde mental e psicólogos clínicos no sistema galego de saúde.

Este plan, eixe fundamental da acción neste eido en Galicia, conta cunha memoria asistencial detallada e unha dotación orzamentaria de 83 millóns de euros para os 4 anos do Plan, o que supón un incremento anual do gasto en saúde mental de 17 millóns de euros.

Nas contas deste 2025 o compromiso da Xunta de Galicia coa saúde mental volve quedar de manifesto cun incremento dos recursos, acadando arredor de 28 millóns de euros para mellorar a atención dos galegos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar a atención dos galegos no eido da saúde mental?





Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 11:46:35

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 11:46:47

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 11:47:00

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 11:47:10

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 11:47:20

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 11:47:32

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 11:47:43

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 11:47:54

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 11:48:07



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As infeccións respiratorias agudas son enfermidades infecciosas que afectan as vías respiratorias que poden variar en gravidade, dende condicións leves como o arrefriado común ata complicacións más serias, como a pneumonía.

A maioría das infeccións respiratorias agudas son causadas por virus e, aínda que adoitan ser leves, poden complicarse dependendo do estado de saúde xeral do individuo. Nalgúns casos, estas infeccións poden ameazar a vida, especialmente en poboacións vulnerables.

As infeccións respiratorias agudas son unha das principais causas de atención médica nos servizos de saúde nas tempadas de inverno, o que as converte nun importante problema de saúde pública sobrecargando os servizos de urxencias.

Para mellorar a atención de estas infeccións respiratorias, a Xunta de Galicia anunciou a posta en marcha dun Plan sanitario galego de inverno 2024-2025, co obxectivo de pór en marcha dun dispositivo para afrontar coas máximas garantías a tempada de gripe e de infeccións respiratorias a través da prevención, a vixilancia epidemiolóxica, a planificación dos recursos asistenciais e o seguimento e monitorización continua.

Este novo plan recolle medidas innovadoras como a posta en marcha dunha rede de vixilancia de farmacias, con 70 oficinas, que informan de forma semanal das dispensacións de medicamentos antigripais e de tests de antíxenos, permitindo analizar estas dispensacións comparándoas coa taxa de consultas por infeccións respiratorias agudas en atención primaria e coa taxa de ingresos hospitalarios con gripe confirmada.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do Plan sanitario galego de inverno 2024-2025 nesta tempada de gripe?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025





Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 11:50:47

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 11:50:58

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 11:51:11

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 11:51:21

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 11:51:29

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 11:51:44

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 11:51:55

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 11:52:23

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 11:52:36



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As enfermidades cardíacas son un grupo de trastornos que afectan ao corazón e aos vasos sanguíneos e representan unha das principais causas de morbilidade e mortalidade a nivel mundial. Estas condicións poden incluír problemas como a obstrucción das arterias coronarias, insuficiencia na capacidade de bombeo do corazón, alteracións no ritmo cardíaco e mal funcionamento das válvulas. A principal consecuencia destas enfermidades é a alteración no fluxo sanguíneo adecuado, o que pode xerar graves problemas noutros órganos do corpo debido á falta de osíxeno.

Os factores de risco más comúns para desenvolver enfermidades cardíacas inclúen a hipertensión, o colesterol elevado, a diabetes, o tabaquismo, a falta de actividade física e unha dieta pouco saudable. Estes factores contribúen ao dano progresivo dos vasos sanguíneos e o corazón, aumentando o risco de complicacións como infartos, accidentes cerebrovasculares, insuficiencia renal e morte súbita. Ademais, a predisposición xenética pode xogar un papel importante nalgúns persoas, facendo que estas enfermidades sexan más comúns en certos grupos.

Dentro das enfermidades cardíacas, o shock cardioxénico é unha condición médica grave que pode ser unha complicación de enfermidades cardíacas graves, como un infarto de miocardio, insuficiencia cardíaca avanzada ou problemas das válvulas cardíacas.

Nos últimos anos o incremento da incidencia e a súa elevada morbimortalidade, a pesar dos avances no tratamento e os dispositivos de soporte circulatorio mecánico, convérteno nun reto asistencial.

Recentemente tivemos coñecemento de que a Xunta de Galicia ía implantar un protocolo unificado de asistencia no tratamiento dos casos de shock cardioxénico.





Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que melloras supón para o Servizo Galego de Saúde a elaboración do Código shock cardioxénico?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 11:55:47

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 11:55:58

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 11:56:10

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 11:56:20

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 11:56:32

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 11:56:51

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 11:57:03

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 11:57:15

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 11:57:28





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Dende hai anos todos somos conscientes da escaseza de profesionais que se está a dar na atención primaria, nomeadamente no que a médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria se refire.

Somos testemuños de que a Xunta de Galicia leva feito diferentes estudos para formular un novo enfoque que permita seguir fortalecendo e reconfigurando o modelo de atención primaria como eixo vertebrador dun sistema sanitario más eficiente, adaptado ás demandas actuais da poboación e dos profesionais sanitarios, nun contexto que permita construír unha relación fluída coa ciudadanía.

Un dos obxectivos marcados polo Plan de Acción de Atención Primaria e Comunitaria 2022-2023 trata de “mellorar a accesibilidade e xestionar a demanda asistencial con novos modelos organizativos”. Para iso levouse a cabo a definición e implantación dun modelo de xestión integral da demanda asistencial coa intervención de todos os profesionais que conforman os equipos de atención primaria.

Este novo modelo, o chamado CRM100, busca transformar a atención primaria nos centros de saúde mediante o uso de novas tecnoloxías, mellorando a eficiencia, accesibilidade e calidade dos servizos sanitarios en Galicia, optimizando os recursos dispoñibles e reducindo a sobrecarga dos centros de saúde.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia dos resultados obtidos a través do CRM100?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 12:00:35

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 12:00:52





Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 12:01:06

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 12:01:15

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 12:01:25

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 12:01:37

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 12:01:50

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 12:02:03

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 12:02:20



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sistema Nacional de Saúde está a sufrir un déficit xeral de médicos, o que obriga aos diferentes servizos autonómicos de saúde a levar a cabo medidas que optimicen a atención dos pacientes sen sobrecargar aos facultativos nin ao resto de profesionais sanitarios.

Ao comezo da lexislatura, o conselleiro de Sanidade anunciou na súa comparecencia a posta en marcha dun Plan para reducir a burocracia na atención primaria. Este documento viña motivado polo feito de que os profesionais de atención primaria dedican moita parte do seu tempo a labores non clínicos en detrimento da atención aos pacientes.

O obxectivo do devandito plan, dicía o conselleiro, é que os profesionais sanitarios dediquen o máximo tempo posible da súa xornada á actividade clínica ou docente, reducindo tarefas administrativas que reducen a súa capacidade resolutiva, cuantificando ata o 30% do tempo da súas xornadas como tipo administrativo ou clínico-administrativas.

O reto fixado no seu día foi que en 2026 a burocracia da atención primaria en Galicia sería reducida ao mínimo imprescindible, levando a cabo diferentes medidas en distintas partes da atención primaria para acadar a meta fixada.

É por iso que despois de varios meses desde o seu anuncio e da aprobación do Plan para reducir a burocracia, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas leva posto en marcha a Xunta de Galicia con fin de reducir a burocracia na atención primaria?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:





María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 12:05:31

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 12:05:43

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 12:05:58

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 12:06:08

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 12:06:16

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 12:06:27

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 12:06:39

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 12:06:52

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 12:07:05





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Durante anos, dende a Consellería de Sanidade e dende esta Cámara, levamos facendo fincapé na importancia da atención primaria como o nivel asistencial clave na xestión da sanidade pública galega. A atención primaria, como porta de entrada ao sistema, resolve a meirande parte das consultas que se realizan sen necesidade de ser derivadas ao ámbito hospitalario.

Isto está apoiado polos estudos realizados e polos diferentes documentos de abordaxe dos retos aos que se enfrenta este nivel asistencial. Estudos que fan especial incidencia na necesidade de planificar proactivamente a unha determinada poboación, empregando para iso mecanismos como os Plans locais de saúde.

Estes Plans posibilitan unha atención integral, permitindo unha maior equidade, accesibilidade e proximidade no trato ao doente, así como unha mellor organización das axendas dos profesionais, buscando un liderado compartido entre os distintos profesionais.

Os Plans Locais de Saúde buscan involucrar aos cidadáns, autoridades locais e profesionais da saúde na identificación de problemas de saúde prioritarios e no deseño de intervencións e programas dirixidos a abordar eses problemas de maneira efectiva e eficiente.

Recentemente coñecemos que se firmaron 24 novos Plans locais de saúde sumándose aos xa existentes, aumentando o número de plans a 92 centros de saúde en toda Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia dos Plans locais de saúde?





Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 12:09:50

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 12:10:01

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 12:10:13

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 12:10:23

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 12:10:32

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 12:10:44

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 12:10:57

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 12:11:18

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 12:11:31



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O cancro de próstata é o cancro más común nos homes en Europa, España e Galicia. Entre os cancros, o de próstata é un dos que maior mortalidade produce entre os homes, en gran parte debido a que tamén é o cancro masculino más frecuente, con ao redor de 450.000 homes diagnosticados cada ano en Europa.

O atraso no diagnóstico pode provocar maiores taxas de metástases e, en consecuencia, un aumento da mortalidade e efectos negativos prolongados na calidade de vida. Non obstante, na actualidade o cribado do cancro de próstata realiza de forma oportunista, conducindo a un número elevado de falsos positivos, sobrediagnóstico e tratamentos innecesarios.

Dende este grupo somos consciente da importancia da prevención, ao igual que o é a Xunta de Galicia, quen fai unha aposta decidida pola detección precoz do cancro con cribados consolidados como o de mama, cérvix e colorrectal, ademais de estar a desenvolver outra pilotaxe na área sanitaria da Coruña e Cee para detectar cancro de pulmón.

O pasado mes de xuño de 2024, o Goberno galego puxo en marcha o proxecto piloto de cribado de cancro de próstata na área sanitaria de Ferrol para os homes de 50 a 69 anos, co obxectivo de acadar as 12.000 persoas cribadas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:





Como se está a desenvolver o programa piloto de cribado de cancro de próstata posto en marcha pola Xunta na área sanitaria de Ferrol?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 12:14:21

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 12:14:31

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 12:14:43

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 12:14:54

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 12:15:04

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 12:15:15

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 12:15:28

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 12:15:42

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 12:15:58





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No verán de 2022 a Consellería de Sanidade presentou neste Parlamento o Plan de Obesidade Zero, un plan que se centra na prevención do sobrepeso e a obesidade dende unha perspectiva de saúde pública.

Este documento que se estrutura en tres eixos estratégicos, once obxectivos e 41 accións, estableceu como meta reducir a prevalencia de sobrepeso nun 15% nos próximos oitos anos en Galicia.

O plan propón facelo buscando que a opción saudable sexa a más fácil de elixir, coas intervencións que amosan evidencia da súa eficacia que son, en primeiro lugar, modificar as contornas; en segundo termo, capacitar na toma de decisións e, en terceiro, fomentar a investigación e a innovación en promoción da saúde.

Dous anos despois, en marzo de 2024, a Consellería publicou no DOG a orde pola que se crea e se regula a Comisión Técnica para o seguimento e a avaliación do Plan Obesidade Zero en Galicia para potenciar o seu desenvolvemento.

Unha ferramenta que ten entre as súas funcións aprobar o plan anual de actividades do Plan Obesidade Zero e promover a intervención doutras entidades que desexen colaborar con intereses comúns en hábitos de vida saudables.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:





Que avances se levan feito no marco do Plan de Obesidade Zero?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 12:18:49

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 12:19:00

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 12:19:12

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 12:19:22

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 12:19:33

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 12:19:44

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 12:19:55

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 12:20:08

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 12:20:20





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A tuberculose é unha enfermidade infecciosa crónica causada pola bacteria *Mycobacterium tuberculosis*. Esta bacteria ataca principalmente aos pulmóns, aínda que pode afectar a outros órganos do corpo como os riles, a columna vertebral, os ganglios linfáticos e o cerebro, entre outros. A tuberculose é unha das enfermidades infecciosas más antigas coñecidas pola humanidade, e segue sendo unha das principais causas de morte por enfermidades infecciosas a nivel mundial.

A transmisión da tuberculose ocorre de persoa a persoa, xeralmente por vía aérea. Cando unha persoa infectada con tuberculose pulmonar tose, esbirra, fala ou mesmo canta, expulsa pequenas pingas de saliva que conteñen as bacterias no aire, polo que se unha persoa inhala estas pingas, pode contaxiarse. Aínda que non todas as persoas que se expoñen á bacteria desenvolven a enfermidade, aquelas con un sistema inmunolóxico debilitado son más vulnerables a enfermarse.

A infección por tuberculose non sempre provoca síntomas inmediatos. En moitas persoas, o sistema inmunolóxico é capaz de controlar a bacteria, o que resulta no que se coñece como tuberculose latente. Neste estado, as bacterias están presentes no corpo, pero non se multiplican nin causan síntomas, e a persoa non é contaxiosa. Con todo, se o sistema inmunolóxico debilitase, a infección pode progresar e converterse en tuberculose activa, que si presenta síntomas e pode ser contaxiosa.

Dende 1996 a Xunta de Galicia conta cun Programa galego de prevención e control da tuberculose que se vai actualizando periodicamente co obxectivo de mellorar a resposta a esta enfermidade.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a actuación fronte a tuberculose en Galicia nestes últimos anos?





Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 12:23:12

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 12:23:24

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 12:23:37

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 12:23:47

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 12:23:56

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 12:24:07

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 12:24:18

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 12:24:33

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 12:24:45



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A medicina xenómica é unha rama da medicina que se enfoca no estudo e a aplicación da información contida no xenoma humano, no diagnóstico, tratamento e prevención de enfermidades. Do mesmo xeito tamén pode contribuír á identificación de enfermidades raras e permitir a identificación dos portadores de determinadas enfermidades.

Isto implica o emprego de ferramentas moleculares e bioinformáticas para analizar a información xenética dun individuo e así obter información sobre a súa susceptibilidade a enfermidades, a eficacia de certos tratamentos e a identificación de biomarcadores que poden ser empregados para personalizar o tratamento.

De forma pioneira, a Xunta de Galicia puxo en marcha o Proxecto Xenoma Galicia, unha iniciativa que ten como obxectivo secuenciar o xenoma da poboación galega para estudar as bases xenéticas de diversas enfermidades e características de saúde específicas desta poboación.

Este proxecto está liderado pola Fundación Galega de Medicina Xenómica, un centro de investigación clave na nosa comunidade, dedicado a identificar os xenes responsables de enfermidades, entender os seus mecanismos, e mellorar o seu diagnóstico, prognóstico e tratamento.

Esta iniciativa enmárcase dentro das iniciativas de medicina personalizada e de precisión, o que significa que os resultados da investigación poderían utilizarse para adaptar tratamentos médicos ás características xenéticas dos individuos. Ademais, o proxecto busca identificar variantes xenéticas que poidan ser relevantes para enfermidades frecuentes en Galicia, como trastornos cardiovasculares, neurodegenerativos ou certos tipos de cancro.

O pasado mes de novembro a Consellería de Sanidade anunciou o comezo do Proxecto Xenoma Galicia, por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:





Que avances leva realizado a Xunta de Galicia no seo do Proxecto Xenoma Galicia?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 12:40:37

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 12:40:47

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 12:40:59

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 12:41:09

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 12:41:19

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 12:41:30

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 12:41:44

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 12:41:55

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 12:42:06





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Seguridade Social é un sistema público de protección que ten como obxectivo garantir o acceso dos cidadáns a servizos e prestacións económicas en situacións de necesidade ou vulnerabilidade, protexendo aos individuos fronte a riscos sociais como a enfermidade, o desemprego, a invalidez ou a maternidade, entre outros.

Dentro destas prestacións, unha das máis importantes son as incapacidades temporais, non só pola súa importancia económica, senón tamén pola súa magnitude na xestión e mantemento do Estado do Benestar.

As incapacidades temporais teñen un orixe multifactorial debido ás diferentes tipoloxías de traballo e casuísticas particulares de cada emprego, o que fai que cada proceso teña unhas consideracións propias a ter en conta. Isto constitúe á vez un fenómeno con importantes repercusións sanitarias e económicas, que afectan tanto á produtividade das entidades contratantes, como ao conxunto do país.

A evolución das incapacidades temporais nestes anos supuxo un cambio de paradigma no seguimento e control desta prestación debido á pandemia da COVID-19, tendo o conseguinte impacto na xestión desta prestación.

Recentemente coñecemos un informe da Xunta de Galicia cos primeiros resultados do programa de medidas que puxo en marcha para mellorar a xestión e o control dos procesos de incapacidade temporal, co obxectivo de optimizar todo o proceso de seguimento das baixas, buscando beneficiar tanto aos pacientes, como ao persoal sanitario.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:





Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas postas en marcha para o seguimento e control das incapacidades temporais?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 12:44:58

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 12:45:08

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 12:45:20

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 12:45:29

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 12:45:39

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 12:45:49

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 12:46:00

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 12:46:12

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 12:46:25





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A carencia de determinado persoal médico especialista que sofre todo o Sistema Nacional de Saúde está poñendo o foco máis ca nunca na necesidade de dar cobertura a determinadas prazas, unha realidade que non é particular de Galicia, senón un problema endémico en toda España.

Está claro que hai unha raíz común a este problema de déficit de médicos de que sufre toda España e por iso tamén debe haber unha proposta común para que se adopten solucións a nivel estatal. A esta situación engádesele outro problema, que é a falta de vontade do Goberno central, o cal leva máis de 6 anos de inacción fronte un problema urgente da sanidade pública.

En todas as comunidades autónomas somos conscientes desta situación, por iso cada autonomía dentro das súas competencias foi tomando medidas para intentar paliar a situación.

No caso de Galicia, unha das medidas más destacadas e de maior calado que se tomou foi a aprobación neste Parlamento, co único apoio do Partido Popular, da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde. Unha norma que habilita ao SERGAS a cubrir determinadas prazas por concurso de méritos, así como a outorgar unha maior puntuación para os profesionais que presten os seus servizos en determinados centros hospitalarios.





Tamén recentemente, na Lei de medidas introduciuse unha modificación dun artigo da Lei 2/2022 co fin de impulsar a provisión de postos de difícil cobertura para que os servizos prestados nos hospitais do distrito sanitario de Barbanza e no hospital do Salnés computen o triplo, englobando así a todos os hospitais comarcas.

Estas medidas, demostran a apostila do Goberno galego polos hospitais comarcas da nosa comunidade, buscando reforzar estes centros que achegan atención sanitaria a todos os cidadáns do noso rural.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas postas en marcha para incentivar a cobertura de prazas nos hospitais comarcas?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/01/2025 12:53:09

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2025 12:53:23

Víctor Baladrón Lamas na data 24/01/2025 12:53:35

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 12:53:46

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/01/2025 12:53:56

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 12:54:07

Noelia Pérez López na data 24/01/2025 12:54:18

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/01/2025 12:54:30

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/01/2025 12:54:41





A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O acceso á vivenda é un dos maiores retos aos que se confronta a sociedade galega e española no contexto actual, afectando de maneira especialmente grave á mocidade.

En Galicia, como no resto do Estado, os prezos do alugueiro e da compra de vivenda están disparados, mentres que a oferta de vivenda é claramente insuficiente para atender á demanda existente. Esta situación dificulta enormemente a emancipación da mocidade, que se ve obrigada a atrasar ou renunciar ao inicio dunha vida independente, coas graves consecuencias que isto ten tanto no plano persoal como no social.

A escaseza dunha política efectiva a nivel estatal non fai máis que agravar esta problemática. A Lei de Vivenda, que podería representar unha oportunidade para mitigar esta situación, demostrou ser ineficaz á hora de abordar as causas profundas do problema. En lugar de ofrecer solucións reais, está a engadir trabas que complican ainda máis o acceso á vivenda.





Ante este panorama, a Xunta de Galicia, plenamente consciente desta realidade e das necesidades urxentes dos galegos e galegas, está a poñer en marcha unha serie de medidas e políticas concretas destinadas a paliar o problema e facilitar o acceso á vivenda.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulañan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas específicas está a impulsar a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para favorecer o acceso da mocidade a unha vivenda digna e accesible en Galicia?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 24/01/2025 13:49:01

María Deza Martínez na data 24/01/2025 13:49:14

Cristina Campero Dorado na data 24/01/2025 13:49:25

José Luis Ferro Iglesias na data 24/01/2025 13:49:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 24/01/2025 13:49:55

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/01/2025 13:50:09

Carmen Pomar Tojo na data 24/01/2025 13:50:21

Roberto Rodríguez Martínez na data 24/01/2025 13:50:35

Gonzalo Trenor López na data 24/01/2025 13:50:50

Katherinie Varela Fernández na data 24/01/2025 13:51:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Ariadna Fernández González e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a formación dos pais e nais do alumnado sobre o control parental no uso das redes sociais e novas tecnoloxías.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os perigos das redes sociais son recoñecidos polos xigantes tecnolóxicos que as crearon e as manteñen vixentes. Son coñecedores das nefastas consecuencias que un uso indebido pode ocasionar en calquera país avanzado, malia a isto, as redes sociais serviron para abrir a porta a unha serie de perigos que ninguén sospeitaba hai poucas décadas.

Como sociedade correspónenos a cada unha de nós coñecer os perigos das redes sociais, saber como evitalos e como minimizar o dano que pode achegar á nosa vida. Pero igual acontece cos nenos e nenas e adolescentes que son as nosas fillas e fillos co uso cada vez máis cotiá e estendido das novas tecnoloxías e redes sociais.

Para poder protexernos e protexer aos máis pequenos/as, en primeiro lugar debemos ser conscientes da ameaza que pode supoñer un uso indebido das TIC, das súas consecuencias e de como poder xestionar un control parental do mesmo para tomar as medidas de seguridade precisas. Para as familias, pais e nais, supón un esforzo importante que vai necesitar da información, formación e apoio permanente de profesionais cualificados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un obxectivo básico para as Escolas de Pais e Nais debe ser facilitar todas as ferramentas necesarias ás familias para poder exercer ese control parental que lles permita coñecer a actividade das máis pequenas nas redes e internet, de tal xeito que poidan adiantarse a posibles perigos, acosos, estafas, etc. nas que poidan atoparse.

As familias deben coñecer que as consecuencias deste mal uso das novas tecnoloxías pode ir dende problemas de saúde mental e físicas, ansiedade, baixa autoestima, falsa burbuilla de contidos aditivos, exposición pública ou acoso.

É fundamental que protexamos ás menores, porque son especialmente vulnerables a cuestións de seguridade. Saber como poñer límites á publicación de fotos, rutinas e hábitos diarios tendo en conta que as súas accións no mundo virtual poden ter graves consecuencias no mundo real.

Protexer aos nenos/as ensinándolles a utilizar as redes sociais para que poidan gozar das vantaxes que ofrecen, sen sufrir o seu lado máis escuro e perigoso.

Pero estas escolas son impulsadas, na maioría dos casos, polas ANPAs dos centros educativos ou ben polos concellos, e non en todas as vilas e cidades existe esta posibilidade de apoio e formación ás nais e pais, polo que debe ser un recurso que implemente a Xunta de Galiza a través da Consellería de Educación ou a Consellería de Política Social para conseguir avanzar na eliminación deste problema cada vez más preocupante para as familias, detectando, en coordinación cos centros, aqueles casos en que as propias familias non o fixeron.

No propio Pleno da Infancia e Adolescencia na Campaña Mundial pola Educación, celebrado o pasado ano no Parlamento de Galiza, as persoas participantes, nenas, nenos e adolescentes, advertían dos riscos que a maioría deles/as corrían e da posible solución a través de facilitar a información necesaria nas Escolas de Pais e Nais, advertindo da súa escasa existencia na maioría dos concellos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar o Goberno Galego para proporcionar a todas as familias galegas a posibilidade de asistir a unha Escola de Pais e Nais xestionada dende a Consellería de Educación ou Consellería de Política Social, coa finalidade de informar, formar, facer seguimento e dar apoio sobre os perigos do uso por parte do alumnado galego das novas tecnoloxías e redes socias, co obxectivo de previr problemas de seguridade das persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 27/01/2025 09:57:39

Ariadna Fernández González na data 27/01/2025 09:58:39

Daniel Castro García na data 27/01/2025 09:58:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urgencia de dar resposta á demanda do IES Agra do Orzán (A Coruña) de acrecentar o profesorado que permita atender o alumnado con necesidades de apoio educativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Reiniciado o curso escolar após as vacacións de nadal, a co munidade educativa do IES Agra do Orzán volve denunciar publicamente que o alumnado máis vulnerábel, inmigrante, con necesidades urgentes de apoio educativo e lingüístico por careceren de coñecementos das linguas oficias de Galiza, segue abandonado pola Consellería de Educación.

Unha situación que non é novedosa, pois xa a comezos de curso este instituto se viu obrigado a iniciar concentracións públicas ante a nula resposta por parte da Consellería ás múltiples e infructuosas peticións de persoal docente necesario para atender a particular casuística deste centro educativo.

Un silencio do goberno galego coa comunidade educativa que tamén sostivo co grupo parlamentario do BNG ao non responder ás preguntas escritas que rexistramos o pasado mes de outubro.

É por iso que, ante a inacción tan irresponsábel da Xunta, volvemos rexistrar agora novas iniciativas para demandarlle ao goberno actuacións inmediatas que poñan fin á incomunicación e exclusión do alumnado inmigrante no IES Agra do Orzán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar dun instituto situado nun dos barrios más densamente poboado non só de Galiza senón de España, multidiverso culturalmente, como se pode comprobar neste instituto que escolariza alumnado de 20 nacionalidades procedente de familias lingüísticas moi diferentes.

Esta diversidade cultural, que debe ser entendida como unha oportunidade de aprendizaxe para a totalidade da comunidade educativa, debe ser acompañada de recursos educativos que favorezan a integración, pois, en moitos casos, a procedencia orixinaria do alumnado non ten referencia lingüística común.

Descoñecer algúns das linguas oficiais de Galiza, en moitos casos as dúas, dificulta a integración na comunidade e impide o acceso á educación. Unha administración que desatende esta realidade está a vulnerar un derecho esencial como é o derecho á educación.

Precisamente esta situación é a que se está a dar no IES Agra do Orzán, e xa non é a primeira vez que sucede, polo que a desatención da Xunta con este centro xa é reincidente.

Por todo o exposto formulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai dotar a Xunta no inmediato do profesorado especialista que demanda o IES Agra do Orzán da Coruña?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2025 10:34:33

Cristina Fernández Davila na data 27/01/2025 10:35:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórre, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fenrández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os pagos da EHE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A EHE é unha enfermidade vírica transmitida por un mosquito vector, que afectou a unha gran cantidade de bovinos no noso país durante o 2024. Chegaron a contabilizarse 5372 positivos confirmados en laboratorio na pasada campaña, unha cifra que non deixa de ser de escasa fiabilidade, xa que houbo moitos animais que non foron sangrados por diversos motivos, un deles, a imposibilidade dos servizos veterinarios da Xunta para facelo debido á sobrecarga de traballo á que foron sometidos durante os meses onde o pico de afectación foi máis esaxerado. Tanto é así, que os sospeitosos de padecela ascenden dos 7000 animais, de xeito que, o momento do sangrado e a posibilidade de levalo a cabo foi un factor determinante á hora de contabilizar positivos no noso país, tendo casos especialmente dramáticos en Lugo e Ourense, onde os servizos de sanidade tiñan un colapso evidente para levar a cabo estas tomas de mostras.

A pesares diso, dende a Xunta de Galiza non se puxeron en marcha as axudas pertinentes ata que a situación dos gandeiros e gandeiras foi límite e, cando estas se anunciaron, para decepción de todos e todas as afectadas, informouse a través da propia páxina da Consellería de Medio Rural, de que todas as explotacións afectadas recibirían o importe de 20 euros por animal censado, independentemente do número de casos que se sufriran na explotación. A medida recibiu con decepción debido á pouco xusta repartición das indemnizacións que, coma de costume, beneficiaba ás ganderías de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

grande tamaño e deixaba nunha situación moi complicada ás pequenas ganderías afectadas, máis tranquilizou aos gandeiros e gandeiras, porque asumiron que as axudas non dependían da cantidade de animais con diagnose laboratorial positiva.

Este pasado venres, pola contra, a Conselleira de Medio Rural, nunha visita á comarca do Deza, anunciaba que as axudas comenzarán a recibirse a partires da próxima semana, e declarou que cada animal positivo diagnosticado suporá un importe de indemnización de cen euros, medida da que non eramos coñecedoras e que prexudica a aqueles que non tiveron opción para diagnosticalos e que se viron enganados pola falsa idea que transmitiran os anuncios das axudas de que se recibirían por explotación afectada e polo censo desta, non por animal diagnosticado como positivo por o persoal veterinario da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que actuou con transparencia e equidade ao non informar aos gandeiros e gandeiras de que as indemnizacions por EHE dependían dos animais diagnosticados como positivos cando, en moitos casos, non había medios humanos para levar a cabo a diagnose nin laboratorial nin visual?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/01/2025 11:02:42

Sonia Vidal Lamas na data 27/01/2025 11:03:38

Secundino Fernández Fernández na data 27/01/2025 11:04:02



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en Pleno.

A agrupación de voluntarios de Protección Civil no concello de Ribadumia é unha das más numerosas da comarca do Salnés e por iso colabora en moitos dos eventos do concello e da comarca que, sobre todo, na tempada estival, son moi abundantes.

Protección Civil de Ribadumia é a entidade pertencente a un municipio de menos de 10.000 habitantes que máis número de socios voluntarios ten inscritos, máis de 30.

Estes voluntarios tiñan ata o mes de setembro a súa sede nun edificio da rúa Condesa, que tiveron que abandonar porque unha reforma que se ía acometer nesta rúa e a súa contorna, implicaba o derribo deste inmoble.

O Concello ofreceulle como alternativa provisional a Casa da Cultura de Besomaño e prometeulle que lles proporcionaría outra radicación definitiva que tiver unhas condicións axeitadas.

Esta medida causou un gran rexeitamento social porque supuxo deixar á parroquia de Santa María de Besomaño sen as actividades que se viñan desenvolvendo na Casa da Cultura e, por outra banda, o descontento dos voluntarios de Protección Civil, xa que este local é pequeno, está en malas condicións e non é seguro para deixar os custosos equipos de emergencias.



Dende o Grupo Socialista cremos que é necesario un centro definitivo que cumpra as condicións necesarias para o labor que este equipo de voluntarios desenvolve, pero conscientes da limitación económica que presenta un concello pequeno como é o de Ribadumia, defendemos que o Goberno da Xunta ten que colaborar na construcción ou nas obras de acondicionamento deste local.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego colaborar co Concello de Ribadumia para dotar o corpo de Protección Civil dunha nova sede que reúna as condicións axeitadas para a tarefa que este corpo desenvolve?

Santiago de Compostela, 27 de enero de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/01/2025 11:20:05

Patricia Iglesias Rey na data 27/01/2025 11:20:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A necesidade de conservar o patrimonio material é fundamental para preservar a identidade e a memoria colectiva dunha sociedade.

Conservar estes elementos significa protexelos fisicamente, e tamén garantir que as xeracións futuras poidan acceder a eles para entender o pasado.

No concello de Pontecaldelas existen os denominados “Pasos de Taboadelo” ou “pasos do Verdugo” que eran un vao sobre o río de orixes incertas, pero pola súa apariencia poderían levar séculos.

Localízanse na unión dos vales do río Verdugo e o Rego de San Vicente, aproveitando unha zona de sedimentación provocada pola súa unión.

Estas poldras unen varias parroquias desde Taboadelo e Parada cara a Ínsua e Silvoso e ademais de que na actualidade se atopan moi deterioradas, no seu día foron movidas da súa radicación orixinaria.

Estes pasos que cruzaba o Verdugo aparecen en escritos do Padre Sarmiento e incluso se relacionan con un Camiño de Santiago que unía esta zona de Ponte Caldelas con Soutomaior.

Desde o punto de vista cultural, é necesaria a súa conservación que vai permitir que os valores, tradicións e coñecementos asociados con estos elementos perduren.

Ademais, estes pasos forman parte do patrimonio material de Galicia e representan un papel crucial na educación, xa que proporciona ás persoas un vínculo directo coa súa historia e as súas raíces, fomentando o sentido de pertenza e o respecto pola diversidade cultural.





En termos sociais e económicos, a conservación do patrimonio material tamén ten un impacto importante, xa que o turismo cultural é unha fonte significativa de ingresos.

Dende o Grupo Socialista cremos que o Goberno da Xunta de Galicia como Administración competente na conservación do noso patrimonio debe actuar para a conservación destes pasos sitos no concello de Pontecaldelas, mediante o seu traslado ao lugar orixinario, garantindo a súa conservación e informando aos visitantes sobre a súa orixe e historia.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego actuar sobre os denominados “pasos de Taboadelo” ou “pasos do Verdugo” sitos no concello de Pontecaldelas para garantir a súa conservación?

Santiago de Compostela, 27 de enero de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/01/2025 11:35:03

Julio Abalde Alonso na data 27/01/2025 11:35:13

Silvia Longueira Castro na data 27/01/2025 11:35:25





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A falta de chan industrial no termo municipal de Pontevedra é un dos principais déficits que ten a competitividade económica de Pontevedra co resto de cidades galegas e do Estado; tanto que a disposición de solo libre deste tipo é a día de hoxe de praticamente 0 m².

O polígono industrial do Campiño está esgotado desde hai anos e non hai en perspectiva un só proxecto de desenvolvemento de novas bolsas de chan industrial de cara ao futuro, salvo a infinitamente adiada ampliación do Campiño nunha nova fase duns 350.000 m², que serían un simple parche que paliase a situación a curto prazo, pero incapaz de dar solución ás necesidades de Pontevedra de cara ao futuro.

Os empresarios e empresarias da cidade, así coma diversos colectivos sociais levan anos advertindo da obriga de corrixir este problema, especialmente grave se se ten en conta que desde que se inician os estudos para a dotación de novo chan industrial ata que este está plenamente operativo son necesarios varios anos de traballos e trámites administrativos diversos, de tal xeito que é preciso iniciar canto antes eses traballos para reducir o tempo no que Pontevedra, si ou si, seguirá sen chan industrial.

Só os países e as cidades que teñen unha sólida base industrial son territorios fortes desde o punto de vista económico, son os que lideran a xeración de



emprego e riqueza nos seus países, os que incrementan poboación e os que se poden dotar de mellores servizos públicos grazas á riqueza xerada.

O futuro de Pontevedra, para ser unha das capitais que contén desde o punto de vista económico, tanto en España coma en Galicia, pasa por facer compatible o seu modelo de cidade amable co dunha importante área industrial, que tamén pode ser amable, liderando, por exemplo, o asentamento de industria verde en Galicia, aproveitando infraestruturas de primeira orde coma o Porto de Marín e Pontevedra, a conexión por alta velocidade coa Meseta e con Portugal, a mellora das estradas de alta capacidade, a proximidade a outras importantes áreas industriais, etc.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Comparte este goberno a idea de que o futuro económico da Comarca de Pontevedra, pasa polo desenvolvemento de diferentes áreas industriais?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/01/2025 11:25:31

Patricia Iglesias Rey na data 27/01/2025 11:25:40

Lara Méndez López na data 27/01/2025 11:25:52

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O 22 de xaneiro o 112 Emerxencias Galicia publica nas súas redes sociais unha mensaxe cuxa finalidade é “aparentemente” sensibilizar a poboación sobre o uso correcto de estufas e calefactores para evitar incendios, pero novamente volvemos a lamentar o contido machista co que se enfoca a campaña.



15 1



112emergenciasgalicia Nunca seques roupa sobre calefactores ou estufas. Pode parecer unha boa idea, pero o risco de incendio é alto.

Por un fogar cálido e seguro.



Nunca seques roupa sobre calefactores o estufas. Puede parecer una buena idea, pero el riesgo de incendio es alto.



64015





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 11:49:54
Nº Rexistro: 18460
Data envío: 27/01/2025 11:49:54.854

Novamente o Goberno galego volve materializar nunha campaña informativa e de sensibilización para á cidadanía unha falla total de perspectiva de xénero, cunha cosificación total do corpo da muller.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista mostramos a nosa repulsa cara contidos deste tipo que non poden ter cabida nunha sociedade moderna, igualitaria e democrática, polo tanto, esiximos ao Goberno galego que a retire e esixa aos equipos publicitarios que traballen coa Administración e os seus organismos públicos que teñan formación en materia de igualdade.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

Como xustifica o Goberno galego unha campaña machista como a publicada na conta de 112 Emerxencias Galicia da rede social Instagram o 22/01/2025?

Santiago de Compostela, 27 de enero de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/01/2025 11:39:14

Elena Espinosa Mangana na data 27/01/2025 11:39:23

Silvia Longueira Castro na data 27/01/2025 11:39:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a financiación dos concellos a cargo do canon eólico e para modificar a orde reguladora e convocatoria das axudas do Fondo de Compensación Ambiental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, que regula o aproveitamento eólico en Galicia, tamén creou o chamado canon eólico, un tributo galego para gravar a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aeroxeradores afectos á producción de enerxía eléctrica e situados en Galiza. Os ingresos recadados xestionaríanse polo Fondo de Compensación Ambiental, co único fin de contribuír a regular e preservar o medio ambiente na súa consideración de ben protexido.

A propia lei no seu artigo 9 establece que “os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, destinaranse a conservación, reposición e restauración do medio ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das que serán principais beneficiarios os municipios afectados pola implantación de parques eólicos e polas instalacións de evacuación destes”.

Pois ben, dende a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galiza foi aprobando anualmente a orde pertinente que regula os criterios de repartición e pola cal se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental destinadas a entidades locais de Galiza.

Dende o ano 2010, estas ordes foron cambiando os criterios de reparto dos ingresos asignados ao fin para o cal se creou o canon e as bases reguladoras das convocatorias destas axudas, ao igual que cambiou a recadación do canon, que foi minguando debido ás repotenciacións dos parques e ao immobilismo da Xunta para modificar a base imoñible do canon, que consistía ata hai escasos meses, na suma das unidades de aeroxeradores existentes nun parque eólico.

É certo que a propia lei, no artigo 25, regulando o destino dos ingresos recadados, blindaba o 50% dos recursos anuais para a axudas aos concellos, co obxectivo de destinalos preferentemente á realización de gastos de investimento nos entes locais cuxo termo municipal se atopase dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e, igualmente, dos afectados polas correspondentes instalaciones de conexión, e en concreto a actuacións de investimento de naturaleza productiva e xeradora de emprego, especialmente as siguientes:

- a) Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e a recuperación do medio natural degradado ou contaminado.
- b) Actuacións de impulso da eficiencia e utilización sostible das enerxías renovables.

Namentres, o restante 50% dos ingresos recadados pola administración, ían á Administración autonómica para financiar actuacións que tiveran como obxectivo a protección do medio ambiente e da contorna natural e o fomento da investigación que conduxeran á mellora da eficiencia no aproveitamento dos recursos das enerxías





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

renovables e da sustentabilidade dos sistemas naturais que os soportan, mantendo os seus valores e impulsando a súa utilización recreativa e educativa.

A continuación, unha mostra comparativa dos datos relativos ao Fondo de Compensación Ambiental (FCA) segundo a información obtida das ordes que regulaban cada ano as axudas do FCA, neste caso a primeira en saír do ano 2010 e a última correspondente ao ano 2024.

CADRO COMPARATIVO DAS ORDES PARA OS ANOS 2010 E 2024

	RECADACIÓN TOTAL DO CANON	ASIGNACIÓN TOTAL DO FCA	ASIGNACIÓN Á LIÑA DE CONCORRENCEIA NON COMPETITIVA	ASIGNACIÓN Á LIÑA EN CONCORRENCEIA COMPETITIVA	ASIGNACIÓN Á XUNTA (DXAD E DXEI)
ANO 2010	22.645.400,00	11.209.275,00	7.797.077,40	3.412.197,60	0,00
ANO 2024	22.450.000,00	11.111.900,00	6.007.596,00	1.576.869,00	3.527.435,00

Destes datos podemos extraer algunas conclusións:

1ª- O Canon recada cada vez menos, e debido ás últimas repotenciacións aprobadas, no futuro recadará aínda menos, en parte pola nova base imoñible, producto da última modificación da lei.

2ª- A reducción paulatina da asignación fixa e non competitiva para os concellos que contaban con parques eólicos ou liñas eléctricas e instalacións dos mesmos.

3ª -A reducción paulatina e drástica da asignación á liña de concorrenzia competitiva, á que podían optar todos os concellos galegos, con ou sen parques eólicos. A pesar de que na última convocatoria, modificouse a orde e aumentaron esta partida, ata os 3.224.264,78 €.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4ª -O incremento dos fondos destinados á Administración Galega, en detrimento dos concellos, con destino á Dirección Xeral da Administración Local e á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior , neste último caso para destinala aos Consorcios provinciais contra incendios, segundo dispón á Orde reguladora.

Ao goberno da Xunta non lles chegaba o 50% da recadación do Canon eólico, senon que foron co paso dos anos, absorvendo máis fondos dos que se destinaban inicialmente aos concellos, para destinalos a servizos de competencia exclusiva da Xunta que xestionan directamente ou que veñen delegando ou derivando ás entidades locais. Unha forma, por activa ou por pasiva, de condicionar uns fondos que deberan ser xestionados directamente polos concellos, sen ningunha condición máis, que destinalos á reducir o impacto ambiental e mellorar as condicións ambientais de vida de quen padece a convivencia cos parques eólicos, para evitar o despoboamento dos lugares próximos a eles.

Estamos pois ante unha financiación totalmente finalista, pois na última orde reguladora publicada no DOG do 24 de xaneiro de 2024, o artigo 4 encárgase de determinar os gastos subvencionables, e os criterios e obxectivos das actuacións a realizar. Sorprende que a Xunta non inclúa actuacións subvencionables destinadas á loita contra os incendios, como poden ser depósitos de auga contraincendios, namentres que a mesma Xunta si destina parte dos ingresos do Canon para financiar actuacións na loita contra os lumes, como fai os consorcios provinciais contra incendios.

Estas ordes deberan elaborarse atendendo a outros criterios de reparto dos ingresos recadados, e tamén atendendo ás necesidades que plantean moitos concellos, respecto da tramitación da convocatoria das axudas. Un exemplo é o escaso intervalo de tempo co que contan os concellos para executar os proxectos subvencionados, namentres que a Xunta conta con catro meses para resolver as axudas, os concellos non teñen nin cinco meses para licitar, cando procede, os contratos e executalos. Os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concellos atópanse con problemas de financiación para iniciar a execución dos proxectos antes de que llos aproben na DXAL, teñen que esperar a súa aprobación para xerar o crédito orzamentario, contan con pouco personal para tramitar e licitar os contratos, o mercado non da abasto para executar obras ao mesmo tempo obligándoos a esperar, e o tempo climático, non sempre é favorable para acometer determinadas obras no exterior, tendo en conta que o prazo para executalos é o 31 de outubro, e tanto setembro como outubro, son meses nos que pode chegar a chover moito. Esta circunstancia provoca que existan concellos que se enfrentan ano tras ano a mermas nas axudas concedidas, por imposibilidade de xustificar en prazo a finalización das actuacións e ter que devolver parte dos fondos ou perder parte das axudas concedidas. Tendo en conta, que as partidas económicas destinados a estas axudas son fondos propios da Administración Galega, sería necesario:

-Que os importes máximos asignados a cada concello ata o momento na liña de concorrencia non competitiva, se transferiran a cada un deles, a través do Fondo de Cooperación Local, aumentando a financiación local incondicionada e garantindo a autonomía municipal.

Para a liña de axudas en concorrencia competitiva, se adoptaran as seguintes medidas:

-Publicar antes do 1 de xaneiro de cada ano natural a orde de convocatoria das axudas

-Resovelas no prazo máximo de 2 meses.

-Ampliar o período de xustificación da execución das actuacións como mínimo ata o 30 de novembro de cada ano natural.

- Ou como mellor alternativa, aprobar a liña de axudas con carácter plurianual, o que facilitaría en gran medida a previsión dos concellos para acometer as actuacións, as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cales poderían ser de maior envergadura, alcance, e transcendencia para cumplir obxectivos que precisan de maior investimento económico, sen estar limitados sempre polas cantidades anuais. As partidas do FCA non mudaron moito os últimos anos, polo que coa autorización do Consello da Xunta, podería darse carácter plurianual a liña de axudas con concorrencia competitiva.

Por todo o exposto formulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o motivo que impide que se poidan transferir directamente os importes recadados co canon eólico aos concellos que teñan parques eólicos ou instalacións anexas, para que os destinen á conservación, reposición e restauración do medio ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Luis Bará Torres
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 27/01/2025 12:25:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 27/01/2025 12:27:04

Luis Bará Torres na data 27/01/2025 12:27:25



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a redución da xornada lectiva nas escolas infantís.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través da resolución do 10 de xaneiro de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidades acordouse, cunha parte das organizacións sindicais, a redución do horario lectivo do persoal docente que imparte ensinanzas en educación infantil, abordando unha xornada laboral de 35 horas no canto das 37,5 horas que se viñan dando ate agora. Foi nesa resolución na que se permitía que, dende a xerencia do Consorcio puideran autorizarse tempos para reunións dentro do horario de apertura das escolas infantís Galiña Azul, que representan 145 centros no noso país.

Xa naquel momento, o sindicato maioritario, avisaba de que a medida non era proveitosa para os traballadores/as, xa que as horas que adicaban á programación e preparación das aulas desaparecían, sen quedar tempo para reunións entre equipas ou para titorías, por exemplo. Tampouco a consideraban unha medida que favorecera ás familias e a súa capacidade de conciliación xa que, coma se acaba de dar a coñecer, estas horas que se adicarán ás tarefas educativas necesarias das escolas irán en detrimento do horario de apertura establecido. Desta maneira, ademais de reducir os tempos que as equipas educativas adican a estas funcións, pasando a ser 6 horas anuais para levar a cabo a programación de 11 meses de escolarización infantil, repartidas en 3 días durante o curso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora, as propias escolas infantís deberán indicarlle á Xunta de Galiza que días de xaneiro/ febreiro, marzo e xuño reducirán a xornada de atención ás crianzas, pechando a partires do mediodía para poder reunirse de 14.00 a 16.00 horas, de xeito que as familias quedarán sen servizo de conciliación esas horas en todo o país, así coma o día 2 de maio, que tampouco será lectivo coa fin de levar a cabo estas actividades de programación, planificación e titorías.

Estas novas medidas chegan por sorpresa tanto para as familias coma para as equipas educativas, en detrimento do servizo das escolas infantís públicas e da conciliación familiar, en contraposición da suposta calidade do servizo.

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como garantirá a Xunta de Galiza a conciliación para as familias durante as xornadas nas que as equipas educativas leven a cabo as tarefas de programación, planificación e titorías e que estas teñan tempo abondo para realizar de xeito adecuado esta función?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/01/2025 12:58:32

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2025 13:00:18



Á Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

A Rede de Bibliotecas de Galicia é unha rede colaborativa da que forman parte a gran maioría das bibliotecas públicas galegas, adoptando uns servizos e unhas políticas bibliotecarias comúns. Segundo este criterio de uniformidade, esta Rede foi creada para desenvolver e planificar a oferta bibliotecaria pública de todo o país.

De acordo con isto, as bibliotecas integradas na Rede comparten un catálogo único e prestan servizos indistintamente a calquera persoa que dispoña do carné de biblioteca dunha das bibliotecas que forman parte dela.

A dirección e coordinación da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia é responsabilidade da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Que balance fai o Goberno galego do traballo desenvolvido pola Rede de Bibliotecas de Galicia?

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





Carmen Pomar Tojo na data 27/01/2025 17:44:34

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/01/2025 17:44:47

José Luis Ferro Iglesias na data 27/01/2025 17:44:55

Víctor Baladrón Lamas na data 27/01/2025 17:45:05

Julio García Comesaña na data 27/01/2025 17:45:19

Patricia García González na data 27/01/2025 17:46:56

María Felisa Rodríguez Carrera na data 27/01/2025 17:49:01

Raúl Santamaría González na data 27/01/2025 17:50:52

Cecilia Vázquez Suárez na data 27/01/2025 17:51:50



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O día 13 de xaneiro, coñeciamos o déficit de enfermeiras e enfermeiros en España, que se arrastra desde hai décadas e que e nos sitúa en 100.000 profesionais.

A diferenzas entre CC.AA é considerable, da mesma forma que existen diferenzas entre as provincias de Galicia.

Pero a cifra que citamos, é só para equiparar o cociente coa Unión Europea que se sitúa en 8,5 enfermeiras e enfermeiros por cada 1.000 habitantes, estando a media de España en 6,5 profesionais por eses 1.000 citados habitantes.

Pero se agora o que facemos é confrontar esta media coa das provincias galegas, vemos que só Lugo está por encima da media de España e o resto dos cocientes provinciais son realmente preocupantes. Pontevedra ocupa o último lugar con 3,93 enfermeiras por 1.000 habitantes.

É certo que se incorporou persoal de enfermaría pero non o fan o ritmo para paliar o déficit. Da mesma forma que Galicia segue con déficit entre as enfermeiras que saen da nosa Comunidade Autónoma con respecto ás que entran. Neste contexto sabemos que de Galicia saíron no ano 2023 510 enfermeiras, e con todo só entraron 156. De aí que o déficit autonómico é claro.

Pero non é a primeira vez que coñecemos o déficit.





Xa o Colexio Xeral de Enfermaría o tiña denunciado, do mesmo xeito que os sindicatos. No primeiro caso, cifraba o déficit para Galicia en 10.000 profesionais.

A realidade é que todos estes números lévannos a unha dura realidade: Galicia sitúase como a penúltima Comunidade Autónoma en cocientes de enfermeiras pero é altamente preocupante que Pontevedra sexa o faroliño vermello de toda España.

É un problema máis que se engade á falta de médicos en Atención Primaria ou de pediatras.

Pero preocúpanos tamén as mensaxes que está a transmitir a Xunta de Galicia como pode ser flexibilizar as normas para 2025 para poder incorporar ao Sergas a persoal titulado procedente de países que non forman parte da Unión Europea e nada se di con respecto a salvagardar a profesión pero sobre todo a seguridade para o doente.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Ten algúun plan a Xunta de Galicia para incrementar o número de enfermeiras e enfermeiros, a curto prazo, polo menos para alcanzar a media española?

Santiago de Compostela, 27 de Xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/01/2025 18:00:10

Elena Espinosa Mangana na data 27/01/2025 18:00:21





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 18:08:08
Nº Rexistro: 18545
Data envío: 27/01/2025 18:08:08.173

Silvia Longueira Castro na data 27/01/2025 18:00:32

CSV: BEEB0SPO/6400Z-N-9
Verificado:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tarmites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
64031

@PSdeG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Iago Suárez Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urgencia de explicar o goberno por que lle mentiu aos galegos e ás galegas sobre a retirada da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 3 de xuño de 2021 o Conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, anunciou publicamente a retirada da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.

O responsábel de cultura e patrimonio do goberno galego naquela altura xustificaba publicamente esta decisión como unha estratexia para poder fortalecer as posibilidades da candidatura.

Con todo, aos poucos días, o demoledor informe do ICOMOS, órgano consultivo da UNESCO, concluíu que “non debería inscribirse na listaxe de Patrimonio Mundial”, unha situación reversíbel que puido ter sido resolta se o goberno da Xunta resolvese os errores detectados na candidatura, en boa parte coincidentes con moitas alegacións presentadas por colectivos e entidades que traballan na protección e defensa do patrimonio cultural galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A concorrencia da candidatura da Ribeira Sacra en 2021 xunto coa da "Paisaxe da Luz" que presentaba a Comunidade de Madrid, así como a retirada da galega en favor da madrileña que finalmente conseguiu o recoñecemento como Patrimonio da Humanidade, semellou ser unha razón importante que explicaba a renuncia do goberno do PP.

A narrativa do PP acaba de quedar desmentida en palabras do proio alcalde Madrid, José Luis Martínez-Almeida, quen recoñeceu en días pasados en FITUR que o goberno do PP galego asumiunha actitude servil, retirando a candidatura da Ribeira Sacra para favorecer a madrileña.

Trátase polo tanto dunha nova entrega da estratexia política do PP galego que sacrifica Galiza e os seus valores patrimoniais para sometela ás ordes e intereses da sede de Génova. Unha decisión política que o actual presidente Rueda más ca desmentila confirma.

Polo tanto, queda de manifesto que a Xunta de Galiza renuncia a representar con responsabilidade, dignidade e orgullo o patrimonio cultural para se someter ao mandado dos intereses partidarios madrileños.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que lle mentiu o goberno aos galegos e ás galegas cando anunciou a retirada da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2025 18:28:53

Iago Suárez Fernández na data 27/01/2025 18:28:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Cristina Fernández Davila e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante da situación urxente na que se atopan as persoas usuarias, e as súas familias, do centro Os Mecos da Asociación Bata en Vilagarcía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas pasadas semanas por parte da ANPA de usuari@s do centro Os Mecos de BATA denunciaron publicamente a situación na que se atopan os seus fillos e fillas. Este centro presta atención dende os 3 até os 21 anos a persoas con Trastorno do Espectro Autista, TEA, da comarca do Salnés e tamén de Pontevedra.

Os principais servizos e programas que ofrece o centro son: Xornada lectiva, concertada coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, comedor escolar para alumnos/as do centro que o desexen, transporte escolar para alumnos/as que viven no municipio de Vilagarcía Arousa, apoio e orientación familiar realizada polas titoras a través das diferentes reunións familiares que se manteñen con todas as familias ao longo do curso, orientación escolar para os centros cos que comparten alumnado, dende a equipa educativa lévanse a cabo xuntanzas para orientar, asesorar e formar ao profesorado...

Ao cumplir os 21 anos remata a súa estadía no centro e ven como non lles queda máis opción que quedarse na casa, o que supón un enorme retroceso nos avances ate o de agora conseguidos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este problema levan anos denunciádoo, de feito xa hai ex-usuarios que levan 2-3 anos na súa casa, 4 novas persoas que marcharán do centro ao rematar este curso, e dicir en breve serán 10-12 persoas sen praza.

Hai un claro desleixo da Xunta de Galiza, a súa política consiste en non investir en política social, deixando só a alternativa á iniciativa privada.

A demanda das familias é clara, precisan praza de xeito urgente, para as súas fillas e fillos, para que non sigan dando pasos atrás nas súas capacidades e potencialidades.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai darlle unha alternativa ás persoas con Trastorno do Espectro Autista, TEA, que reciben atención no centro de BATA en Vilagarcía, teñan continuidade a partir dos 21 anos, coa dotación dun centro de día no ámbito territorial das comarcas do Salnés e Pontevedra?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/01/2025 18:45:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 27/01/2025 18:45:29

Cristina Fernández Davila na data 27/01/2025 18:45:40

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2025 18:45:49



A Mesa do Parlamento

Juan Casares Gándara, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel Viso Diéguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe Protexida Ribeira Sacra e Ribeiro solicitan acollerse á medida de colleita en verde habida conta dos excedentes de viño, especialmente o tinto, provocados pola caída de consumo do viño tinto a nivel global e os efectos a pandemia. Solicitou, ademais, reducir a produción por hectárea, nas variedades tintas, de 9.500 a 7.500 quilos. Ambas iniciativas teñen por obxecto prepararse de cara a próxima colleita nunha apostase pola calidade fronte ao rendemento.

A colleita en verde é unha medida extraordinaria especialmente efectiva xa que é a única actuación que elimina materia prima do mercado antes mesmo da súa transformación a viño. Este instrumento trata de evitar os efectos indeseables dunha potencial sobre oferta de uva o seguinte outono que lastrase as rendas dos viticultores das nosas rexións produtoras.

Para autorizar estas medidas a Xunta de Galicia deberá formalizar unha solicitude diante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a quen corresponde a autorización final e o orzamento destinados ás axudas correspondentes.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego logo de formalizar a solicitude de colleita en verde que demandan os Consellos Reguladores da Ribeira Sacra e Ribeiro?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 28/01/2025 10:18:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/01/2025 10:18:41





Enrique Barreiro Sánchez na data 28/01/2025 10:18:49

Cristina Campero Dorado na data 28/01/2025 10:19:04

Nicole Grueira Fernández na data 28/01/2025 10:19:16

José Mato Díaz na data 28/01/2025 10:19:26

Ángel Rodríguez Conde na data 28/01/2025 10:19:42

Cecilia Vázquez Suárez na data 28/01/2025 10:19:55

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 28/01/2025 10:20:03



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia anunciou a posta en marcha do programa educativo Dixicamp, unha iniciativa que ofrecerá por primeira vez máis de 9.000 prazas en campamentos gratuítos durante o verán de 2025. Dirixido a mozos e mozas de entre 9 e 17 anos, o obxectivo principal de Dixicamp é mellorar as competencias dixitais do alumnado, cunha especial atención aos estudantes en situacións vulnerables.

Os campamentos, que se celebrarán entre o 23 de xuño e o 5 de setembro, estarán divididos en dous itinerarios formativos: un de competencias básicas para mozos de 9 a 13 anos e outro de competencias avanzadas para aqueles de 14 a 17 anos. As actividades, totalmente gratuítas para as familias, estarán orientadas á adquisición de coñecementos dixitais e serán impartidas por profesionais especializados na área.

Ademais, este programa tamén busca apoiar a conciliación familiar durante as vacacións escolares e forma parte da Estratexia de educación dixital 2030, co obxectivo de reducir a brecha dixital e preparar aos mozos galegos para os retos do futuro no ámbito das novas tecnoloxías.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:





Como contribuirá Dixicamp ao desenvolvemento das competencias dixitais do alumnado galego e ao seu futuro?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 28/01/2025 10:31:03

Víctor Baladrón Lamas na data 28/01/2025 10:31:16

José Luis Ferro Iglesias na data 28/01/2025 10:31:27

Julio García Comesaña na data 28/01/2025 10:31:38

Patricia García González na data 28/01/2025 10:31:53

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/01/2025 10:32:07

Carmen Pomar Tojo na data 28/01/2025 10:32:24

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/01/2025 10:32:38

Raúl Santamaría González na data 28/01/2025 10:32:45

Cecilia Vázquez Suárez na data 28/01/2025 10:32:58





A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno galego vén de dar luz verde ao Bono Emancípate, un compromiso adquirido polo presidente Alfonso Rueda nas pasada eleccións e que se traducirá nunha tarxeta moedeiro para axudar aos mozos de entre 18 e 35 anos a afrontar gastos da súa primeira vivenda, como poden ser aqueles derivados das xestións notariais ou a adquisición de mobiliario e electrodomésticos.

Axudas como estas son as que marcan a diferencia entre poder empezar unha nova vida nunha vivenda propia ou non poder facelo. De feito, Galicia está a ser referente na posta en marcha de fórmulas innovadoras no ámbito do acceso a un futuro fogar como son as vivendas compartidas ou a mellora normativa para axilizar a construcción de vivenda protexida para compra o alugueiro.

O acceso á vivenda é un dos retos máis importantes da sociedade actual e para afrontalo é necesario buscar solucións reais, pragmáticas e eficaces. O obxectivo é que ningún galego, especialmente entre a mocidade vexa truncado o seu futuro por non dispoñer de algo tan básico como un teito no que comezar a formar a súa propia vida de xeito independente.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas porá en marcha o Goberno galego dirixidas a ofrecer solucións políticas á necesidade de acceder á vivenda, especialmente, aquellas destinadas de xeito específico á xuventude?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 28/01/2025 11:21:44

Víctor Baladrón Lamas na data 28/01/2025 11:22:16





José Luis Ferro Iglesias na data 28/01/2025 11:22:32

Julio García Comesaña na data 28/01/2025 11:22:43

Patricia García González na data 28/01/2025 11:22:56

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/01/2025 11:23:12

Carmen Pomar Tojo na data 28/01/2025 11:23:26

María Felisa Rodriguez Carrera na data 28/01/2025 11:23:40

Raúl Santamaría González na data 28/01/2025 11:23:48

Cecilia Vázquez Suárez na data 28/01/2025 11:24:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás accións a desenvolver polo Goberno galego diante da situación extrema do sector do mar galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 9 de marzo de 2022 o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade dos grupos instar á Xunta de Galicia a “crear, coa necesaria achega orzamentaria, o Observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego, formado por persoal técnico que estude, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación”. O obxectivo da posta en marcha deste observatorio é poder dispoñer de datos claros para abordar desde un enfoque de xénero os factores que afectan aos diferentes subsectores da actividade, analizándoo de xeito diferenciado, poñendo o foco naquelas situacións discriminatorias e prestando atención aos aspectos más relevantes en cada caso e, ao mesmo tempo, imprimindo un carácter xeral que poida aplicarse a todo o colectivo de mulleres do sector.

A Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, no Título VII que regula a Organización da Igualdade recóllese os artigos 179 e 180 que crean o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar e marcan as funcións, organización e composición deste observatorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Case que tres anos despois do acordo acordado neste parlamento para a creación do Observatorio de Igualdade do sector pesqueiro galego e máis de un ano despois da aprobación desta lei na que se recolle a súa creación nada se sabe do observatorio.

O Goberno Galego non só non avanzou na creación do Observatorio das Mulleres do Mar, senón que aproveitando a Lei de medidas fiscais e administrativas para modifica a composición do observatorio reducindo a representación das mulleres do sector e das persoas expertas de recoñecido prestixio que farían do observatorio unha ferramenta real para acadar a igualdade entre homes e mulleres no sector do mar.

A importancia cuantitativa das mulleres no sector do mar na Galiza non se traduce nin na visibilización, nin na posta en valor do traballo das mulleres nas actividades do sector, e esta modificación na composición do observatorio redunda na ocultación das mulleres neste sector.

A igualdade acádase poñendo o foco en cuestións diversas tales como que as mulleres ocupen o espazo que lles corresponde nos espazos públicos para darlle visibilidade a todas as persoas que conforman un colectivo, incluídas as mulleres.

O artigo da citada Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recolle o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, polo que o goberno galego, neste caso a Consellería do Mar da man da súa conselleira, ten a obriga de garantir a presenza das mulleres nos órganos nos que ten competencias.

Por isto, no Observatorio das Mulleres do Mar débese fomentar a participación das mulleres integrando a todas as asociacións de mulleres no sector, de maneira que ocupen o espazo que lles corresponde nun organismo que debe ter como obxectivo a eliminación das desigualdades no sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o goberno galego crear de xeito inmediato o Observatorio das Mulleres do Mar mantendo a composición do Observatorio das Mulleres do Mar que se recolle na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 28/01/2025 12:36:37

Noa Presas Bergantiños na data 28/01/2025 12:37:27

Olalla Rodil Fernández na data 28/01/2025 12:38:07

Rosana Pérez Fernández na data 28/01/2025 12:38:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Cristina Fernández Davila e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a atención das demandas e necesidades do CPI Plurilingüe Antonio Faílde de Coles.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de xaneiro de 2024 publicou no DOG, núm.12, a RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se daba publicidade ao texto do Acordo entre a Consellería de Educación e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre as medidas a adoptar para mellora o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galiza que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Entre as medidas acordadas incluíase unha redución de rateos que, nas etapas de educación infantil e educación primaria pasarían de 25 a 20 alumnos por aula, e nas de educación secundaria obligatoria e bacharelato a 25 e 30, respectivamente. A efectos de computo o alumnado que teña recoñecida a dependencia, e dependendo do grado, ou cunha discapacidade superior ou igual ao 33% contará por dous ou tres, segundo o caso.

Segundo consta no Acordo publicado a redución dos rateos farase de xeito progresivo empezando no curso 24/25 por 4º de Educación Infantil, garantíndose que, en todo caso, aquelas aulas que teñan entre 20 e 25 alumnos/as, non verán incrementado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o seu número de alumnos/as reais en toda a duración do período de aplicación respecto do número real que tivesen no curso anterior.

A realidade é que no CPI Plurilingüe Antonio Faílde do concello de Coles no inicio do curso 24/25 en 6º de Educación Infantil había 24 alumnos/as e a día de hoxe o número incrementouse ate os 26. En 6º de Primaria ao inicio de curso había 21 alumnos/as, e hoxe hai 24; e en 3º de Educación Primaria hai un total de 27 alumnos/as (2 con necesidades educativas especiais, polo que a efectos de cómputo son 29) cando no curso anterior o número total era de 24 matriculados/as; polo que nin se está a cumplir o Acordo publicado, nin se están a atender debidamente as necesidades e demandas do alumnado, nin tampouco as solicitudes da Dirección do Centro que ao inicio do curso solicitou o desdobre en 3º de EP que non foi posible pois a Consellería unicamente destinou un docente para realizar 9 horas lectivas.

Asemade reduciuse un profesor de Atención á Diversidade, malia que medraron significativamente as necesidades educativas coa chegada dun alumno doutro centro que precisa dun PT a tempo completo. O cadro actual de profesorado especializado para atender as NEE, integrado por 3 PT en EP, un AL e un PT en ESO non é abondo para atender as necesidades do alumnado e garantir que se acadan os obxectivos establecidos e o óptimo desenvolvemento das capacidades e aptitudes persoais.

Por outra banda, a entrada ao Centro sitúase na beira da estrada N-525 que conta cunha importante circulación viaria, cunha IMD superior aos 8.000 vehículos; o que constitúe un risco evidente para as usuarias do Centro, principalmente ás horas de entrada e saída escolar, pois os accesos carecen de regulación semafórica e non existindo tampouco profesionais que controlen a circulación dos vehículos pola estrada neses concretos momentos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Entende o Goberno Galego que no CPI Plurilingüe Antonio Faílde de Coles se esta cumprindo o contido do Acordo pactado entre a Consellaría de Educación e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino, publicado en virtude da Resolución de 10 de xaneiro de 2024?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2025

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Cristina Fernández Davila

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/01/2025 16:46:57

Cristina Fernández Davila na data 28/01/2025 16:47:02

Noa Presas Bergantiños na data 28/01/2025 16:47:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar para esixir do goberno do estado o mantemento do actual servizo de transporte competencia do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un bo servizo de transporte público debe atender ás necesidades e realidade da sociedade, perseguindo obxectivos como o do transporte público como eixo fundamental na vertebración do país, no garante da igualdade de condicións entre as persoas, na dinamización do rural e no proceso necesario dunha Galiza e dun mundo máis sostible e cun menor impacto medioambiental.

Estes son algúns dos obxectivos que manifesta o Anteproxecto de lei de Mobilidade Sostible no que está a traballar o goberno do estado, mais se imos ao seu desenvolvemento e no que afecta ao noso país observamos que se vai na liña contraria do que se manifesta nun primeiro momento.

Falamos concretamente da proposta de actualización das concesións do transporte público por estrada de competencia estatal, recollida no plan realizado polo INECO, que ven a eliminar a metade das paradas que o actual plan contempla no noso país, feito que obrigará á veciñanza dos concellos máis pequenos a desprazarse a outras localidades para facer uso do servizo de transporte público.

Con esta actualización prevese unha redución nas paradas en liñas que percorren a A-6 e a A-52, afectando directamente aos concellos de Guitiriz, O Corgo, Baralla, As





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nogais, Chantada, Quiroga, Monterroso, Palas de Reis e Pedrafita na provincia de Lugo a Ribadavia, Allariz, Riós, Trasmirás, a Mezquita e A Rúa en Ourense a Arzúa e Melide na Coruña e a Forcarei, Silleda e Lalín en Pontevedra.

Como podemos ver, a provincia más afectada é a de Lugo, unha provincia cunhas necesidades específicas en cuestión de servizos de transporte por estrada e vertebración do territorio, que fan que esta eliminación sexa especialmente perniciosa para a provincia de Lugo.

Nun país onde diariamente asistimos a novas queixas e denuncias polo deficiente estado do servizo público de transportes, con retrasos sistemáticos, eliminación de horarios, paradas e itinerarios cuns más que deficientes servizos ferroviarios, esta redución constitúe unha nova vulneración dos dereitos da veciñanza afectada ao non dispoñer duns servizos públicos de calidade, e dos propios preceptos deste Anteproxecto, xa que non atendería a criterios sociais e mesmo a criterios medioambientais, xa que fomentarían o uso do vehículo privado ante a deficiencia manifesta do servizo público.

Segundo podemos extraer do manifestado polo goberno do estado, o criterio fundamental para esta eliminación está baseado en cuestión de rendibilidade económica das liñas, desbotando enteiramente os beneficios sociais e medioambientais propios duns servizos públicos fortes.

O goberno do estado debe ser consciente das realidades específicas do noso país e do noso rural, así como se deben garantir o acceso da cidadanía aos servizos básicos, viven na cidade ou viven no rural.

Un rural vivo precisa de servizos que permitan vivir e poder ter un proxecto de vida no mesmo, polo que propostas como estas só dificultan a vida nos territorios fóra dos ámbitos urbanos ou, nomeadamente, das cidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para reclamar o mantemento das liñas de transporte público por estrada competencia do goberno español en todo o territorio galego, así como para garantir un bo servizo de transporte competencia da Xunta de Galiza

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 28/01/2025 18:24:34

Luis Bará Torres na data 28/01/2025 18:25:16



Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, , Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

O Plan FPGAL360 será unha das liñas de traballo coas que o Goberno galego dará resposta aos retos e desafíos educativos galegos dos próximos anos. Así o trasladou o Conselleiro de Educación no Parlamento de Galicia durante a súa comparecencia de inicio de curso.

Esta folla de ruta terá dous obxectivos paralelos e intimamente ligados. Por unha banda, favorecerá que todas as persoas, independentemente da súa idade ou situación, poidan obter algún tipo de titulación a través de ciclos de Formación Profesional que os cualifique para a realización dunha actividade e a entrada no mercado laboral dando. Por outro lado, permitirá seguir fortalecendo o sistema educativo e loitar contra o abandono escolar.

Tal e como foi aprobado en Consello da Xunta a finais do ano 2024, o Plan FPGAL360 contará cun investimento total de 24M€ nun horizonte temporal de catro anos. Co desenvolvemento das súas medidas, a Xunta de Galicia continúa apostando pola Formación Profesional.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

1. Cales son as primeiras implicacións que está a ter o Plan FPGAL360 para a consecución dos seus obxectivos?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 29/01/2025 10:55:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Rubén Lorenzo Gómez na data 29/01/2025 10:55:46

María Felisa Rodriguez Carrera na data 29/01/2025 10:56:01

Víctor Baladrón Lamas na data 29/01/2025 10:56:07

José Luis Ferro Iglesias na data 29/01/2025 10:56:53

Julio García Comesaña na data 29/01/2025 10:57:09

Patricia García González na data 29/01/2025 10:57:15

Carmen Pomar Tojo na data 29/01/2025 10:57:44

Raúl Santamaría González na data 29/01/2025 10:57:46



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre sobre a situación da pediatría nos concellos de Rois, Dodro e Padrón .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pediatra que veu prestando asistencia nos centros de saúde de Rois e Dodro nas últimas 4 décadas está próximo á xubilación. De feito, este profesional, que tamén desenvolveu a súa actividade no PAC de Padrón realizando gardas, non está actualmente en activo e segundo as previsións, xa non se reincorporará á súa praza antes da súa marcha definitiva.

Mentres isto sucede, as crianças destes dous concellos están sendo derivadas ao centro de saúde de Padrón, onde a única pediatra sofre este incremento da presión asistencial, estando ademais na época onde máis se incrementan as afeccións respiratorias e polo tanto, as demandas de atención médica.

As crianças, ao igual que as persoas adultas, teñen dereito a unha asistencia sanitaria digna, de calidade e proximidade nos seus centros de saúde. Mais a política sanitaria levada a cabo polo Partido Popular desde a Xunta de Galiza ten un dos obxectivos na pediatría de Atención Primaria.

Segundo os últimos datos publicados polo IGE o número de pediatras en Atención Primaria no 2023 era de 325, fronte ás 405 que había en 2004. Unha redución de 80 profesionais e que nos conduce á situación na que máis da metade dos concellos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galegos contan con pediatría nos centros de saúde e más de 11.000 crianzas non teñen ningunha pediatra asignada.

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Dada a situación, cales son as medidas previstas para garantir a cobertura da praza de pediatría de Rois e Dodro?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 29/01/2025 12:08:03

María Montserrat Prado Cores na data 29/01/2025 12:08:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreiro, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o proxecto mineiro Carballeira número 7199 nos concellos de Boimorto e Mesía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Erimsa é fondamente coñecida no noso País polos seus proxectos extractivistas en diferentes comarcas galegas, que levan anos destruíndo o solo e o medio natural e ambiental para o aproveitamento económico dunha empresa privada deixando tras de si múltiples problemáticas nos ecosistemas e limitando o desenvolvemento agrogandeiro da contorna.

Nas últimas semanas de 2024 foi publicado no DOG a solicitude do permiso de investigación denominado Carballeira número 7199, situado nos concellos de Boimorto e Mesía. Este proxecto faise sobre 19 cuadrículas mineiras, a pesar de que a lei 3/2098 recolle que non se deben conceder máis de 15 cuadrículas, a non ser que existan motivos debidamente xustificados, os cales non figuran no proxecto presentado pola empresa.

De ir adiante este proxecto, afectará indubidabelmente á actividade que existe actualmente na mesma zona, maioritariamente agrogandeira e forestal. Tanto os traballos descritos no proxecto de investigación coma os de explotación derivada dos primeiros, van en contra da consolidación de postos de traballo e valor engadido do sector primario. Ademais, terá repercusión sobre a PAC supoñendo perdas económicas para os propietarios dos terreos, e sobre as explotacións existentes de agricultura





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ecolóxica. Cómpre ter presente tamén a afectación patrimonial, coa afectación de múltiples ben culturais, que o propio proxecto omite, de xeito deliberado ou non, na súa redacción..

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno galego que este é un proxecto positivo para os concellos de Mesía e Boimorto e as súas contornas e que vai reportar melloras significativas sobre o conxunto da poboación?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 29/01/2025 12:45:31

José Manuel Golpe Acuña na data 29/01/2025 12:46:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para garantir o mantemento e conservación das pallozas de Piornedo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2010 o Partido Popular decidiu suprimir a liña de axudas que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) dedicaba ao mantemento e rehabilitación das pallozas. Isto supuxo un duro golpe para as persoas propietarias destas construcións tradicionais, de orixe celta, e especialmente para as pallozas de Piornedo, declaradas Ben de Interese Cultural.

As características das pallozas –especialmente o teito natural con palla de centeo-- esixe dun importante traballo de conservación que, alén do máis, resulta cada vez más dificultoso no acceso aos materiais e á man de obra cualificada para o levar a cabo.

Malia as denuncias e sinais de alarma lanzadas pola veciñanza e as persoas propietarias, o Goberno galego non dispuxo ningún tipo de axuda para levar a cabo os labores de recuperación cada vez más custosas e complexas pola escaseza mesmo de profesionais con coñecementos para levalas a cabo.

Cómpre lembrar que a Lei 5/2016 de Patrimonio cultural de Galiza sinala a Xunta como máxima responsable da súa salvagarda e titular exclusiva desta competencia. Neste senso, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuacións non poden continuar a ser meros parches nin levarse a cabo cando o deterioro está moi avanzado senón que cómptren medidas progresivas que garantran un estado de conservación óptimo ao longo de todo o ano.

As pallozas son un ben colectivo –declarado BIC-- e polo tanto patrimonio colectivo do pobo galego, polo que a Xunta de Galiza é responsábel da súa conservación.

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai artellar a Xunta de Galiza algunha medida dirixida a garantir o mantemento e conservación das pallozas?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2025 13:42:20

Mercedes Queixas Zas na data 29/01/2025 13:43:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a estratexia da Xunta ante o risco de adicción ao xogo entre a mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ‘Informe sobre adiccionés comportamentais 2024’ presentado nas últimas semanas mostrou uns datos altamente preocupantes no que ten a ver co risco de adicción ao xogo entre a mocidade; especialmente entre menores de idade. Así, segundo o informe, na faixa de idade de 14 a 18 anos constatouse que polo menos 17,7% de mozas e mozos nesa faixa de idade declarou ter xogado diñeiro de forma presencial. 10,7% confesa telo feito tamén de forma online.

Segundo a normativa vixente ningún menor de idade podería xogar diñeiro nin de forma presencial nin online mais destes datos despréndese que toda esa xuventude encontra a forma de o facer. De todas formas, se cadra o máis preocupante sexa que se constatou no informe que 4% destes estudiantes que xogan diñeiro reconñecen ter un “uso problemático” do xogo, o que significa que teñen un altísimo risco de se converteren en adictos ao xogo. Para alén do xogo, as coñecidas como ‘criptomoedas’ tamén son un factor de risco no que ten a ver coa adicción.

De todos estes datos despréndese que a actividade que máis risco ten de tornar mozas e mozos en adictos son as apostas deportivas. Por todo isto podemos asegurar que en Galiza temos a día de hoxe un auténtico problema de saúde no relativo ás adiccionés ao xogo e ás apostas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A partir deste informe, desde o Grupo Parlamentar do BNG queremos que se nos responda por parte do Goberno galego sobre a funcionalidade ou non da Lei do Xogo de Galiza aprobada no ano 2023. Esta lei claramente contaba con múltiples eivas que o BNG xa denunciaba na XI lexislatura cando foi aprobada a devandita norma. Unha lei pouco ambiciosa que non atende o impacto máis directo e máis lesivo que o sector do xogo ten sobre a sociedade. Ademais, a infracción máis grave e máis perigosa é que menores de idade participen de xogos de azar, algo que se demostrou que esta lei non conseguiu nin le lonxe.

Como representantes do pobo galego debemos facer todo o posible por protexer as capas da sociedade más vulnerábeis, por tanto, as nosas mozas e mozos deben estar amparadas neste ámbito e deben ser protexidas ante o inmenso perigo de adicción ao xogo.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galiza dos preocupantes datos que mostra o ‘Informe sobre adiccionés comportamentais 2024’ e do elevado risco de caer na adicción ao xogo e ás apostas deportivas da mocidade galega?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 29/01/2025 17:34:05

Iago Suárez Fernández na data 29/01/2025 17:34:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Xosé Manuel Golpe Acuña e Iria Taibo Corsanego, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á LAT Bustelo-Meirama.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados do mes de decembro no Diario Oficial de Galiza (DOG núm. 240) publicouse o acordo polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa de construcción e estudio de impacto ambiental do proxecto da liña de alta tensión (LAAT) Bustelo-Meirama.

Un proxecto de liña de alta tensión cuxa finalidade é evacuar a enerxía xerada nos parques eólicos Bustelo-Baralláns e Alto torreiro, coa particularidade que a construcción do primeiro está suspendido a día de hoxe, de xeito cautelar, por resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

A liña de alta tensión discorrería polos concellos de Cabana de Bergantiños, Coristanco, Carballo, A Laracha, Cerceda, Ordes e Carral, afectando a uns e outros en grao diferente.

A LAT proposta ten unha voltaxe de 220 kW e contaría con 98 apoios ao longo de 38,5 km que discorren por eses concellos. No caso de Cabana de Bergantiños, instalaríanse 2 torres de alta tensión e afectaría a 12 parcelas, 8 delas de usos agrícolas e forestais. Ao seu paso por Coristanco, o trazado proxectado suporía un impacto certo sobre zonas ZEC (Zona de Especial Conservación), e polo tanto sobre hábitats protexidos. Impacto derivado das rozas e obras de instalación, que se realizarán con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maquinaria pesada, e que porán en risco a continuidade de ecosistemas e conectividade entre hábitats. Afectaría especialmente á parroquia de Valenza, cuxa veciñanza maioritariamente amosou a súa preocupación e a vontade de presentar alegacións a este proxecto. E tamén á parroquia de Erbucedo. Moitos terreos destas dúas zonas de Coristanco están destinados de facto a usos agropecuarios, que poderían verse afectados e limitados de efectivizarse o trazado da LAT proposto. No caso do concello de Carballo, proxéctanse os apoios que van do 31 ao 54, discorrendo por terreos catalogados como solo rústico de especial protección forestal, agropecuaria, de infraestruturas , de augas, paisaxística e arqueolóxico, segundo a normativa municipal. A LAT proxectada, no que atinxe a Carballo, atravesa os núcleos rurais de Gontade, e pasa a menos de 100 metros de outros como A Cesta, Quintáns, Arganosa, Calvelo de Arriba, Calvelo de Abaixo, Covas de Abaixo e Petón, limitando a posibilidade de construír nas parcelas afectadas. Afecta tamén o trazado da liña a unha parcela situada ao norte do núcleo de Gontade, de titularidade municipal e na que existe un centro docente de educación especial ou á parcela situada no Lugar da Igrexa, tamén municipal, na que se sitúa o centro social de Ardaña. En A Laracha, a zona afectada concéntrase na parroquia de Montemaior, pasando o trazado da LAT polos núcleos de Trigueira, Zanfoga, Lagarteira ou Castiñeira. No caso do concello de Cerceda, esta liña provoca efectos semellantes aos analizados no resto de concellos, se ben neste caso acumúlanse ao resto de liñas existentes na zona. Liñas que enlazan o nó de evacuación de Meirama coas subestacións próximas de Mesón do Vento, A Grela ou mesmo a subestación de Carballo.

Común a todos os concellos é que o trazado proxectado afecta a un bo número de núcleos de poboación. Polo que é sorprendente que na documentación técnica non se mida a distancias dos apoios da liña á vivendas e núcleos, máxime cando isto é imprescindible para determinar que se cumpre cos estándares e recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS) no relativo aos campos electromagnéticos que xeran este tipo de instalacións, e a posible afección á poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esa eiva na documentación coadxuva a que no proxecto tampouco se inclúan medidas protectoras ou correctoras da posible afección ás persoas deses campos electromagnéticos, e o preceptivo plan de seguimento, tal e como recomenda o organismo internacional.

O proxectado tampouco xustifica na súa memoria o cumprimento das Directrices das Paisaxe de Galiza, tal e como esixe no punto 4.1 do anexo IV do Decreto 238/2020, e incumpe directamente o apartado 4.2.4.3 q) da citada normativa, que establece que “As liñas de evacuación cara a rede de transporten planifícaranse de forma conxunta co parque eólico, procurando buscar os mellores trazados, de acordo cos criterios sobre liñas eléctricas”.

É importante recordar que o trazado da LAT Bustelo-Meirama discorre preto e en paralelo a outra liña existente, polo que se poderían evitar duplicidades de trazado e, seguro, máis afeccións e impactos sobre o territorio, cumplindo así coa normativa e recomendacións no relativo a infraestruturas enerxéticas. Mais no trazado final da LAT que se presenta, nin se prioriza o desdobramento nin o acercamento á existente, sen máis xustificación para non aplicar esa medida que “non é posible por razóns técnicas.”

Na planimetria presentada sinálanse “servidumbres de vuelo”, “superficie de no arbolado” e “superficie de no edificación”, pero no proxecto non se indica como afecta esa catalogación ao uso ou ao aproveitamento que poderán facer dos terreos afectados as persoas propietarias. E polo tanto, nada se explica sobre o impacto en forma de limitacións de usos e a conseguinte perda de valor económico desas propiedades.

Tampouco se recolle a posible afectación do proxecto a mananciais e fontes, a destrución de hábitats, o impedimento de continuidade de ecosistemas e conectividade entre hábitats.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A proximidade a vivendas faría necesario un estudo completo e específico da calidad acústica na fase da de funcionamento das instalacións, para así valorar axeitadamente o impacto neste sentido, mais no proxecto nin sequera se indica o nivel de emisión estimado. Asemade é preciso valorar como afecta o efecto coroa ás edificacións próximas ao igual que os campos magnéticos, tal e como se indica no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o Regulamento sobre condiciones técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión.

Todas estas eivas do proxecto e o feito que o trazado, tal e como se presenta, suporá unha degradación do territorio, unha perda de valor dos terreos afectados, ademais das posibles afeccións para a saúde das persoas pola proximidade ás casas.

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta de Galiza o proxecto de liña de alta tensión Bustelo-Meirama e a incidencia que a súa construcción terá nos concellos de Cabana de Bergantiños, Coristanco, Carballo, A Laracha, Cerceda, Ordes e Carral?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Iria Taibo Corsanego

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 30/01/2025 10:10:07

José Manuel Golpe Acuña na data 30/01/2025 10:13:03

Iria Taibo Corsanego na data 30/01/2025 10:13:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a atención sanitaria prestada a pacientes con accidentes cerebrovasculares .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os accidentes cerebrovasculares (ictus) teñen unha alta prevalencia, cada vez maior, na nosa sociedade. Tal e como se recolle na actualización do Código Ictus de 2023, a patoloxía cerebrovascular é a primeira causa de mortalidade en mulleres e a segunda en homes, cunha incidencia anual duns 150-250 casos novos por 100.000 habitantes e ano e unha taxa de mortalidade de 24-84 mortes por 100.000 habitantes e ano. No ano 2022 foron 6.937 as altas cun diagnóstico principal de ictus, o 2,8% do total, cunha distribución similar entre homes e mulleres. E aínda que máis do 80% dos casos foron en persoas de 65 ou máis anos, cómpre ter presente que poden afectar a persoas más novas, incluso mozas.

Mais esta patoloxía ten consecuencias máis alá do momento agudo, pois é unha importante causa de morbilidade, sendo a primeiro motivo de dano cerebral adquirido, a causa principal de discapacidade na idade adulta e a segunda de deterioro cognitivo.

A día de hoxe, en Galiza funciona o Código Ictus como guía para homoxeneizar e protocolizar a asistencia urgente á patoloxía cerebrovascular, aínda que sería preciso ter presente cal é a situación nos servizos de asistencia urgente para realizar unha análise completa (falta de ambulancias de soporte vital avanzado e básico, colapso de servizos de urxencias hospitalarias e extrahospitalarias, etc). Mais as maiores eivas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

danse no proceso postcrítico e na asistencia á convalecencia e recuperación, unha vez tratada a urxencia coa medicación e/ou cirurxía apropiadas, valoradas as secuelas neurolóxicas que van permanecer no tempo ou con posibilidades de recuperación. Neste punto, as pacientes afectadas teñen un camiño moi longo por diante con sesións de terapias diversas para a súa posible recuperación.

Noutros lugares, coma Catalunya ou Madrid, existen centros de recuperación específica con terapias innovadoras que presentan resultados positivos e alentadores, como poden ser o Centro de Neurorrehabilitación Instituto Guttmann de Badalona ou o CEADAC – Centro de Neurorehabilitación de Daño Cerebral en Madrid.

E aínda que as pacientes galegas se poderían beneficiar das terapias nestes centros a pesar de non existiren no noso País, os convenios existentes actualmente entre CCAA teñen importantes limitacións económicas e de tempo de permanencia nos centros, entre outras, ou non contan con ningún tipo de axuda no caso de seren de titularidade estatal. Tampouco é doadoo atopar prazas vacantes neste tipo de centros, polo que cando por fin é posible o ingreso nos mesmos, xa se ten desaproveitado un tempo valioso para a recuperación da persoa afectada.

A isto súmase tamén o desprazamento da propia familia para acompañar ás doentes e participar na súa recuperación assumindo moitos gastos como unha vivenda, desprazamentos ao centro ou a súa manutención, coas obvias dificultades que virían derivadas da conciliación familiar, a conciliación laboral e os riscos económicos que esta situación pode chegar a supor..





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, que medidas vai tomar o goberno galego para mellorar a recuperación e as secuelas das persoas afectadas por accidentes cerebrovasculares e axudar ás familias a enfrentar os gastos derivados desta rehabilitación?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/01/2025 10:46:40

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2025 10:47:37





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O informe sobre adiccións comportamentais do ano 2024 ofrece uns datos extremadamente preocupantes, xa que nos parámetros analizados sofre un incremento de case 1 punto o que atinxe ao xogo nas idades comprendidas entre 14 e 18 anos, cuns resultados de 41.671 menores.

Dos menores enquistados o 17,7 % declara ter xogado diñeiro de forma presencial (bingo, tragaperras, ou loterías), mentres os outros 266.999 un 10 % confesa ter apostado de forma *on line*.

Sorprendente tendo en conta que tanto a primeira como a segunda fórmula son ilegais en menores de idade.

Pero os datos son áinda peores se temos en conta que a estatística marca que este xogo non é ocasional senón que o 4 % (99.832) destes menores está en risco de se converter en ludópata e vinculan esta adicción con outras como o consumo de alcohol e drogas.

Por sexos este problema afecta máis aos mozos co 6% en risco fronte ao 2 % de mozas.

En Galicia temos a Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia. Unha lei que foi aprobada sen consenso e que se pregou a intereses privados do sector e, en consecuencia, non está a dar os seus froitos.



Os socialistas no debate parlamentario, a través das nosas emendas, pediamos, entre outras medidas, que se intensificase por lei o labor de prevención da ludopatía sobre todo entre a mocidade, pero estas foran rexeitadas a pesares de que advertiamos que o incremento nesta franxa de idade era progresivo.

Deixou esta lei aberta a súa regulación vía regulamento a composición do Observatorio Galego do Xogo e dous anos despois aínda non está aprobado.

Dende o Partido Socialista cremos que cómpre de maneira urgente a aprobación deste regulamento clave para a efectividade da lei, que ofrece detalles más específicos sobre como se debe implementar a lei na práctica, e desenvolva aspectos concretos.

Entende este grupo parlamentario que é fundamental desenvolver o Observatorio Galego do Xogo, concretar medidas para desincentivar os hábitos e condutas patológicas relacionadas co xogo sobre todo en menores e vulnerables, a limitación da publicidade, ou medidas de control e identificación dos usuarios.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Ten previsto este goberno aprobar o regulamento da Lei 3/2023, do 4 de xullo, clave para a efectividade desta?

Santiago de Compostela, 30 de Xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

64073

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2025 10:59:06
Nº Rexistro: 18824
Data envío: 30/01/2025 10:59:06.641

Paloma Castro Rey na data 29/01/2025 16:57:48

Patricia Iglesias Rey na data 29/01/2025 16:57:58

CSV: REREGOSR@COMXX0eS-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tarmites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
64074

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Centro de Saúde de Caldas de Reis situado no paseo de Román López ten case 35 anos, na actualidade presta servizos de Atención Primaria e ten un punto de atención continuada (PAC) comarcal para urxencias.

Un centro que non conta con espazo físico suficiente para atender ás persoas doentes nin para incorporar novos servizos necesarios.

A solicitude dun novo centro de saúde para Caldas por parte da veciñanza e do Concello remóntase a hai 18 anos, presentando ao Goberno galego diferentes terreos que podían ser cedidos para este fin.

Finalmente, o Plan director de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria da Xunta, presentado o 29 de outubro do 2021, situaba o novo Centro de Saúde de Caldas na fase 1, onde están actuacións que Sanidade considera «urxentes» polas necesidades asistenciais.

E o pleno do Concello de Caldas aprobaba o 23 de febreiro do 2023 o Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para a ordenación da parcela de Santa María cedida ao Sergas (solo urbano non consolidado) para a construción do novo centro de saúde.

Pois ben, tras estes feitos e transcorridos case 2 anos aínda non se procedeu por parte da Xunta de Galicia á sinatura co Concello do convenio que vai permitir iniciar este proxecto de execución do centro de Saúde.

Dende o Grupo Socialista cremos que o Goberno galego non pode seguir poñendo escusas e privando á veciñanza de Caldas de Reis e da súa comarca dun centro de saúde tan necesario e, polo tanto, debe de maneira urgente proceder á sinatura do convenio que permita iniciar a execución deste proxecto no ano 2025.



Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Vai cumplir este goberno coas demandas sanitarias existentes na comarca Ulla-Umia?

Santiago de Compostela, 30 de Xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/01/2025 17:43:18

Elena Espinosa Mangana na data 29/01/2025 17:43:27

Silvia Longueira Castro na data 29/01/2025 17:43:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Concello de Pontecaldelas leva anos reclamando ao governo da Xunta a necesidade dun centro de día neste concello, que atenda e preste asistencia aos seus maiores.

Nun primeiro momento reclamábase este uso para unha casa indiaña denominada a Casa da Quintán, situada no núcleo urbano, que o goberno bipartito dotara de todo o mobiliario para este fin, e que fora abandonada en 2009 coa chegada do PP á Xunta.

Finalmente, o goberno do Partido Popular destinou este inmoble a un centro de menores tutelados e especializado naqueles que padecen problemas de saúde mental.

A necesidade de asistencia aos maiores do concello quedou, polo tanto, sen cubrir e o Concello na busca doutros emprazamentos propúxolle ao director do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) a posibilidade de cambiar o uso da vivenda social de Caritel, propiedade da Xunta e cedida ao concello para destinala a centro de día para as persoas maiores do municipio.

Na Casa de Caritel, coñecida como a casa dos realoxos do Vao, hai dúas vivendas, planta baixa e aproveitamento baixo cuberta, e nunca se chegou a usar con fins sociais.

O Grupo Socialista entende que este inmoble cumple os requisitos para ser adaptado como centro de día cubrindo así unha das principais carencias do municipio, e dando resposta a unha demanda veciñal.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Comparte este goberno a necesidade de apertura dun centro de día para maiores no concello de Pontecaldelas?



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2025 11:39:02
Nº Rexistro: 18836
Data envío: 30/01/2025 11:39:02,485

Santiago de Compostela, 30 de enero de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/01/2025 11:35:53

Elena Espinosa Mangana na data 30/01/2025 11:36:02

Silvia Longueira Castro na data 30/01/2025 11:36:12

CSV: REPOSED/xdKJg&N-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tarmites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

64078

@PSdeG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos expedientes abertos desde o Centro de Menores Avelino Montero entre o último trimestre de 2016 e o ano 2017.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través de distintos recursos a administración galega desenvolve a competencia exclusiva en materia de asistencia social que lle outorga o disposto no artigo 27.23º do seu Estatuto de Autonomía e, concretamente, o que atinxe á protección das e dos menores e á intervención de protección e reforma segundo as circunstancias concorrentes. Un destes recursos é o Centro de Menores Avelino Montero, centro de responsabilidade e xestión directa por parte da Xunta de Galiza, que opera desde o 26/02/1996 e conta con 30 prazas para menores en conflito entre 14 e 18 anos.

Segundo a normativa galega vixente, son centros de menores aqueles equipamentos destinados á atención de menores de idade que, de acordo coa normativa en vigor, estean en situación de risco, desamparo ou conflito social, e nos que se desenvolven con regularidade programas e actividades dirixidos a este sector da poboación. Así mesmo, son centros residenciais de menores, como é o caso, aqueles equipamentos creados para facilitar unha atención especializada a aqueles menores que, por distintas circunstancias sociofamiliares, necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar ou internados baixo a aplicación de medidas xudiciais. Os centros deben reproducir as condicións de vida do menor da forma más próxima á dunha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

familia normalizada, desde o formato da vivenda ata a súa atención integral e compensadora das súas deficiencias.

A intervención con menores, singularmente cando falamos de contextos de reforma e protección, é especialmente sensible e deben articularse todos os mecanismos necesarios para garantir o éxito desta intervención e a protección das e dos menores. De forma especial, cando estamos a falar de menores en especial situación de vulnerabilidade, a Xunta de Galiza debe velar pola idoneidade do funcionamiento dos centros e a adecuación do persoal. Entre as cuestións a ter en conta ocupa un lugar importante o tratamento adecuado aos e ás menores e o seu respecto.

Este Grupo Parlamentar tivo coñecemento da existencia dun expediente a respecto da actitude dun traballador substituto deste centro entre os anos 2016 e 2017

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cantos expedientes e con que resultado se incoaron desde o Centro de Menores Avelino Montero entre 2016 e 2017?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2025 12:03:44

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2025 12:07:01

Luis Bará Torres na data 30/01/2025 12:07:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a compra de vehículos por parte da Xunta de Galiza para o seu parque móvil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas o Goberno galego vén de adxudicar ou licitar tres contratos distintos (2024-SUSE 09-10-SF e outros) cos que mercará un total de 10 coches de alta gama Skoda Superb L&K (2 de 266 CV e 8 de 194 CV) por un prezo total de medio millón de euros.

Segundo a información facilitada aos medios, a Xunta xa recibiu as primeiras unidades dun "coche luxosamente equipado", tal e como o presenta a marca, van ser empregadas polos conselleiros e conselleiras – o presidente, Alfonso Rueda seguirá co DS-9 que herdou de Feijóo-.

Estes vehículos veñen a substituír os actuais DS, marca pertencente á multinacional Stellantis, o DS-9 e as 12 unidades de DS-7, todos híbridos, empregados ata agora polo Goberno galego mediante leasing.

Uns vehículos, os DS-7 tipo SUV, que varias fontes da Xunta coinciden en considerar unha mala elección e que van ser reutilizados dentro da administración noutras cometidos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora, tres anos despois de asinar este leasing, o Goberno galego opta por volver á compra en propiedade de vehículos só de combustión.

Os 12 DS-7 son tipo SUV; segundo a memoria presentada nos concursos agora resoltos, non son os máis axeitados debido a que non son moi seguros, debido á súa altura. O da maior estabilidade dos vehículos tipo berlina fronte aos SUV, é un dos argumentos para que agora, antes de que remate o leasing contratado en 2022, a Xunta estea a adquirir en propiedade novos vehículos de alta gama da marca Skoda. Segundo a xustificación oficial esgrimida nos concursos polo Goberno galego:

"Os modelos berlina xeralmente teñen un centro de gravidade máis baixo e unha distribución de peso máis equilibrada que os SUV, o que lles permite tomar as curvas con maior estabilidade e agarre. Así mesmo, a forma máis aerodinámica das berlinas reduce a resistencia ao vento, o que mellora a eficiencia do combustible, e finalmente, este tipo de modelos adoitan ter unha suspensión máis ríxida que os SUV, o que proporciona un mellor control e resposta na estrada.".

Os pregos dos novos contratos tamén esgrimen que "a forma máis aerodinámica das berlinas reduce a resistencia ao vento, o que mellora a eficiencia do combustible, e finalmente, este tipo de modelos adoitan ter unha suspensión máis ríxida que os SUV, o que proporciona un mellor control e resposta na estrada".

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son os motivos do cambio de criterio á hora de mercar novas unidades de transporte persoal para os membros do goberno galego?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 30/01/2025 12:20:50

Luis Bará Torres na data 30/01/2025 12:21:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/01/2025 12:22:08



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de impulsar o sector do libro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A literatura galega é unha das nosas expresións culturais máis recoñecidas dentro e fóra de Galiza e unha das plataformas de internacionalización cultural, lingüística e identitaria de maior proxección.

No entanto, a representación do sector do libro galego non está a ser valorada de forma consecuente na política cultural da Xunta como demostra un valor en continuo decrecemento nos exercicios orzamentarios do goberno do Partido Popular, que acumula un elevado volume de perda de investimentos desde 2009 que continúa a medrar á vista dos orzamentos da Xunta para 2025.

Unha falta de investimento que confirma a falta de confianza neste sector tan representativo na creación cultural e que se traduce na falta dun proxecto político que conte coa participación dos axentes literarios, sempre ignorados e desatendidos nas súas demandas.

A incapacidade para aprobar o tan anunciado como inexistente Plan de dinamización de lectura é boa proba da ausencia de calquera estratexia que aspire a converter o libro galego nun eixo social, económico e cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, ao longo dos quince anos de goberno do PP sucedéronse as confrontacións cos axentes que conforman a cadea de valor do libro desde a creación até a distribución entre o público, devaluouse a funcionalidade do Consello Asesor do Libro, someteuse o sector ao escándalo público cunha escandalosa resolución de convocatorias de axudas á tradución, renunciouse a planificar unha política de internacionalización do libro galego consensuada co sector, etc.

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai presentar, no actual período de sesións, perante o Parlamento, o Plan de fomento da lectura que dea cumprimento á Lei do libro e da lectura de Galiza.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/01/2025 12:37:22

Daniel Castro García na data 30/01/2025 12:38:06





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Recentemente, foi publicado o informe correspondente aos datos das listas de agarda na sanidade galega, especificada por especialidades e áreas sanitarias e no período correspondente a o mes de xuño a decembro de 2024.

Pois ben, tendo en conta estes datos atopámonos que unha das causas que contribúen á deficiente situación na que se atopa a sanidade pública do noso país e o tempo de agarda para unha intervención cirúrxica, proba diagnóstica, ou unha consulta con especialistas.

E que se corresponde coa falla de investimento xa que Galicia se sitúa á cola en gastos *per cápita* para Sanidade, xunto con Educación e Políticas Sociais.

Ante estes datos alarmantes é significativo que o máximo responsable de sanidade en Galicia, pida dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”.

Ninguén dúbida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai más aló do que realmente lle corresponde, mantendo a calidade da atención sanitaria a pesares das deficiencias organizativas.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes, e a dilación excesiva non só pode afectar á evolución da doença senón que tamén provoca malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades...

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2025 12:45:31
Nº Rexistro: 18855
Data envío: 30/01/2025 12:45:31.448

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de agarda para consultas no hospital público do Salnés?

Santiago de Compostela, 30 de enero de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/01/2025 12:24:51

Elena Espinosa Mangana na data 30/01/2025 12:25:00

Silvia Longueira Castro na data 30/01/2025 12:25:10





Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en Pleno.

A Lei xeral de sanidade di: *son os departamentos de saúde das comunidades autónomas os que exclusivamente teñen as competencias da atención sanitaria das diferentes enfermidades.*

Así se concibe tamén na Recomendación novena do Acordo da Comisión Mixta para o Estudo do Problema das Drogas, relativo ao informe da ponencia para o estudo dos efectos nocivos das drogas na saúde dos mozos e das mozas: “O sistema Nacional de Saúde debe de asumir a asistencia as drogodependentes en termos de igualdade e equidade co resto dos pacientes”

Do mesmo xeito, a Oficina de Nacións Unidas para o control da Droga tamén considera esencial a integración dos servizos de tratamiento e rehabilitación de drogodependentes nos sistemas sanitarios xerais, rexeitando a creación de redes paralelas ou específicas.

Proba diste é que no Real decreto 1911/99 do 17 de decembro, polo que se aproba a Estratexia Nacional de Drogas, que fora aprobada co consenso de todas as comunidades autónomas, indica que: *En materia de asistencia aos enfermos drogodependentes a principal aposta radica en que esta deberá realizarse a través do Sistema Nacional de Saúde.*

E unhas das metas desta estratexia nacional é “Adecuar a rede asistencial existente nas comunidades autónomas co fin de axustala ás novas



necesidades que poida manifestar o fenómeno. Esta adecuación debe manter o impulso da integración e normalización das redes asistenciais nos sistemas públicos de Saúde”.

Pero despois de moitas demandas por parte dos concellos de Galicia titulares das UMAD, a Xunta de Galicia segue a facer deixamento das súas competencias.

O Concello de Vigo, xunto con outros doce concellos galegos, levan máis dunha década reivindicando que as Unidades de Atención a Persoas Drogodependentes sexan asumidas pola administración competente, que non é outra que a Xunta de Galicia. E debe facerse mediante a súa integración no sistema público de saúde.

E a día de hoxe, nada do pactado, antes ao contrario, o novo cronograma remitido unilateralmente pola Xunta de Galicia, para abordar esta cuestión, sitúanos no ano 2025.

Namentres, remiten de novo un convenio aos concellos, que no caso de Vigo, nos só non actualiza as contías ridículas de subvención co IPC e co incremento dos salarios, senón que rebaixa a contía con respecto o exercicio anterior, a pesares de que o Concello de Vigo ten xustificado un gasto de 1,3 millóns de euros, para recibir unha subvención de pouco máis de 500.000€

Por todo o exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Está disposta a Xunta de Galicia a asumir os costes das unidades de atención a drogodependentes que teñen os concellos, en tanto que non se produza a súa integración na rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde e cumplir cos compromisos do mes de abril de 2024 referentes a contratación de persoal?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2025 12:47:03
Nº Rexistro: 18858
Data envío: 30/01/2025 12:47:03.245

Parlamento de Galicia, 30 de xaneiro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 30/01/2025 12:42:55

Patricia Iglesias Rey na data 30/01/2025 12:43:06

CSV: REB00\$P6DwW0C0EN-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

64091

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Lara Méndez López e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O PPdeG non ten unha política enerxética recoñecible no Goberno galego. Cando Feijóo chegou en 2009 mandou parar a eólica en Galicia.

Esta suspensión do concurso eólico do goberno presidido polo socialista Touriño no 2009 por Feijóo- por motivos estreitamente partidistas- supuxo que se deixaran fora do desenvolvemento eólico en Galicia 2325 MW. O concurso eólico do bipartito era o maior concurso eólico que se facía en España neses intres.

Deixou fóra máis de 5.000 millóns de euros en inversión. Paralización do concurso eólico que supuxo tamén que os galegos/as tiveran que soportar o pago de cerca de 200 millóns de cartos públicos polas demandas de responsabilidade patrimonial das empresas promotoras ás que se adxudicara MW, que tivo que pagar o Goberno galego. E logo tamén, de que o concurso eólico do bipartito fora avalado na súa legalidade polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e polo Tribunal Supremo.

Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios, atraer a inversión e sobre todo, contar coa cidadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados para que o aproveitamento destes recursos respecte escrupulosamente o medio ambiente, biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para as galegas e galegos.





Deste xeito, o PP é o principal responsable de que Galicia non teña unha boa planificación do seu potencial enerxético, e esa falta de modelo enerxético trasládase a toda a economía industrial de Galicia como expón o caso de Alcoa, ou os dez proxectos industriais estratégicos (PIE) declarados polo consello da Xunta, e que están todos en situación de parálise.

O Plan sectorial eólico (PSE) é de 1997, un plan que non está adaptado no seu desenvolvemento territorial – ADES- á lexislación actual de sustentabilidade ambiental, entre outras: Directiva de Biodiversidade, Directiva de Hábitats e Ecosistemas e III Directiva de Renovables.

Hai no momento actual cerca de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por incumprimento de criterios de sustentabilidade ambiental, non pola cuestión prexudicial que pende do TJUE. Este caos no desenvolvemento da enerxía eólica non ten precedentes en Galicia, e é responsabilidade exclusiva do goberno galego que levan case 16 anos no goberno.

Na décimo terceira modificación da Lei 8/2009 do Sector eólico de Galicia (LSE), pola lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas establecense medidas impostas, sen consenso coa veciñanza, sen consenso con concellos, sen consenso co sector eólico, e todas elas que amosan improvisacións e falta de estratexia no desenvolvemento eólico no noso país que incrementan, máis se cabe, a inseguridade xurídica existente.

Entre as medidas incluídas na derradeira modificación da LSE, inclúese a de aprobación dun novo Plan sectorial eólico de Galicia, que verá como moi pronto a luz no ano 2029, como admitiu a Consellería de Economía e Industria, a Sra. Lorenza.



Apenas catro días despois de que o Presidente da Xunta de Galicia anunciara o inicio da elaboración dun novo Plan Eólico para Galicia, a Xunta anunciou na plataforma de contratos de Galicia un contrato de servizos para que unha empresa privada redáctelle o documento por 783.077 euros, IVE incluído.

Asemade, a Xunta de Galicia expulsa ás organizacións ecoloxistas do órgano de participación e consulta. A Xunta de Galicia expulsa ás organizacións ecoloxistas do órgano de participación. Segundo consta na citada plataforma, a Xunta pide ao sector privado un servizo de “apoio á Dirección Xeral de Planificación Enerxética no procedemento de elaboración do Plan Sectorial Eólico de Galicia”. As opinións que o Goberno galego quere obter de consultoras privadas xustifícanse co seguinte argumento: “A Consellería de Economía e Industria non conta con persoal técnico cualificado dispoñible nin medios adecuados” para redactar o plan desde os despachos da administración pública. De aí, o pase á privada. Non sei que lle parecerá esa externalización- que tanto lle gusta ao PPdeG- de “desconfianza do público” a todas as persoas empregadas públicas que forman parte da relación de postos de traballo da Consellería de Economía e Industria, da Consellería de Medio Ambiente, ou do Inega.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

1.Vai a ter en conta a o Goberno galego no novo Plan Sectorial Eólico de Galicia o Marco de Acción Prioritaria (MAP) para ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia ao amparo do artigo 8 da Directiva 92/43/CEE do Consello relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres?

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2025 13:02:42
Nº Rexistro: 18864
Data envío: 30/01/2025 13:02:42,907

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/01/2025 11:25:45

Lara Méndez López na data 30/01/2025 11:25:53

Paloma Castro Rey na data 30/01/2025 11:26:04

CSV: BFB00966-40Z-N-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

64095

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Lara Méndez López e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios, atraer a inversión e sobre todo, contar coa cidadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados para que o aproveitamento destes recursos respecte escrupulosamente o medio ambiente, biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para as galegas e galegos.

O PPdeG non ten unha política enerxética recoñecible no Goberno Galego. Cando Feijóo chegou en 2009 mandou parar a eólica en Galicia.

Esta suspensión do concurso eólico do goberno presidido polo socialista Touriño no 2009 por Feijóo- por motivos estreitamente partidistas- supuxo que se deixaran fora do desenvolvemento eólico en Galicia 2325 MW. O concurso eólico do bipartito era o maior concurso eólico que se facía en España neses intres.

Deixou fóra máis de 5.000 millóns de euros en inversión. Paralización do concurso eólico que supuxo tamén que os galegos/as tiveran que soportar o pago de cerca de 200 millóns de cartos públicos polas demandas de responsabilidade patrimonial das empresas promotoras ás que se adxudicara MW, que tivo que pagar o Goberno galego. E logo tamén, de que o concurso eólico do bipartito fora avalado na súa legalidade polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e polo Tribunal Supremo.





Deste xeito, o PP é o principal responsable de que Galicia **non teña unha boa planificación do seu potencial enerxético**, e esa falta de modelo enerxético trasládase a toda a economía industrial de Galicia como expón o caso de Alcoa, ou os dez proxectos industriais estratégicos (PIE) declarados polo consello da Xunta, e que están todos en situación de parálise.

O Plan Sectorial Eólico (PSE) é de 1997. Un plan que non está adaptado no seu desenvolvemento territorial – ADES- á lexislación actual de sustentabilidade ambiental, entre outras: Directiva bioversidade, Directiva de hábitats e ecosistemas e III Directiva de Renovables.

Hai no momento actual cerca de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por incumprimento de criterios de sustentabilidade ambiental, non pola cuestión prexudicial que pende do TJUE. Este caos no desenvolvemento da enerxía eólica non ten precedentes en Galicia, e é responsabilidade exclusiva do goberno galego que levan case 16 anos no goberno.

Na decimo terceira modificación da Lei 8/2009 do Sector eólico de Galicia (LSE), pola lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas establecense medidas impostas, sen consenso coa veciñanza, sen consenso con concellos, sen consenso so sector eólico, e todas elas que amosan improvisacións e falta de estratexia no desenvolvemento eólico no noso país que incrementan, máis se cabe, a inseguridade xurídica existente.

Entre as medidas incluídas na derradeira modificación da LSE, inclúese a de aprobación dun novo Plan sectorial eólico de Galicia, que verá como moi pronto a luz no ano 2029, como admitiu a Consellería de Economía e Industria, a Sra. Lorenza.



Apenas catro días despois de que o Presidente da Xunta de Galicia anunciara o inicio da elaboración dun novo Plan Eólico para Galicia, a Xunta anunciou na plataforma de contratos de Galicia un contrato de servizos para que unha empresa privada redáctelle o documento por 783.077 euros, IVE incluído.

Asemade, a Xunta de Galicia expulsa ás organizacións ecoloxistas do órgano de participación e consulta. A Xunta de Galicia expulsa ás organizacións ecoloxistas do órgano de participación. Segundo consta na citada plataforma, a Xunta pide ao sector privado un servizo de “apoio á Dirección Xeral de Planificación Enerxética no procedemento de elaboración do Plan Sectorial Eólico de Galicia”. As opinións que o Goberno galego quere obter de consultoras privadas xustifícanse co seguinte argumento: “A Consellería de Economía e Industria non conta con persoal técnico cualificado dispoñible nin medios adecuados” para redactar o plan desde os despachos da administración pública. De aí, o pase á privada. Non sei que lle parecerá esa externalización- que tanto lle gusta ao PPdeG- de “desconfianza do público” a todas as persoas empregadas públicas que forman parte da relación de postos de traballo da Consellería de Economía e Industria, da Consellería de Medio Ambiente, ou do Inega.

Por esto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

1. Vai o Goberno Galego na elaboración do novo Plan sectorial eólico de Galicia a cumplir co artigo 12 da Directiva REDIII sobre a promoción da enerxía procedente de fontes renovables que obriga ao Goberno Galego a que garanta a participación pública temperá a todos os sectores implicados: axentes sociais, sindicais, asociacións ecoloxistas e aos concellos afectados en relación cos plans que designen áreas de para as enerxías renovables, incluída a identificación do público afectado ou que probablemente se vexa afectado?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2025 13:04:47
Nº Rexistro: 18870
Data envío: 30/01/2025 13:04:47.158

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/01/2025 12:48:19

Lara Méndez López na data 30/01/2025 12:48:54

Paloma Castro Rey na data 30/01/2025 12:49:58

CSV: REREGOSBEGAUDSYCZM-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

64099

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Lara Méndez López e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A transición enerxética non é unha opción, é unha obligación e unha oportunidade tanto para loitar contra a crise climática, como para mellorar as condicións de vida dos e das cidadáns; para elevar a competitividade económica e industrial e evitar depender de terceiros países. Non debemos perder este tren.

Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios, atraer a inversión e sobre todo, contar coa ciudadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados para que o aproveitamento destes recursos respecte escrupulosamente o medio ambiente, biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para as galegas e galegos.

O PP non ten unha política enerxética recoñecible no Goberno galego. Cando Feijóo chegou en 2009 mandou parar a eólica en Galicia.

Esta suspensión do concurso eólico do goberno presidido polo socialista Touriño no 2009 por Feijóo- por motivos estreitamente partidistas- supuxo que se deixaran fora do desenvolvemento eólico en Galicia 2325 MW. O concurso eólico do bipartito era o maior concurso eólico que se facía en España neses intres.

Deixou fóra máis de 5.000 millóns de euros en inversión. Paralización do concurso eólico que supuxo tamén que os galegos/as tiveran que soportar o



pago de cerca de 200 millóns de cartos públicos polas demandas de responsabilidade patrimonial das empresas promotoras ás que se adxudicara MW, que tivo que pagar o Goberno Galego. E logo tamén, de que o concurso eólico do bipartito fora avalado na súa legalidade polo TSXG.

Deste xeito, o PP é o principal responsable de que Galicia non teña unha boa planificación do seu potencial enerxético, e esa falta de modelo enerxético trasládase a toda a economía industrial de Galicia como expón o caso de Alcoa, ou os dez proxectos industriais estratégicos (PIE) declarados polo consello da Xunta, e que están en “standby”.

O Plan sectorial eólico (PSE) é de 1997. Un plan que non está adaptado no seu desenvolvemento territorial – ADES- á lexislación actual de sustentabilidade ambiental (Directiva bioversidade, Directiva de hábitats e III Directiva de Renovables).

O goberno Galego non está a liderar a transición ecolólica e non está a facilitar o asentamento de proxectos industriais sostibles no noso país.

Hai no momento actual cerca de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por incumprimento de criterios de sustentabilidade ambiental, non pola cuestión prexudicial que pende do TJUE. Este caos no desenvolvemento da enerxía eólica non ten precedentes en Galicia, e é responsabilidade exclusiva do goberno galego que levan case 16 anos no goberno.

Na decimo terceira modificación da Lei 8/2009 do Sector Eólico de Galicia pola Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas establecense medidas impostas, sen consenso coa veciñanza, sen consenso con concellos, sen consenso so sector eólico, e todas elas que amosan





improvisacións e falta de estratexia no desenvolvemento eólico no noso país que incrementan, máis se cabe, a inseguridade xurídica existente.

Entre as medidas incluídas, está a de impoñer as repotenciacións obligatorias de certos parques eólicos de máis de 25 anos e as facilidades a empresas que asinen acordos de compravenda de enerxía –PPA, polas súas siglas en inglés– con empresas galegas. Segundo os cálculos do sector eólico, isto obrigará a case a metade (o 45%) da potencia eólica en funcionamento en Galicia, uns 2.007 megawatts (MW), a parar nos próximos anos para repotenciar –a substitución de antigos aeroxeradores por outros más novos e potentes–. Estes activos, 2.888 muíños concentrados en 86 parques, teñen máis de 20 e 25 anos, polo que nun prazo corto poderán verse afectados pola nova normativa. Coa nova regulación, as actuacións de repotenciación serán obligatorias para parques eólicos existentes que alcancasen 25 anos desde a súa posta en funcionamento. Este prazo pode estenderse ata un límite de 30 anos se a vida útil dos aeroxerador.

Respecto ás repotenciacións de parques eólicos, como medida en abstracto estamos absolutamente a favor porque é unha medida que se recolle na Directiva (UE) 2023/2413 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de outubro de 2023, pola que se modifican a Directiva (UE) 2018/2001. Pero, o que non estamos de acordo e como o fixo polo Goberno Galego, que impuxo a medida con improvisación e imposición.

De feito, aquí podemos trazar una clara diferencia no modo de proceder entre o Goberno de España e o goberno da Xunta:

Mentres que o goberno de España recolle no PNIEC medidas de repotenciación, e acompaña a mesma con axudas públicas dedicadas a proxectos de repotenciación circular eólica, e de reciclaxe de pas de aeroxeradores, o Goberno Galego impón de forma obligatoria e sen rigor técnico. En concreto, en Galicia concedéronse polo goberno de España axudas





para repotenciación de 25 proxectos por 57,7 M€. Entre outros: o parque Eólico de Muras (11 M€): O parque eólico de Monte Redondo (12,7 M€): O parque eólico de Somozas (13,4 M€).

Por esto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

1. Está disposto o Goberno Galego nas repotenciacións obligatorias de parques eólicos, a promover medidas de fomento e incentivos?

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/01/2025 12:52:06

Lara Méndez López na data 30/01/2025 12:53:03

Paloma Castro Rey na data 30/01/2025 12:54:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao estado da poboación de anguía en Galiza e á intención da CE de incluíla no apéndice I de CITES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acordo tomado polo Consello de ministros de Pesca da Unión Europea en decembro de 2022 tomou a decisión de aumentar a veda da anguía de tres a seis meses, que se efectivizou ao ano seguinte.

Foi un duro golpe para a actividade de arredor de 50 embarcacións que se adican á súa pesca no noso país, na desembocadura dos ríos en distintas rías galegas, principalmente na de Vigo -onde supón unha fonte de ingresos esencial para os naseiros de Pontesampaio, Arcade, Cesantes, Redondela e Vilaboa-, mais tamén na de Pontevedra, Ferrol e Arousa.

No caso de Galiza, a anguía xa levaba anos daquela sometida a unha veda anual de tres meses, que lle foi imposta pola mala xestión que outros países europeos fixeron desta especie e que supuxo tamén que se aumentase dende o 2023 malia que os plans de xestión dese recurso levaban anos en equilibrio.

Na actualidade, a anguía figura incluída no apéndice II de CITES- Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres, que impón limitacións á súa comercialización, mais recentemente fixose pública a intención





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Comisión Europea de catalogala dentro do apéndice I da Convención e, polo tanto, declarala en perigo de extinción e prohibir definitivamente a súa comercialización a partir de novembro deste ano.

De ser así, repetiríase unha situación que desafortunadamente non é nova para a frota galega no seu conxunto, que acabaría sufrindo as consecuencias das malas prácticas e da falta dun control que non se vén aplicando noutros países europeos.

A Xunta de Galiza alega que os seus informes amosan a sostibilidade continuada do recurso nos plans de xestión que ten autorizados e que o goberno español ten coñecemento deses datos, polo que considera excesivas as medidas propostas pola Comisión Europea.

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai levar a cabo o goberno galego para tratar de evitar que se sigan tomando decisións gravosas para a frota galega da anguía?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 30/01/2025 13:00:42

Paulo Ríos Santomé na data 30/01/2025 13:03:17

Carmela González Iglesias na data 30/01/2025 13:03:50

Daniel Castro García na data 30/01/2025 13:04:11

Daniel Pérez López na data 30/01/2025 13:05:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, Secundino Fernández Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os danos do temporal Kirk

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mes de outubro de 2024 deixou ao agro galego sumido nunha crise sen precedentes. O paso do furacán Kirk, que se transformou en borrasca, causou grandes estragos en cultivos chave como o millo forraxeiro, a pataca e a castaña. Sen embargo, a situación non se limitou a este temporal en particular, senón que foi precedida por unha serie de condicións climatolóxicas adversas que dificultaron as tarefas de recollida de cultivos, especialmente no caso das patacas.

As choivas prolongadas durante as semanas previas ao temporal Kirk provocaron que moitas fincas quedaran asolagadas, imposibilitando a entrada das máquinas recolleitadoras, o que impidiu a colleita de patacas de maneira eficiente en diversas zonas, especialmente na comarca da Limia. Este retraso na colleita agravou as perdas e deixou a moitas explotacións agro-gandeiras nunha situación de incerteza alimentaria e económica, xa que as patacas son un cultivo clave tanto para o consumo humano como para a alimentación animal.

A situación empeorou coa chegada do temporal Kirk, que provocou un novo golpe sobre o sector agro-gandeiro galego. As fortes ventos e chuvias deron lugar á caída prematura de castañas e á perda de moito millo forraxeiro, crucial para a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alimentación do gando de vacún de leite. A falta de forraxe supón un grave problema para as explotacións, que se ven obrigadas a fazer frente a grandes perdas económicas ao non contar co alimento necesario para manter a súa producción.

Desde o BNG, formulamos unha pregunta ao Parlamento galego en outubro de 2024, reclamando ao Goberno galego e á Consellería do Medio Rural unha resposta inmediata ás perdas sufridas polo agro galego. A pregunta foi baseada nas xustas queixas das organizacións agrarias e das comunidades labregas, que viñan sinalando a falta de axudas para fazer frente a esta catástrofe climatolóxica.

A resposta da Conselleira en sesión plenaria en outubro de 2024 foi, sen embargo, insatisfactoria. A conselleira manifestou que, malia o impacto do temporal, non se tiña previsto abrir liñas de axudas específicas para as explotacións afectadas polas perdas do furacán Kirk, facendo énfase na complexidade de valorar as perdas e a necesidade de unha “análise técnica” adicional. A súa contestación foi clara en dicir que “ninguén quedará fóra das axudas”, pero sen especificar cando se activarían nin en que medida serían efectivas as medidas de apoio, deixando ás explotacións afectadas nun limbo de incerteza.

Ao mesmo tempo, desde a Consellería non se puido garantir que se iría adiantar un maior porcentaxe das axudas PAC, malia que a Xunta tiña a capacidade de adiantar moito máis que o 26% anunciado, un adianto claramente insuficiente para as explotacións que se atopan en situación de grave dificultade tras os danos causados polo temporal.

Ademais, a resposta da Consellería non tivo en conta a realidade do sector, onde os danos non só foron consecuencia do temporal en si, senón tamén do atraso na sementeira e posteriormente na recollida das patacas, que xa se vían afectadas antes da chegada do furacán, e da dificultade para recoller os cultivos forraxeiros debido ás





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicións climatolóxicas previas. As explotacións, en especial as pequenas e medianas, precisan dunha resposta inmediata e un apoio económico real que lles permita fazer fronte a estas perdidas e retomar a súa actividade.

Neste contexto, é fundamental que a Consellería do Medio Rural adopte medidas efectivas, inmediatas e proporcionadas á magnitud dos danos, para evitar que ningunha explotación quede sen axudas nin sen o apoio necesario para a súa recuperación. A falta dunha resposta á altura de a situación non fai máis que agravar a desconfianza no Goberno galego e na súa xestión das emergencias agrarias.

Por todo isto, desde o BNG consideramos que é fundamental que a Consellería do Medio Rural tome medidas inmediatas para abrir liñas de axudas que compensen as perdidas sufridas polo agro galego, e que mobilice de maneira efectiva os recursos públicos para axudar a recuperar as explotacións.

En consecuencia formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Tendo en conta a gravidade dos danos causados polo temporal Kirk e a falta de resposta inmediata por parte da Consellería do Medio Rural, cal é o plan de acción do Goberno galego para garantir que as explotacións afectadas reciban as axudas necesarias para a súa recuperación?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández

Ariadna Fernández González

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 30/01/2025 13:35:13

Secundino Fernández Fernández na data 30/01/2025 13:35:18

Sonia Vidal Lamas na data 30/01/2025 13:35:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á orde de aprobación dos Plans de xestión para recursos específicos e algas en Galiza para o trienio 2025-27.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Mar acostuma a xustificar moitas das súas actuacións e medidas nun suposto diálogo permanente que di manter co sector do mar ao que van dirixidas e tamén en acordos aos que aparentemente se chega co mesmo. No entanto, un número importante das súas medidas obteñen en moitas ocasións o rexeitamento público do sector ao que van destinadas.

Vén de ocorrer de novo recentemente coa aprobación dos plans de xestión para recursos específicos e algas en Galiza para o trienio 2025-2027, que causaron o rexeitamento de gran parte das persoas adicadas á extracción do percebe no noso país e obligaron á Xunta de Galiza a reaccionar a posteriori e a ofrecerse a colaborar na implementación dunhas medidas que hipoteticamente contaban co visto e prace do sector afectado.

Os percebeiros coincidían en considerar que as novas medidas incluídas nos plans de xestión mesmo facían perigar aos propios mariscadores e non garantían a recuperación do recurso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os límites de acceso a pé aos bancos polas persoas que teñen a autorización para mariscar dende a embarcación, a dobre pesaxe dos cupos, os cambios -outra vez- nas zonas de extracción, as vedas establecidas, a obrigatoriedade de utilizar unha aplicación móvil, etc., son só algunas das discrepancias que o sector manifestou á Consellaría e moitas para dar credibilidade ao argumento da Consellaría de que a Orde do 19 de decembro de 2024 estaba realmente pactada entre as partes.

As reunións e as queixas do sector sucedéronse durante días dende a publicación da Orde mais non serviron nin para retirala nin para modificala tal e como lle solicitaran moitas das agrupacións. Finalmente, a Consellaría de Mar deu por rematado o conflito cunha comunicación pública na súa páxina web e ofrecendo unha colaboración pola súa parte que xa se presupón que ten que existir sempre e en todos os casos.

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para tratar de que a Orde de aprobación dos plans de xestión para recursos específicos e algas en Galiza para o triénio 2025-27 se puidese consensuar co sector percebeiro?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 30/01/2025 16:25:16

Paulo Ríos Santomé na data 30/01/2025 16:26:30

Carmela González Iglesias na data 30/01/2025 16:27:16

Daniel Castro García na data 30/01/2025 16:27:47

Daniel Pérez López na data 30/01/2025 16:28:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórre, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación das listas de espera hospitalarias do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As listas de espera do sistema público de saúde galego continúan nunha situación grave que non deixa de empeorar en cada publicación que fai o goberno dos seus datos, a pesar de certas mellorías moi puntuais. Datos que, cómpre sinalar novamente, son parciais, pois non reflecten a situación global ao manter o Partido Popular ocultas as listas de espera non estruturais.

Segundo os datos máis recentes, en xuño de 2024 eran 50.252 persoas as que se atopaban agardando por unha cirurxía e 220.033 as que estaban á espera dunha primeira consulta hospitalaria. Estas cifras son peores que as referidas a 6 meses antes, con 5.225 e 7.752 persoas más nas listas de espera, respectivamente; e por suposto, moito peores que as que había en xuño de 2019, previas á irrupción da pandemia da COVID, cando eran 34.468 as persoas agardando por unha cirurxía e 168.540 as que estaban en lista de espera para unha primeira consulta hospitalaria.

Mais tamén empeoran os tempos de espera, pois en cirurxía, incrementáronse en 14,7 días de media e en primeiras consultas hospitalarias, 34 días, comparando os datos de xuño de 2024 con respecto a xuño de 2019.

Sucédense os meses e as publicacións destes datos (parciais, novamente) por parte do Sergas, mais non se albисca unha melloría nas listas de espera hospitalarias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas que vai tomar o goberno galego para lograr a redución das listas de espera hospitalarias, nomeadamente no referido á contratación de persoal?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/01/2025 16:40:29

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2025 16:42:02



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Noa Presas Bergantiños e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o que debe fazer a Xunta da Galiza para a cobertura de vacantes nos sectores estratégicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos da Xunta da Galiza para o vindeiro exercicio do 2025 integra 3 programas específicamente destinados á formación e mellora da empregabilidade. O 322A de mellora de empregabilidade con 72.232.081 millóns de euros consignados; o 323A de formación profesional desempregados con 134.901.345 millóns de euros consignados; o 323B de formación profesional ocupados con 19.827.346 millóns de euros consignados, un total de 226.960.772 millóns de euros.

Segundo os datos oficiais que nos ofrece o informe de execución dos orzamentos da Xunta o grao de execución acumulada destes programas entre os anos 2019 e 2023 foron os seguintes: programa 322A- 51,63%, programa 323A- 47,86%, e programa 323B- 22,63%.

Esta ridícula porcentaxe de execución significa en números enteros que a cantidade deixada de executar, e polo tanto dispoñible e non gastada, chega aos 668.840.009,11 millóns de euros.

Trátase de fondos finalistas que proveñen das transferencias do SEPE e en última instancia das cotizacíons á Seguridade Social e do Fondo Social Europeu que están a ser desaproveitados dun xeito absolutamente irresponsábel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nin que dicir ten que isto representa un prexuízo gravísimo para o dereito á formación e á promoción profesional de todos os traballadores e traballadores en activo, e aínda más grave para todas as persoas desempregadas que non dispoñen dunha oferta formativa eficaz para mellorar as súas posibilidades de acceder a un emprego.

Máis aló das necesarias explicacións que terán que dar os responsábeis políticos da xestión destes fondos sobre o por que dese ridículo grao de execución, algúns dos motivos son ben coñecidos, por exemplo o desaxuste entre a oferta e a demanda formativa debido á inexistencia dun catálogo galego de formación así como á inexistencia dun mapa de necesidades sectoriais galego.

Por todo isto formulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que os programas 322A, 323A, 323B dos orzamentos da Xunta acumulan entre os anos 2019 e 2023 niveis de falta de execución superiores ao 50%?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Noa Presas Bergantiños

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 30/01/2025 16:36:37

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2025 16:36:40

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/01/2025 16:36:52



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación das listas de espera hospitalarias do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As listas de espera do sistema público de saúde galego continúan nunha situación grave que non deixa de empeorar en cada publicación que fai o goberno dos seus datos, a pesar de certas mellorías moi puntuais. Datos que, cómpre sinalar novamente, son parciais, pois non reflecten a situación global ao manter o Partido Popular ocultas as listas de espera non estruturais.

Segundo os datos más recentes, en xuño de 2024 eran 50.252 persoas as que se atopaban agardando por unha cirurxía e 220.033 as que estaban á espera dunha primeira consulta hospitalaria.

Mais estes datos son absolutamente parciais, pois só responden ás listas de espera estruturais, manténdose na absoluta opacidade os datos correspondentes ás listas de espera non estruturais, a pesar das demandas reiteradas por parte de forzas políticas, sindicais e sociais. Opacidade que tamén soportan as propias doentes incluídas nestas listaxes de espera non estruturais, que non contan con ningún tipo de información acerca da súa situación, incluso a pesar de tamén se ter pronunciado a este respecto a Valedora do Pobo.

Outra fórmula utilizada polo goberno do Partido Popular á hora de xestionar a información das listas de espera é o feito de que cada vez son máis as pacientes que non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reciben unha data e hora para a realización dunha proba ou consulta, senón que fican pendentes dunha chamada telefónica para que se lles sexa adxudicada esta cita. Deste xeito, miles de pacientes están pendentes do teléfono para poderen recibir esa cita, vulnerando o seu dereito á información e sen permitirllles unha debida planificación.

Cómpre ter presente ademais, que tampouco se fan públicos os datos referentes á segundas e sucesivas consultas hospitalarias, sendo frecuente que nestes casos non se respecten os períodos estipulados polas facultativas baixo criterios clínicos, sendo moitas as pacientes pendentes de revisións que agardan máis tempo do que lles corresponde.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cantas son as pacientes que están a día de hoxe nunha lista de espera non estrutural no sistema sanitario público galego?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/01/2025 16:57:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2025 16:58:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Pérez López, Daniel Castro García e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á importante mortaldade de polbos pequenos nas praias do concello de Porto do Son o 30 de xaneiro de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Este Grupo Parlamentar vén de ter coñecemento da aparición, no día de hoxe, dunha cantidade importante de polbos pequenos mortos nas praias do concello de Porto do Son.

Trátase, na súa inmensa maioría, de polbos que non acadan a talla comercial mínima que nesta época, ademais, non son habituais, abundando en maior medida polbos de máis tamaño.

Resulta, pois, ademais dunha moi mala nova, un achado sorprendente do que descoñecemos as súas causas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a causa ou causas da importante mortaldade de polbos pequenos aparecidos nas praias do concello de Porto do Son o 30 de xaneiro deste ano?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Carmela González Iglesias
Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 30/01/2025 17:10:30

Daniel Pérez López na data 30/01/2025 17:10:34

Daniel Castro García na data 30/01/2025 17:10:44

Carmela González Iglesias na data 30/01/2025 17:10:53

Rosana Pérez Fernández na data 30/01/2025 17:11:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Olalla Rodil Fernández e Oscar Insua Lema, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o que debe fazer a Xunta da Galiza respecto da negociación do convenio colectivo de residencias de maiores de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas traballadoras das residencias de maiores do sector privado situadas na Galiza teñen reguladas as súas relacóns laborais, salarios e condicións de traballo a través do Convenio colectivo para residencias privadas de persoas de idade da Galiza.

O convenio colectivo actualmente vixente foi negociado para o período 1 de xaneiro do 2020 a 31 de decembro 2023, e afecta a máis de 2.500 persoas, mulleres na súa gran maioría.

As retribucións recollidas nas táboas salariais para o ano 2024 son inferiores ao Salario mínimo interprofesional para o mesmo ano en moitas das categorías do convenio. A falta de actualizar as táboas para este ano 2025 a previsión é que se manteña a situación.

Ademais das baixas retribucións as traballadoras realizan as súas tarefas nun ambiente laboral que non deixa de empeorar, por causa, sobre todo, da falta xeneralizada de persoal ou da sobrecarga física e mental que teñen que soportar. Estas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

malas condicións de traballo redundan no deterioro da atención que se presta as persoas usuarias.

Ao mesmo tempo os ingresos que acumulan os sete grandes grupos que xestionan a maioría das residencias privadas no estado español superan os 1.600 millóns de euros.

É dicir, estamos diante dun sector no que se constatan unha mala prestación do servizo e unhas malas condicións laborais, mentres a patronal tira un rédito desmedido do feito de ser un sector esencial, preso, e cada vez máis concentrado en grandes grupos empresariais, o que lles permite impoñer uns elevados prezos tanto para administracións como para particulares e obter uns réditos tamén elevados.

Estas características do sector fan que a negociación colectiva sexa moi complexa para a parte social. Tanto é así que a patronal rachou as negociacións no mes de outubro do 2024. A liña ideolóxica e política do Partido Popular non fai más que reforzar a posición desa patronal en rebeldía.

A Xunta de Galiza abandona complemente ás traballadoras do sector. Unha Xunta que non só é o primeiro e máis importante cliente destes grandes grupos, e polo tanto podería exercer algunha influencia a favor das traballadoras para protexer os seus lexítimos intereses e o seu dereito a gozar dunhas condicións de traballo dignas, senón que ademais é a Autoridade laboral na Galiza, e polo tanto podería tamén desde esta posición chamar ás partes a negociar de boa fe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Coñece a Xunta de Galiza as queixas das traballadoras afectadas polo Convenio colectivo de residencias privadas de persoas de idade da Galiza?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Oscar Insua Lema

Olalla Rodil Fernández

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/01/2025 17:12:41

Óscar Insua Lema na data 30/01/2025 17:14:24

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2025 17:14:54





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O art. 21 da Lei 7/2012 de montes de Galicia establece que poderán ser declarados como montes protectores de Galicia aqueles montes ou terreos forestais privados que cumpran algunha das condicións que para os montes públicos establece o artigo 27 desta lei.

Declaración de montes de utilidade pública modificado pola Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que entrou en vigor o 01.01.2023, debido a que ata esa data desde a aprobación da lei 7/2012, considerábase tamén montes públicos de natureza patrimonial.

Xa na pasada lexislatura este grupo parlamentario solicitou esta modificación na Comisión de Agricultura celebrada o 03.06.2022 a través dunha proposición non de lei nesta comisión, que foi rexeitada polos votos do PP, pero como moitas veces máis, o tempo deunos a razón.

A iso estamos afeitos como sucede coa moratoria do eucalipto proposta en Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, na súa disposición transitoria novena, que emenda o Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040,

Tanto o Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, cara á neutralidade carbónica como as leis de montes estatal e galega recollen varias condicións que poden





xustificar a inventariación e o rexistro (de oficio ou voluntario) dun monte como protector e entre elas están:

.-Os situados nas cabeceiras das concas hidrográficas e aqueles outros que contribúan decisivamente á regulación do réxime hidrolóxico, evitando e reducindo riadas e inundacións e defendendo poboacións, cultivos e infraestruturas.

- Os que eviten ou reduzan os desprendementos de terras ou rocas e o aterrramento de encoros e aqueles que protexan cultivos e infraestruturas contra o vento.
- Os que estean situados en áreas forestais declaradas de protección dentro dun plan de ordenación de recursos naturais ou un plan de ordenación de recursos forestais.

Unha alternativa razoable para algúns montes protectores de particulares ou de varas podería ser a súa adquisición por parte da Administración autonómica, con preferencia en terreos lindeiros a propiedades xa adquiridas pola Comunidade Autónoma. Os terreos así adquiridos poderían declararse como montes de utilidade pública para, a continuación, proceder á súa catalogación

Nos montes protectores promoverase, por tanto, unha xestión forestal sostible que asegure un uso equilibrado do chan e unha mellora dos recursos hídricos. As medidas de fomento no caso de montes de xestión privada (en concordancia coa medida VI.4.1) ou o establecemento de contratos de xestión pública (medida III.3.1.) serán os instrumentos para conseguilo.





A Consellería do Medio Rural ata o momento non segue as recomendacións do ditame da Comisión non permanente de Estudo e Análise da Política Forestal. Concretamente non se teñen en conta na 1ª Revisión do Plan forestal de Galicia as recomendacións 3 e 6 e só se inclúe a recomendación num. 8.

- Recomendación 3:

A superficie total ordenada ao final do Plan chegue ás 850.000 ha. A Comisión recomendaba que nos criterios de priorización dos montes que se ordenense teña en conta: Os montes que se clasifiquen como protectores.

- Recomendación 6:

Converter a xestión pública de montes nun referente de xestión forestal sostible, centrándose naqueles montes nos que a producción veña moi condicionada por valores ambientais ou culturais de interese xeral e montes nos clasificados como protectores, incorporándoa á lexislación forestal.

Por todo ou exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Considera a Xunta de Galicia nos futuros contratos de xestión pública darlle carácter preferente aos montes protectores?

Parlamento de Galicia, 30 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/01/2025 16:53:39

Lara Méndez López na data 30/01/2025 16:53:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Olalla Rodil Fernández e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os problemas na Residencia de maiores de Caranza, no Concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da residencia de maiores de Caranza é outro exemplo do abandono da comarca de Ferrol por parte da Xunta, especialmente grave en materia de servizos sociais.

A residencia de Caranza é un centro de 50 anos que nunca foi sometido a unha reforma en profundidade ou a unha modernización das súas instalacións. Este abandono fai do centro de Caranza un centro pouco funcional que non conta coas condicións mínimas de confort.

Ao problema máis grave, as inundacións que se producen sempre que chove e que provocan riscos de caídas, hai que unir a obsolescencia de todas as instalacións e complementos. Desde a cociña aos cuartos de baño. Desde o tren de lavado aos espellos dos baños.

En segundo lugar o persoal quéixase da excesiva carga de traballo e o ambiente tóxico provocado pola directora do centro. Un persoal formado case ao 100% por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mulleres que afirman sentirse abandonadas pola Xunta de Galiza, que leva anos sen atender as súas demandas.

Como é común a outros centros o persoal é escaso e cando se producen baixas ou imprevistos as persoas que cobren as quendas de traballo vense completamente superadas.

A isto hai que engadirlle que hai persoas residentes moi dependentes que non figuran como tales debido aos prazos da valoración da dependencia, o que significa un maior volume de traballo que non se ten en consideración, ou que persoas traballadoras con adaptación do posto de traballo computan para o rateo como outra calquera cando en realidade teñen limitacións.

Estas situacións son continuas desde hai moito tempo, e non se resolven, polo que o nivel de esixencia e de tensión acumulada dun xeito tan prolongado produce esgotamento, frustración e ansiedade.

As queixas do persoal, tanto do comité de empresa como das persoas a título particular, son contestadas por parte da directora do centro con represalias de diversa índole, desde chamadas de atención en público e de malos modos, con faltas de respecto, e mesmo coa apertura de expedientes disciplinarios.

A sobre carga laboral e as represalias da dirección teñen desembocado nun conflito social e na petición, por parte do comité de empresa, do cesamento da directora.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que a Xunta de Galiza desatende as reiteradas demandas do persoal da residencia de maiores de Caranza no Concello de Ferrol?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Olalla Rodil Fernández

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/01/2025 17:31:10

José Manuel Golpe Acuña na data 30/01/2025 17:32:02

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2025 17:32:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á insostíbel situación da campaña de libre marisqueo na ría da Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os mariscadores e mariscadoras que participan na actual campaña de libre marisqueo na ría de Arousa necesitaron apenas dunha semana, após o seu comezo no mes de outubro, para constatar que a situación de alarma que se repite ano tras ano aínda foi quen de empeorar neste sen que a Consellaría de Mar tome decisións ao respecto que cando menos a atenúen.

Cos Lombos pechados e coa redución da actividade a catro días en Cabío e no Bohido só dúas semanas despois de ter começado a campaña, xa houbo profesionais que abandonaron esa actividade, mais que á Consellaría non lle deben parecer suficientes como para tomar medidas de calado dirixidas á recuperación dos bancos.

Diante da desfeita, a primeiros de novembro o sector xa valoraba o paro da actividade após as datas do nadal ata o peche da campaña no mes de marzo. En decembro, é a propia Consellaría quen alude á posibilidade dun paro biolóxico nunha reunión levada a cabo coas confrarías, mais negando as axudas que deberían servir para o mantemento da frota durante ese paro e sen indicios de ningunha actuación a implementar para a recuperación dos bancos máis alá de agardar a que se recuperen por si sos.

A día de hoxe, a Consellaría obriga ao sector a seguir agonizando nuns bancos marisqueiros esgotados e aos que lle cómpren medidas de inmediato, despois de decidir a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primeiros de ano mantelos abertos malia a recomendación de peche dos seus propios técnicos e á negativa inxustificábel do conselleiro de Mar a recibilo.

Por todo isto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a razón ou razóns para que a Consellaría de Mar manteña a día de hoxe aberta a campaña nos bancos de libre marisqueo na ría de Arousa en contra das recomendación dos técnicos e coa produtividade da ría en mínimos históricos?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2025 17:37:04

Rosana Pérez Fernández na data 30/01/2025 17:37:08





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

A Influenza aviar, tamén coñecida como "gripe aviaria", é unha enfermidade viral altamente contaxiosa causada por un virus que afecta fundamentalmente ás aves.

Existen varias cepas do virus de influenza aviar, que poden clasificarse, de forma xeral, en dúas categorías segundo a gravidade da enfermidade:

- Influenza aviaria de baixa patoxenicidade (IABP), que soe causar unha enfermidade leve nas aves de curral que, en moitas ocasións, pasa desapercibida e, mesmo, sen presentar sintomatoloxía.
- Influenza aviaria de alta patoxenicidade (IAAP), que provoca signos clínicos graves e altas taxas de mortalidade nas aves de curral.

O Regulamento 2018/1882 da Comisión Europa, do 3 de decembro de 2018, relativo á aplicación de determinadas normas de prevención e control de enfermidades establece unha lista de especies e grupos de especies que supoñen un risco considerable para a súa propagación:

- Por un lado, a gripe aviar altamente patóxena, como enfermidade de categoría A+D+E (enfermidade que non estea presente normalmente na Unión e en relación coa que deben tomarse medidas de erradicación inmediatas tan pronto como se detecte a súa existencia).
- E por outro lado, a gripe aviar de baixa patoxenicidade, como enfermidade de categoría D+E (enfermidade sobre a que deben adoptarse medidas para evitar a súa propagación en relación coa súa introdución na Unión Europea ou con desprazamentos entre Estados membros).

De acordo coa actual normativa en vigor, a IAAP é de notificación inmediata ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e á Unión Europea, e a IABP é de notificación anual a estes organismos.





Galicia conta cun número moi importante de granxas de producción de ovos, e ocupa o cuarto lugar en España en producción de carne de polo, cun 13,1% da producción total do noso país. Deste xeito, a aparición de influenza aviaria nas nosas granxas podería supor un grave problema sanitario e afectar de xeito substancial á súa rendibilidade e á economía galega.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulañan a seguinte pregunta oral:

1. ¿Cal é o número de granxas avícolas das diferentes tipoloxía (ovos e carne) existentes en Galicia e, polo tanto, que son obxecto de interese potencial para o sistema de vixilancia da influencia aviaria?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/01/2025 17:14:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 17:14:51

José Mato Díaz na data 10/01/2025 17:14:54

Enrique Barreiro Sánchez na data 10/01/2025 17:15:28

Cristina Campero Dorado na data 10/01/2025 17:15:31

Juan Manuel Casares Gándara na data 10/01/2025 17:16:15

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 17:16:36

Ángel Rodríguez Conde na data 10/01/2025 17:16:38

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 17:17:03



Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urgente para a súa resposta oral en Pleno.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de coñecer as previsións sobre o desenvolvemento deste novo plan que apostá por seguir fomentando a Formación Profesional en Galicia

O Plan FPGAL360 será unha das liñas de traballo prioritarias coas que o Goberno galego dará resposta aos retos e desafíos da educación galega dos próximos anos. Esta folla de ruta –aprobada nos primeiros meses da lexislatura— conta cun orzamento de 24M€ que se desenvolverá nun horizonte temporal de catro anos.

A través das súas medidas –unhas 60— a Xunta de Galicia segue apostando pola Formación Profesional, poñendo o foco en dous obxectivos clave neste momento. Por un lado, favorecer que todas as persoas, independentemente da súa idade ou situación, poidan obter algún tipo de titulación a través de ciclos de Formación Profesional que os cualifique para a realización dunha actividade e a entrada no mercado laboral dando; e, por outro lado, seguir fortalecendo o sistema educativo afondando no reto da loita contra o abandono escolar.

Actualmente Galicia presenta unha taxa de abandono por debaixo da media española, unha cifra que foi mellorando estes últimos anos, pasando do 25,8% en 2009 ao 10,8%. A pesar disto, o Goberno galego continúa traballando de xeito integral para asegurar que ningunha persoa quede fóra do sistema educativo ou sen capacitación profesional.

O Plan FPGAL360 adiántase na loita contra o abandono, fortalecendo a FP Básica e ofrecendo novos itinerarios personalizados, orientación profesional e unha formación aliñada coas necesidades do mercado. Cómpre destacar que non só vai dirixido ao alumnado que actualmente están no sistema educativo, tamén á mocidade que deixou a educación antes de rematala e que agora ten entre 24 e 34 anos, así como á poboación en xeral que quere reforzar a súa formación para mellorar a súa inserción laboral.





É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

1. Cales son as primeiras implicacións que está a ter o Plan FPGAL360 para a consecución dos seus obxectivos?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 29/01/2025 13:25:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 29/01/2025 13:25:31

Carmen Pomar Tojo na data 29/01/2025 13:25:40

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/01/2025 13:25:49

Víctor Baladrón Lamas na data 29/01/2025 13:25:56

José Luis Ferro Iglesias na data 29/01/2025 13:26:06

Julio García Comesaña na data 29/01/2025 13:26:16

Raúl Santamaría González na data 29/01/2025 13:26:28

Patricia García González na data 29/01/2025 13:26:47



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer o posicionamento da Xunta de Galicia sobre a regulación proposta polo Ministerio de Sanidade para o persoal sanitario.

O Ministerio de Sanidade presentou recentemente un borrador de actualización do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos públicos de saúde. Neste borrador plantexábanse medidas como a exclusividade na sanidade pública para xefes de servizo ou para os 5 primeiros anos logo de acabar o MIR.

Estas medidas, xunto con outras centradas en regular as horas de gardas, non tardaron en ser criticadas por sindicatos e asociacións de profesionais sanitarios de todos os perfís ideolóxicos.

Supón unha anomalía que non se lle pedise opinión sobre esta actualización ás Comunidades Autónomas, que son as que ofrecen o servizo público de saúde e as que sufren constantemente os problemas de falta de profesionais sanitarios. Nese sentido, o texto que tampouco ofrece solucións aos principais problemas do sistema sanitario, como os postos de difícil cobertura.

Lonxe de xerar alarma con propostas pouco razoadas e non consensuadas, o Estatuto Marco debería actualizarse en coordinación coas Comunidades Autónomas.

As normas que regulan o funcionamento do persoal sanitario non deberían ser reféns dunha Ministra más centrada na presidenta da Comunidad de Madrid que na xestión da política sanitaria de todo o Estado.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta en Pleno:





Que opinión lle merecen as medidas propostas polo Ministerio de Sanidade no borrador do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos públicos de saúde?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 12:35:01

Raquel Arias Rodríguez na data 03/02/2025 12:35:12

Víctor Baladrón Lamas na data 03/02/2025 12:35:25

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 12:35:36

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/02/2025 12:35:47

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/02/2025 12:35:59

Noelia Pérez López na data 03/02/2025 12:36:12

Ethel Vázquez Mourelle na data 03/02/2025 12:36:25

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 12:36:42



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

Ao non cumplir o Goberno de España coa transposición desta normativa, milleiros de autónomos e pequenas empresas en Galicia non poden verse beneficiadas por esta medida de alivio fiscal.

O pasado 1 de xaneiro debía ter entrado en vigor en España a transposición da Directiva Europea 220/285, que introduce o réxime do IVE franquiado, como novidade. no que respecta ao sistema común do imposto sobre o valor engadido para pequenas empresas.

Esta normativa, deseñada para aumentar a competitividade de autónomos e pemes, exime do pago do IVE a aqueles que facturen menos de 85.000 euros anuais, eliminando así unha carga administrativa e fiscal significativa.

Gracias a esta directiva, aqueles autónomos con ingresos inferiores a ese límite podrían escoller entre o réxime xeral do IVE ou acollerse ao novo réxime de franquía, o que lles permitiría non liquidar o IVE trimestral nin anualmente, nin emitir facturas con IVE.





Unha medida de calado en Galicia onde o sector representa preto do 20% das afiliacións, case 4 puntos por enriba da media nacional.

Publicada no Diario Oficial da Unión Europea o 2 de marzo de 2020, a directiva fixaba o 31 de decembro de 2024 como data límite para a súa transposición, deixando ademais aos Estados membros a posibilidade de axustar o límiar de 85.000 € ou limitar a súa aplicación a sectores concretos.

Porén, mentres que noutros países da UE esta medida xa está en marcha, en España segue pendente de aprobación.

Hai uns días, a Comisión Europea abriu tres expedientes sancionadores contra España por non aplicar varias normativas clave para aliviar a carga financeira e burocrática das pequenas e medianas empresas:

A Directiva 2022/542, que modifica os tipos impositivos do IVE.

A Directiva 2023/2775, que establece os criterios de tamaño para clasificar ás empresas en función da súa dimensión.

E a máis importante, a Directiva 220/285, que debía ter entrado en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e que permitiría a autónomos e pemes acollerse ao IVE franquiciado.

En base ao anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do impacto para os autónomos e pemes de Galicia da non trasposición do Goberno de España da Directiva Europea 220/285, que introduce o réxime do IVE franquiciado?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025





Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 03/02/2025 13:10:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 13:10:18

Raquel Arias Rodríguez na data 03/02/2025 13:10:27

Víctor Baladrón Lamas na data 03/02/2025 13:10:41

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 13:10:55

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/02/2025 13:11:06

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/02/2025 13:11:19

Ethel Vázquez Mourelle na data 03/02/2025 13:11:32

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 13:11:46





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urgente para a súa resposta oral en Pleno.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de Galicia complete canto antes a xestión do seu litoral, ordenando de forma integrada a costa e ofrecendo seguridade xurídica a todos os que viven nela.

Galicia por fin poderá xestionar o seu litoral, despois de que, tras largos meses de intenso traballo e grazas á constancia do Goberno galego neste asunto prioritario para a nosa comunidade, conseguira do Goberno de España a transferencia das competencias.

O martes 17 de decembro, o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, confirmaba o acordo pechado, un punto ao que non foi doado chegar pola oposición do Goberno de Pedro Sánchez.

A primeira vez que o presidente da Xunta reclamou a transferencia a Sánchez do litoral foi en xullo do 2022, quen rexeitou tal cesión. Ante tal negativa, Galicia non se deu por vencido e en xullo de 2023, o Parlamento galego aprobou a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga), unha norma que converteu á nosa na primeira comunidade española que regulaba mediante lei o seu litoral en toda a súa extensión. É dicir, tanto mar dentro como terra dentro.

En Galicia, polo tanto, somos líderes na xestión integral da nosa costa grazas ao deseño e aprobación desta Lei.

A costa galega ordenouse desde un triplo perspectiva tal como establece a Unión Europea, é dicir, desde unha perspectiva social, económica e medioambiental.



Foi unha normativa que naceu do profundo convencemento de que o Estatuto de Autonomía outorgaba á nosa Comunidade Autónoma a competencia para lexislar sobre o noso litoral, sen necesidade de modificar o Estatuto.

Tras a súa aprobación no Parlamento de Galicia, sen un só voto en contra, foi recorrida de inconstitucionalidade polo Goberno Central, pero o Tribunal Constitucional declarou constitucionais 70 dos 72 preceptos recorridos.

É xa o momento de que se poña en práctica na súa totalidade e, por iso, tras pecharse o acordo para a transferencia das competencias, Galicia precisa agora que o Goberno central ratifique canto antes o pacto e que se traspase canto o antes posible os medios materiais e humanos precisos para exercer esta competencia -insistimos- clave para a nosa comunidade.

Temos constancia de que chegar a este fito responde única e exclusivamente a un completo traballo desenvolvido polo Goberno galego en defensa dos lexítimos intereses de Galicia e ao obxectivo que se marcou a Xunta hai meses: ordenar de forma integrada a costa, ofrecendo seguridade xurídica a todos os que viven nela. Garantindo, desta forma, a función social da costa galega. E consolidando o futuro do noso litoral, dos seus valores naturais, patrimoniais, paisaxísticos e económicos.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

- Ten constancia a o Goberno galego de cando pensa o Goberno central transferir a Galicia os medios materiais e persoais, o crédito, os expedientes e edificios e, en definitiva, os recursos necesarios para poder facer efectiva a Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/02/2025 14:32:38

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/02/2025 14:32:50





Carmen Pomar Tojo na data 03/02/2025 14:33:04

José Luis Ferro Iglesias na data 03/02/2025 14:33:15

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 14:33:29

María Deza Martínez na data 03/02/2025 14:33:40

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/02/2025 14:33:54

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/02/2025 14:34:11

Katherinie Varela Fernández na data 03/02/2025 14:34:27



Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada polo incremento continuado das lista de agarda de cidadáns que precisan das prestacións da Lei da Dependencia.

A Xunta de Galicia é coñecedora do colapso que xerou a súa xestión ao fronte da Consellería en relación ao sistema de atención á dependencia en Galicia; onde 4 mil persoas, a maioría delas da terceira idade, esperan ser valoradas?

Santiago de Compostela, a 3 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/02/2025 16:25:43

Elena Espinosa Mangana na data 03/02/2025 16:25:54



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Rio, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Victor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urgente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de avaliar as medidas dirixidas a seguir avanzando na atención ás persoas maiores e dependentes un ámbito que constitúe un dos principais retos da sociedade actual e unha prioridade para o Goberno galego.

Galicia atende a máis de 77.000 persoas en situación de dependencia recoñecida a través dos diversos recursos e prestacións dirixidas a promocionar a súa autonomía persoal e o seu benestar. Esta cifra é cinco veces superior á rexistrada en 2009, cando o número de persoas beneficiarias deste servizo non superaba as 14.000. Ademais Galicia sitúase nos primeiros postos entre as autonomías cunha *ratio* de atención do 98%

Un dos obxectivos do Goberno galego é seguir avanzando e por iso centra os seus esforzos en reducir ao máximo os tempos de agarda nos procesos de valoración da dependencia e discapacidade. Con este obxecto o Executivo autonómico vén de aprobar unha nova normativa para seguir mellorando o acceso aos servizos e prestacións.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que accións está desenvolvendo a Xunta de Galicia para reducir os tempos de agarda da dependencia?

Santiago de Compostela, 03 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Raquel Arias Rodríguez na data 03/02/2025 17:36:39

Paula Prado del Rio na data 03/02/2025 17:36:53

Alberto Pazos Couñago na data 03/02/2025 17:37:06

Noelia Pérez López na data 03/02/2025 17:37:18

Ethel Vázquez Mourelle na data 03/02/2025 17:37:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 17:37:49

Víctor Baladrón Lamas na data 03/02/2025 17:38:02

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 17:38:15

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/02/2025 17:38:52

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/02/2025 17:39:08

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 17:39:51



Á Mesa do Parlamento

Cristina San Arias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González e José Alberto Pazos Couñago, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urgente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo impacto que provoca na financiación das administracións territoriais a non actualización das entregas da conta en 2025

En xaneiro de 2020 perante unha situación inédita daquela de sobre prorroga orzamentaria, o Goberno de España, segundo indicaba a Ministra Montero “ha elegido la fórmula más ventajosa para las Administraciones Territoriales dentro de las posibilidades que ofrece el ordenamiento jurídico actual en una muestra más de su compromiso con la financiación autonómica y de los servicios públicos esenciales como la educación, la sanidad o los servicios sociales”.

Para elo o Consello de Ministros adopta un Acordo sobre os criterios de aplicación da prorroga orzamentaria no reparto das entregas a conta das Comunidades Autónomas e as Entidades Locais correspondentes a 2020. Deste xeito, as entregas a conta comunicadas inicialmente ás Comunidades Autónomas para ese exercicio ascenderon a 103.000 millóns de euros, un 5% máis que as comunicadas inicialmente no 2019.

A Ministra de Facenda e portavoz do Goberno, María Jesús Montero, explicou que os cálculos para as entregas a conta, que serían aplicables durante os primeiros meses de 2020 ata a aprobación duns novos Orzamentos Xerais do Estado, tomarían como base as referencias xa empregadas nas entregas a conta actualizadas de 2019. Cómpre lembrar que os anticipos víronse afectados o pasado exercicio pola falla de Orzamentos. Para paliar este problema e garantir a prestación de servizos públicos fundamentais, o Ministerio de Facenda aprobara o 11 de outubro un Real Decreto-Lei que, por vez primeira vez, permitía actualizar eses importes pese á prorroga das contas públicas.





Así, para os anticipos de 2020 utilizárase como base de cálculo o importe actualizado de 2019, en lugar dos valores da prórroga de 2018, que serían menores. Deste xeito, se consolidan os niveis de financiamento que recibiron no 2019 e conséguese que as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais manteñan niveis semellantes aos resultados das entregas a conta actualizadas de 2019; “Una decisión que permite aliviar la situación de la tesorería de las Comunidades Autónomas y Entidades Locales y muestra la sensibilidad del Gobierno con unos servicios públicos de calidad”, afirmaba o Goberno central.

Agora, cinco anos despois o Sr. Sánchez consegue que o inédito se repita, dous anos encadeados sen ser quen de aprobar uns Orzamentos, pero a receita que permitía “aliviar a situación da tesourería das Comunidades Autónomas e Entidades Locais e mostra a sensibilidade do Goberno cuns servizos públicos de calidade” xa non lle vale.

En efecto, o pasado 23 de decembro o Goberno en vez de aprobar a actualización das entregas a conta do sistema de financiación autonómica mediante un acordo do Consello de Ministros ao abeiro das previsóns do RDL 4/2024, polo que se actualizaban as entregas a conta do sistema de financiación autonómica para 2024, decide incluírlas nun decreto ómnibus xunto con outras 91 materias que nada tiñan que ver co financiamento dos servizos públicos básicos dos galegos. E isto para que?, para empregar a liquidez das administracións territoriais e o normal funcionamentos dos servizos públicos como moeda de troco de outras medidas que o Sr. Sánchez comprometeu cos seus socios de goberno.

A non aprobación de esta medida afecta a todas as administracións territoriais e no caso do goberno galego as entregas a conta minóranse en 700 millóns respecto ás que nos comunicaron a comezos de este ano.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿Como valora o Goberno de Galicia a actuación do Goberno Central no relativo á actualización das entregas a conta, mudando discrecionalmente de criterio para tentar forzar a aprobación das medidas exixidas polos seus socios?

Santiago de Compostela, 03 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Cristina Sanz Arias na data 03/02/2025 17:41:37

Gonzalo Trenor López na data 03/02/2025 17:42:01

Manuel Santos Costa na data 03/02/2025 17:42:12

Juan Manuel Casares Gándara na data 03/02/2025 17:42:32

Miguel Fidalgo Iglesias na data 03/02/2025 17:42:42

Julio García Comesaña na data 03/02/2025 17:42:49

Patricia García González na data 03/02/2025 17:43:05

Alberto Pazos Couñago na data 03/02/2025 17:43:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para garantir o mantemento e conservación das pallozas de Piornedo.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada pola situación na que se atopan as pallozas de Piornedo, declaradas Ben de Interese Cultural (BIC).

Exposición de motivos

En 2010 o Partido Popular decidiu suprimir a liña de axudas que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) dedicaba ao mantemento e rehabilitación das pallozas. Isto supuxo un duro golpe para as persoas propietarias destas construcións tradicionais, de orixe celta, e especialmente para as pallozas de Piornedo, declaradas Ben de Interese Cultural.

As características das pallozas –especialmente o teito natural con palla de centeo-- esixe dun importante traballo de conservación que, além do máis, resulta cada vez máis dificultoso no acceso aos materiais e á man de obra cualificada para o levar a cabo.

Malia as denuncias e sinais de alarma lanzadas pola veciñanza e as persoas propietarias, o Goberno galego non dispuxo ningún tipo de axuda para levar a cabo os labores de recuperación cada vez más custosas e complexas pola escaseza mesmo de profesionais con coñecementos para levalas a cabo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que a Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza sinala a Xunta como máxima responsábel da súa salvagarda e titular exclusiva desta competencia. Neste senso, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que as actuacións non poden continuar a ser meros parches nin levarse a cabo cando o deterioro está moi avanzado senón que cómpren medidas progresivas que garantan un estado de conservación óptimo ao longo de todo o ano.

Nas últimas semanas e por mor da concatenación de diversas e intensas treboadas, a situación das pallozas empeorou notablemente o que fixo erguer a voz de alarma entre as persoas propietarias.

Cómpre lembrar que as pallozas son un ben colectivo –declarado BIC-- e polo tanto patrimonio colectivo do pobo galego, polo que a Xunta de Galiza é responsábel da súa conservación.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Vai artellar a Xunta de Galiza algunha medida dirixida a garantir o mantemento e conservación das pallozas de Piornedo?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2025 18:09:01





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 18:20:02
Nº Rexistro: 19219
Data envío: 03/02/2025 18:20:02.698

Á MESA DO PARLAMENTO

José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, como valora vostede os problemas de acceso aos dereitos que se dan en Galicia especialmente nas poboacións con maiores dificultades?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 03/02/2025 17:54:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr. Rueda, vai desistir de impoñer a bomba ambiental de Altri?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025


Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/02/2025 18:21:40





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

